

# Programación do Departamento de Inglés da EOI de Lugo

## Curso 2023-2024

---

A presente programación foi elaborada polos membros do Departamento de Inglés baixo a supervisión da Xefatura de Departamento:

Ana Álvarez Meira

Rosario Carracedo Varela

Ana María Corredoira Loureiro

Gema Fernández Bermúdez

Ángeles Fernández Mouriz

Fátima Fugarolas López

Teresa García Rodríguez

Verónica Gaute Montes

Antonio Iturralde Caballero

María Lama Giménez

Elena Longo González

Ana Belén López Pérez

Isabel Lorigados Díaz

Jan Albin Muza Pieper

Elia Pérez Pérez

Eva Piñeiro Janeiro

Paola Sepúlveda Viera

Lugo, 30 de outubro de 2023

Asdo. Verónica Gaute Montes

Xefatura de Departamento

## INDICE

1.INTRODUCCIÓN.....	4
2.NIVEL BÁSICO (A1)	
2.1.Introducción ao nivel.....	7
2.2.Actividades de comprensión de textos orais .....	7
2.3.Actividades de producción e coprodución de textos orais.....	10
2.4.Actividades de comprensión de textos escritos.....	13
2.5.Actividades de producción e coprodución de textos escritos .....	15
2.6.Actividades de mediación.....	18
2.7.Mínimos esixibles .....	19
2.8.Temporalización.....	20
3.NIVEL BÁSICO (A2)	
3.1.Introducción ao nivel.....	27
3.2.Actividades de comprensión de textos orais.....	27
3.3.Actividades de producción e coprodución de textos orais.....	30
3.4.Actividades de comprensión de textos escritos.....	34
3.5.Actividades de producción e coprodución de textos escritos .....	37
3.6.Actividades de mediación.....	41
3.7.Mínimos esixibles .....	42
3.8.Temporalización.....	43
4.NIVEL INTERMEDIO (B1)	
4.1.Introducción ao nivel.....	49
4.2.Actividades de comprensión de textos orais.....	50
4.3.Actividades de producción e coprodución de textos orais.....	54
4.4.Actividades de comprensión de textos escritos.....	59
4.5.Actividades de producción e coprodución de textos escritos .....	63
4.6.Actividades de mediación.....	67
4.7.Mínimos esixibles .....	68
4.8.Temporalización.....	70
5.NIVEL INTERMEDIO (B2)	
5.1.Introducción ao nivel.....	74
5.2.Actividades de comprensión de textos orais.....	75
5.3.Actividades de producción e coprodución de textos orais.....	78
5.4.Actividades de comprensión de textos escritos.....	82
5.5.Actividades de producción e coprodución de textos escritos .....	85
5.6.Actividades de mediación.....	88
5.7.Mínimos esixibles .....	89
5.8.Temporalización do nivel B2.1 modalidade presencial.....	91
5.9.Temporalización do nivel B2.1 modalidade semipresencial.....	97
5.10.Temporalización do nivel B2.2 modalidade presencial.....	101
5.11.Temporalización do nivel B2.2 modalidade semipresencial.....	107
6.NIVEL AVANZADO (C1)	
6.1.Introducción ao nivel.....	138
6.2.Actividades de comprensión de textos orais.....	140
6.3.Actividades de producción e coprodución de textos orais.....	143
6.4.Actividades de comprensión de textos escritos.....	148
6.5.Actividades de producción e coprodución de textos escritos .....	152
6.6.Actividades de mediación.....	156
6.7.Mínimos esixibles .....	157
6.8.Temporalización do nivel C1.1 modalidade presencial.....	160
6.9.Temporalización do nivel C1.1 modalidade semipresencial.....	169
6.10.Temporalización do nivel C1.2 modalidade presencial.....	193
6.11.Temporalización do nivel C1.2 modalidade semipresencial.....	202

7.NIVEL AVANZADO (C2)	
7.1.Introdución ao nivel.....	229
7.2.Actividades de comprensión de textos orais.....	230
7.3.Actividades de produción e coprodución de textos orais.....	233
7.4.Actividades de comprensión de textos escritos.....	236
7.5.Actividades de produción e coprodución de textos escritos .....	239
7.6.Actividades de mediación.....	242
7.7.Mínimos esixibles .....	243
7.8.Temporalización do nivel C2 modalidade presencial.....	246
7.9.Temporalización do nivel C2 modalidade semipresencial.....	252
8. PROGRAMA THAT'S ENGLISH.....	281
9. OUTROS CURSOS.....	282
10. METODOLOXÍA.....	295
11. RECURSOS.....	296
12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	297
13. AVALIACIÓN.....	298
14. AUXILIAR DE CONVERSACIÓN.....	305
15. ACTIVIDADES.....	305
16. PLAN ANUAL DE LECTURA.....	305
ANEXO I – Bibliografía.....	323
ANEXO II – Horarios do profesorado .....	325
ANEXO III – Horario do auxiliar de conversación.....	331

# 1. INTRODUCCIÓN

---

O obxectivo principal desta programación é o de servir de guía a todos os membros do departamento e a todo o alumnado do centro con respecto a diversas cuestións: organización do departamento, oferta docente, materiais, metodoloxía, obxectivos, contidos e avaliación de cada curso ou nivel.

A finalidade unificadora deste documento non entra en conflito coa liberdade do profesorado para organizar a súa docencia como estime oportuno ou para atender a cada alumno/a nas súas necesidades concretas, sempre que se respecten os contidos mínimos de cada curso e as indicacións reflectidas nesta programación.

## 1.1. Marco legal

A presente programación está baseada na seguinte lexislación:

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de Galicia no curso 2023/24.
- Instrución 6/2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional sobre a organización dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das ensinanzas de inglés de réxime especial na modalidade de educación a distancia, mediante o programa That's English! para o curso 2023/24.

## 1.2. Contexto educativo

### Centro

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo está situada na zona sur da cidade Lugo que ten unha poboación de aproximadamente 90.000 habitantes. A maior parte da poboación dedícase ó sector terciario prestando servizos tanto no ámbito público (educación, sanidade, administración) como privado (comercio, hostalaría). O resto da poboación distribúese entre o primario (gandería, agricultura e pesca) e o secundario (industria alimentaria). Ademais o emprazamento de varias facultades da universidade de Santiago de Compostela na cidade de Lugo fai aumentar a poboación estudantil.

O centro oferta cursos dos seguintes idiomas: Alemán, Chino, Francés, Galego, Inglés, Italiano e Portugués. Hai grupos dende as 9h ata as 22h para dar servizo tanto a traballadores como a desempregados, funcionarios, xubilados e estudantes.

## **Alumnado**

O alumnado que estuda inglés é diverso. Están representados todos os sectores de poboación mencionados anteriormente. A franxa de idade do alumnado vai dende os 14 anos ata os 70. Ademais dos habitantes da cidade de Lugo, tamén asisten a clase habitantes doutras zonas limítrofes.

A sección de Sarria, situada a máis de 30km de Lugo, creouse para dar servizo ó alumnado da súa zona de influencia.

## **Departamento de inglés**

Durante o curso 2023-2024, na modalidade presencial impártense os niveis Básico A1 e A2, Intermedio B1, B2.1 e B2.2 e Avanzado C1.1, C1.2 e C2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER); dous cursos na modalidade semipresencial de B2.1; dous cursos na modalidade semipresencial de B2.2, dous cursos na modalidade semipresencial de C1.1, dous cursos na modalidade semipresencial de C1.2 e un curso na modalidade semipresencial de C2; dous Cursos de Actualización Lingüística e Comunicativa (CALC) para profesorado dos niveis B2 e C1 na modalidade semipresencial; dous cursos de Produción e Coprodución oral dos niveis B2 e C1 para o profesorado; así como 6 obradoiros de expresión oral e mediación de niveis básico A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1. Tamén se impartirán os niveis Básico A2.1, A2.2, A2.3, e A2.4, Intermedio B1.1, B1.2, B2.1, B2.2, B2.3 e B2.4, Avanzado C1.1 e C1.2 na modalidade a distancia de *That's English!*. Por último, o alumnado libre poderá realizar as probas de certificación correspondentes aos niveis Básico A2, Intermedio B1 e B2, Avanzado C1. As instrucións cos requisitos e información sobre as convocatorias publícanse cada ano no período de matrícula para estas probas.

Na sección Sarria ofértase do nivel A1 ó C1.1.

O departamento conta con 15 profesores en Lugo, 2 en Sarria e un auxiliar lingüístico.

## **Coordinacións**

No departamento de inglés hai coordinadores para cada un dos cursos impartidos, así como un coordinador do programa *That's English!*

É competencia da persoa coordinadora de curso:

- Coordinar a elaboración da programación didáctica do curso e propoñela para formar parte da programación didáctica do departamento.
- Coordinar o establecemento de criterios para a elaboración das programacións de aula e velar por que estas se axusten ao establecido na programación didáctica de curso.
- Elaborar protocolos de seguimento da programación didáctica do curso.
- Coordinar a elaboración, administración e avaliación das probas que corresponda, segundo as directrices establecidas polo departamento e, se é o caso, pola consellería competente en materia de educación.
- Responsabilizarse da elaboración, administración e arquivo dun banco de actividades do curso que coordina, segundo as directrices establecidas polo departamento.
- Elaborar a memoria anual do curso que coordina para que se incorpore á memoria anual do departamento, propoñendo as melloras que corresponda e os materiais didácticos máis adecuados para a programación do curso seguinte.

- Asumir a coordinación das probas de certificación, cando non exista un responsable desta función.
- Asesorar ao profesorado de nova incorporación, que imparta docencia no curso, no ámbito das súas funcións.
- Levantar acta das súas reunións de coordinación.

O departamento establece, ademais das xa descritas, as seguintes funcións básicas da figura do coordinador:

- Suxerir o ritmo a seguir e as tarefas en relación cos libros de lectura, en caso de habelos.
- Asegurarse de que quede no departamento unha copia de todos os exames que se confeccionen ao longo do curso.
- Velar pola elaboración dos exames de progreso e promoción dos distintos grupos de traballo, e responsabilizarse de que estas probas se elaboren de acordo coas directrices elaboradas polo departamento e, se é o caso, pola consellería competente en materia de educación.
- Fotocopiar os exames e deixar unha versión dixital a disposición de todo o profesorado coa suficiente anticipación. Prepararán os materiais incluíndo, ademais do exame, papel branco co selo da Escola para usar como borrador, e copias de xustificantes por se os alumnos os solicitan.
- Convocar as reunións que consideren oportunas para o bo desenvolvemento do curso.
- Orientar ó auxiliar de conversación sobre as actividades a realizar nos diferentes niveis.
- Colaborar coa xefa de departamento en aquelas tarefas que lle encomende dentro do ámbito das súas competencias.

As coordinadoras son os seguintes:

- A1: María Lama Giménez
- A2: Teresa García Rodríguez
- B1: Gema Fernández Bermúdez
- B2.1: Elena Longo González
- B2.2: Rosario Carracedo Varela
- C1.1: Ana Álvarez Meira
- C1.2: Paola Sepúlveda Viera
- C2: Eva Piñeiro Janeiro
- That's English: Ana Belén López Pérez

## 2. NIVEL BÁSICO (A1)

---

### 2.1. Introducción ao nivel.

As ensinanzas do **nivel básico A1** teñen por obxecto capacitar o alumnado para desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Este nivel de uso do idioma permitirá, igualmente, actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

Con este fin, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A1, o alumnado será capaz de:

– Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, en situacións en que se utilicen frases moi sinxelas e habituais referidas a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.

– Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por outros medios técnicos, textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.

– Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos moi breves e sinxelos claramente estruturados, en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.

– Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

– Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter moi habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiás ou con información persoal moi básica.

### 2.2. Actividades de comprensión de textos orais.

#### 2.2.1. Obxectivos.

Comprender o esencial en situacións en que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude e con claridade. Seguir un texto breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no cal se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.



Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade.

## **2.2.2. Competencias e contidos.**

### **2.2.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e socio lingüísticos relativos á vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, transporte...); ás relacións persoais (estrutura e relacións sociais e familiares); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá).

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

### **2.2.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.
- Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.
- Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.
- Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.

### **2.2.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua oral:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, solicitarlle axuda a esta para facilitar a comprensión (p. ex. falar devagar, soletrear, repetir), preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Información xeral: pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades; preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa; indicar posesión, indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes.
- Opinións e valoracións: expresar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo, satisfacción; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.

- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar sensacións físicas e sentimentos.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir axuda, obxectos e servizos; invitar, e reaccionar adecuadamente.

#### **2.2.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais moi básicos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en contextos moi habituais:

- Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais a que se enfrenta.
- Cohesión: utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa, onde se aprecia unha forte influencia da propia lingua, tanto no ritmo coma na entoación; mantemento, de forma incipiente, da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas moi sinxelas

#### **2.2.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas moi sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados e accións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción e disxunción.

#### **2.2.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Comprensión do léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

#### **2.2.2.7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.**

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

### **2.2.3. Criterios de avaliación.**

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.

- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio moi común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos máis elementais relativos á organización textual.
- Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización dos patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.
- Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

## **2.3. Actividades de produción e coprodución de textos orais.**

### **2.3.1. Obxectivos.**

Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.

Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.

Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.

Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas sempre que se fale a modo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.

Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

### **2.3.2. Competencias e contidos.**

#### **2.3.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto oral dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, transporte...); ás relacións persoais (estrutura e relacións sociais e familiares); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá).

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **2.3.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Preparar ou planificar o posible desenvolvemento do intercambio tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou acabar unha conversa breve e para pedir que lle presten atención.
- Ensañar o texto oral (gravarse, repetir termos en voz alta, empregar regras mnemotécnicas...).

- Adecuar de forma básica o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos (utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro/a...).
- Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua, pedindo ou facilitando axuda ou aclaracións cando sexa preciso.
- Efectuar, de forma básica, as repeticións, aclaracións e correccións necesarias para compensar as dificultades, rupturas e malentendidos na comunicación.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (facer ver aquilo a que quere referirse sinalándoo co dedo, usar a linguaxe corporal, usar sons onomatopéicos...).
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos (analizar a reacción do/a interlocutor/a ou da audiencia...).

### **2.3.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua oral:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, solicitarlle axuda a esta para facilitar a comprensión (p. ex. falar devagar, soletrear, repetir), preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Información xeral: pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades; indicar posesión, indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes.
- Opinións e valoracións: expresar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo, satisfacción; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.
- Estados de saúde sensacións e sentimentos: expresar sensacións físicas e sentimentos, pero non síntomas.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir axuda, obxectos e servizos; invitar, e reaccionar adecuadamente.

### **2.3.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais moi básicos propios da lingua oral á produción de textos orais monolóxicos e dialóxicos, en contextos moi habituais:

- Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais que produce.
- Cohesión: utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; mantemento, de forma incipiente, da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara

- Conversas telefónicas moi sinxelas

#### **2.3.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa, e uso de estruturas sintácticas moi sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados e accións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción e disxunción.

#### **2.3.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Coñecemento, selección e uso do léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

#### **2.3.2.7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.**

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común.

#### **2.3.3. Criterios de avaliación.**

- Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos máis elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.
- Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, utilizando unha serie de procedementos moi sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.
- Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio moi común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis elementais.
- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- Interactúa de maneira sinxela en intercambios caracterizados por intervencións moi breves e significativas, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (entoación, repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

– Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

## **2.4. Actividades de comprensión de textos escritos.**

### **2.4.1. Obxectivos.**

Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.

Comprender instrucións e indicacións breves que conteñan información moi sinxela, relacionadas con actividades e situacións cotiás, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, instrucións de aparellos de uso frecuente, menús de restaurantes, folletos...).

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.

Comprender información relevante en noticias moi breves e titulares xornalísticos que contén con apoio visual.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e lingüísticas.

### **2.4.2. Competencias e contidos.**

#### **2.4.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, transporte...); ás relacións persoais (estrutura e relacións sociais e familiares); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá).

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **2.4.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos escritos:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliación dos propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.
- Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.
- Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.
- Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.

### 2.4.2.3. Competencia e contidos funcionais.

Recoñecemento das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativo:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedir confirmación da comprensión, solicitar axuda para facilitar a comprensión, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Información xeral: pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades; preguntar ou expresar se existe algo, e se se sabe unha cousa; indicar posesión, indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes.
- Opinións e valoracións: expresar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo, satisfacción; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar sensacións físicas e sentimentos, pero non síntomas.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir axuda, obxectos e servizos; invitar, e reaccionar adecuadamente.

### 2.4.2.4. Competencia e contidos discursivos

Comprensión de modelos contextuais e patróns textuais moi básicos propios da lingua escrita, tendo presentes a súa coherencia e cohesión:

- Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos a que se enfrenta.
- Cohesión: utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos máis básicos de puntuación; mantemento, de forma incipiente, da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Formularios
- Listaxes
- Horarios
- Billetes e entradas
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Dicionarios
- Folletos informativos ou publicitarios
- Notas e mensaxes



#### **2.4.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas moi sinxelas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados e accións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción e disxunción.

#### **2.4.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Comprensión do léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

#### **2.4.2.7. Competencia e contidos ortotipográficos.**

Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas máis elementais.

#### **2.4.3. Criterios de avaliación.**

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.
- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio moi común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos máis elementais relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.
- Coñece os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso máis frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo de texto.
- Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

### **2.5. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.**

#### **2.5.1. Obxectivos.**

Completar documentos básicos en que se solicite información persoal.

Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.

Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.



Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos e elaborar estes seguindo textos modelo.

## **2.5.2. Competencias e contidos.**

### **2.5.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, transporte...); ás relacións persoais (estrutura e relacións sociais e familiares); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá).

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

### **2.5.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos escritos:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Preparar ou planificar a estrutura básica do texto tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Ensañar o texto escrito (subliñar, empregar regras mnemotécnicas...).
- Adecuar de forma básica o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos (utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro/a...).
- Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (usar sons onomatopéicos...).
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

### **2.5.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua escrita:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedir confirmación da comprensión, solicitar axuda para facilitar a comprensión, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Información xeral: pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades; preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa; indicar posesión, indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes.

– Opinións e valoracións: expresar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo, satisfacción; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.

– Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar sensacións físicas e sentimentos, pero non síntomas.

– Petición de instrucións e suxestións: pedir axuda, obxectos e servizos; invitar, e reaccionar adecuadamente.

#### **2.5.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais moi básicos propios da lingua escrita á produción e coprodución de textos:

– Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos que produce.

– Cohesión: utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos máis básicos de puntuación; mantemento, de forma incipiente, da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Formularios
- Listaxes
- Horarios
- Billetes e entradas
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Dicionarios
- Folletos informativos ou publicitarios
- Notas e mensaxes

#### **2.5.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas moi sinxelas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

– a entidade e as súas propiedades;

– o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);

– o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);

– estados e accións;

– a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;

– relacións lóxicas de conxunción e disxunción.

#### **2.5.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Coñecemento, selección e uso do léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e

profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

#### **2.5.2.7. Competencia e contidos ortotipográficos.**

Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convencións ortográficas máis elementais.

#### **2.5.3. Criterios de avaliación.**

– Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos máis elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.

– Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p. ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto.

– Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio moi común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis elementais para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

– Utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

– Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

– Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais na redacción de textos en papel ou soporte dixital.

### **2.6. Actividades de mediación.**

#### **2.6.1. Obxectivos.**

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos (carteis, folletos, formularios, correspondencia, cartas e menús de restaurantes, horarios, conversas, notas...), sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade e con repeticións.

Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas cales se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.

Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (cancións, noticias, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

#### **2.6.2. Competencia e contidos interculturais.**

Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se

eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

### 2.6.3. Criterios de avaliación.

Coñece os aspectos básicos máis xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.

Repita ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

### 2.7. Mínimos esixibles

<p>Actividades de comprensión de textos orais</p>	<p>É quen de entender o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.</p> <p>É capaz de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non.</p> <p>É quen de discriminar os patróns sonoros e de entoación de uso máis común (preguntas e exclamativas).</p> <p>É quen de apreciar os sons e a entoación máis comúns.</p> <p>É capaz de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non coñece.</p> <p>É quen de empregar estratexias para entender o esencial do texto.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	<p>É capaz de producir frases illadas moi sinxelas e de uso moi frecuente.</p> <p>Pode producir as estruturas máis sinxelas e habituais da lingua de uso cotián.</p> <p>É quen de usar expresións básicas, comunicando de xeito comprensible, con pausas, vacilacións e reformulacións.</p> <p>É quen de empregar os recursos básicos de cohesión (<i>and, or, but, because</i>).</p> <p>É capaz de empregar léxico moi básico suficiente para falar de temas moi frecuentes e necesidades moi básicas.</p> <p>É capaz de pronunciar e entoar coa claridade suficiente cun moi evidente acento estranxeiro e erros que permitan a comprensibilidade.</p> <p>É capaz de intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.</p> <p>É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un dicionario, e cometer erros.</p> <p>É quen de pronunciar e entoar de maneira suficientemente clara, aínda que cometa erros e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p> <p>É quen de actuar seguindo as normas básicas da comunidade de falantes en situacións moi frecuentes.</p>

<p>Actividades de comprensión de textos escritos</p>	<p>É quen de empregar estratexias para entender o esencial do texto.</p> <p>É capaz de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non coñece.</p> <p>É quen de entender o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.</p> <p>É capaz de recoñecer a puntuación e a ortografía máis elemental.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</p>	<p>É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos.</p> <p>É quen de empregar estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos.</p> <p>É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.</p> <p>É capaz de empregar a puntuación e a ortografía máis elemental.</p>
<p>Actividades de mediación</p>	<p>É capaz de intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.</p> <p>É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un dicionario, e cometer erros.</p> <p>É capaz de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos.</p>

## 2.8. Temporalización

### 1º CUADRIMESTRE

	1
<b>FUNCIÓNS</b>	<p>Saudar e despedirse</p> <p>Presentarse, dar información persoal</p> <p>Dicir o alfabeto, os números (0-10), os días da semana e os países</p> <p>Rexistrarse nun hotel</p> <p>Reservar unha mesa nun restaurante</p> <p>Aprender a manexar a linguaxe básica de aula</p>
<b>GRAMÁTICA</b>	Verbo <i>to be</i> ( <i>singular</i> )
<b>VOCABULARIO</b>	<p>Alfabeto</p> <p>Saúdos</p> <p>Formas de tratamento sinxelas</p> <p>Días da semana</p> <p>Países</p> <p>Números do 0 ao 10</p> <p>Linguaxe de aula</p>
<b>FONÉTICA</b>	<p>Pronuncia do alfabeto</p> <p>/h/ /aɪ/ /i:/ /i/ /əʊ/ /s/ /ʃ/</p>
<b>EXPRESIÓN</b>	Información persoal

<b>ESCRITA</b>	
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos sobre información persoal e introducións
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Saudar e despedirse Solicitar e dar información persoal Dar información persoal de outra xente
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender saúdos e presentacións Comprender conversacións curtas
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Coñecer as normas de presentación e saúdos nos países saxóns

	<b>2</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Presentarse, dar información persoal Solicitar información persoal
<b>GRAMÁTICA</b>	Verbo <i>to be</i> ( <i>plural</i> ) <i>Wh and how questions with be</i>
<b>VOCABULARIO</b>	Nacionalidades Números de teléfono Números do 11-100
<b>FONÉTICA</b>	Pronuncia de /dʒ/ /tʃ/ /ʃ/
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Información persoal Completar un formulario
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos curtos sobre información persoal
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Solicitar e dar información persoal
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender conversas sobre información persoal
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Países anglófonos

	<b>3</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Falar de pertenzas e souvenirs Falar de prezos Pedir comida e bebida nun contexto informal Facer suxerencias
<b>GRAMÁTICA</b>	Plurais A/an Have got <i>This/that- These-those</i> Expresións para as interaccións ( <i>Why don't we... Shall we... How about... Let's... It sounds good.... Sorry but...</i> )
<b>VOCABULARIO</b>	Obxectos persoais Aparellos electrónicos Souvenirs Pezos Menús Vocabulario e frases útiles para pedir comida e bebida nun contexto informal
<b>FONÉTICA</b>	Pronuncia do plural, /s/ /z/ /ð/

	Ritmo <i>/ʊə/ /s/ /k/</i>
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Completar diálogos para pedir comida e bebida
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender conversas curtas nunha tenda de souvenirs Comprender diálogos para pedir comida e bebida nun contexto informal
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Intercambiar información sobre obxectos persoais Intercambiar información sobre prezos Pedir comida e bebida nun contexto informal Planificar actividades: decidir sobre a compra dun agasallo: <i>tablet or mobile phone, shoes or dress</i>
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender conversas curtas nunha tenda de souvenirs Comprender diálogos para pedir comida e bebida nun contexto informal
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Pubs ingleses e delis americanos

	<b>4</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Falar da familia e amigos Expresar posesión Falar de posesións Falar de preferencias Describir a unha persoa Falar de como te sintes Describir vestimentas
<b>GRAMÁTICA</b>	Verbo <i>have got</i> Xenitivo saxón Adxectivos posesivos Adxectivos <i>Can (ability)</i>
<b>VOCABULARIO</b>	A familia Animais domésticos Cores Descrición física e personalidade Saúde e coidados físicos básicos Partes do corpo Vestimenta
<b>FONÉTICA</b>	<i>/æ/ /ə/</i> <i>Linking</i> <i>/ɑ:/ /ɔ:/</i>
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un e-mail describindo unha familia Describir persoas e mulleres importantes
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos escritos sobre a familia Comprender textos orais sobre posesións
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar sobre a familia e os amigos Describir persoas e falar de mulleres importantes Falar de coches Falar de preferencias Falar de como te sintes
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender textos orais sobre a familia Comprender textos orais sobre posesións

<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	As familias nos países anglosaxóns e os roles familiares
	<b>5</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Falar sobre comidas e bebidas Falar sobre as viaxes e os medios de transporte Expresar as preferencias Dar e entender as horas
<b>GRAMÁTICA</b>	Presente simple (afirmativo, interrogativo e negativo; <i>I, you, we, they</i> ) Pronomes suxeito
<b>VOCABULARIO</b>	Vocabulario sobre a comida e bebida Verbos básicos de accións e vida cotiá Vocabulario básico sobre aeroportos Vocabulario básico para dicir a hora
<b>FONÉTICA</b>	Pronuncia dos sons: /dʒ/, /g/, /w/, /v/, /b/, /f/, /j/ e /ə/
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Describir e dar a opinión sobre os hábitos alimentarios en formato de e-mail a un amigo
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos escritos e diálogos sobre os hábitos alimentarios e diferentes situacións nunha viaxe.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Dar a opinión sobre os hábitos alimentarios Planificar actividades: acordar unha comanda de comida e bebida partindo dun menú
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Entender os hábitos e rutinas alimentarias persoais
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Costumes, tradicións e diferentes horarios culinarios segundo o país

	<b>6</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Dar información persoal e falar do traballo Solicitar información persoal
<b>GRAMÁTICA</b>	Presente simple. <i>he, she e it</i> . Adverbios de frecuencia.
<b>VOCABULARIO</b>	Traballos e lugares de traballo. Rutinas diarias
<b>FONÉTICA</b>	Pronuncia da 3ª persoa de singular. Rítmico /j/ /ju: /
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Describir a rutina diaria incluído a laboral. Escribir un e-mail informal sobre a rutina diaria dirixido a un amigo
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos curtos sobre rutinas diarias e laboral
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Solicitar e dar información sobre rutinas diarias e laboral
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender conversas sobre rutinas diarias e laboral
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Diferentes horarios de traballo e rutinas diarias segundo o país Palabras de xénero neutral para falar sobre as profesións



## 2º CUADRIMESTRE

	<b>7</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Falar do fin de semana Falar dos tipos de películas e programas de TV Dar unha data
<b>GRAMÁTICA</b>	Orde das palabras nas frases interrogativas. (Verbo to be ) Imperativos. Pronomes obxecto
<b>VOCABULARIO</b>	Tempo libre Tipos de películas e programas de TV, datas e celebracións Números ordinais, meses do ano Estacións do ano
<b>FONÉTICA</b>	/w/, /h/, /eə/ e /aʊ/ Ritmo
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Completar diálogos sobre o tempo libre Escribir un <i>post</i> sobre os teus programas de TV favoritos
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender conversas curtas sobre o tempo libre. Comprender diálogos relacionados co tempo libre.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Intercambiar información sobre o tempo libre, os tipos de películas e os programas de TV. Intercambiar información sobre actividades de tempo libre. Planificar actividades de lecer no fin de semana
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender conversas curtas sobre o tempo libre. Comprender diálogos relacionados co tempo libre.
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Celebracións máis típicas nos países anglosaxóns

	<b>8</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Falar de actividades de lecer Expresar os gustos e as preferencias Falar das habilidades Falar de preferencias
<b>GRAMÁTICA</b>	Verbos <i>can / can't</i> Verbos <i>like, love, hate</i>
<b>VOCABULARIO</b>	Verbos básicos que expresan acción Accións de lecer
<b>FONÉTICA</b>	/e/ /æ/ <i>Linking</i> /ɑ:/, /ʊ/ /u:/, /fj/
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir pequenas instrucións ou normas Responder preguntas curtas sobre preferencias relacionadas coas actividades de lecer Escribir un e-mail sobre o que che gusta facer no teu tempo libre
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos escritos sobre actividades de lecer Comprender textos orais sobre o tempo libre e as normas xerais
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar sobre actividades de lecer Falar do tempo libre Falar de preferencias Pedir información sobre servizos públicos no estranxeiro Planificar actividades de lecer

<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender textos orais sobre o tempo libre Comprender textos orais sobre as actividades de lecer
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	As diferentes normas nos países anglosaxóns

	<b>9</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Invitacións e ofrecementos
<b>GRAMÁTICA</b>	Presente continuo Presente continuo vs presente simple
<b>VOCABULARIO</b>	Viaxes , ocio Traballo
<b>FONÉTICA</b>	/e/ /u:/ /æ/ /əu/ /au/ /i:/ Ritmo
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	E-mail para invitar a alguén a facer algo
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender diálogos sobre o que está a acontecer. Comprender un texto sobre actividades cotiás relacionadas co traballo.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar sobre actividades cotiás relacionadas co traballo. Falar do que está a acontecer no momento Falar sobre viaxes Planificar viaxes
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender conversas sobre o que está a acontecer no momento. Comprender conversas sobre actividades cotiás relacionadas co traballo
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Diferentes tipos de ocio

	<b>10</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Falar sobre viaxes e vacacións Falar do clima Describir o teu fogar
<b>GRAMÁTICA</b>	<i>There is, there are</i> Preposicións de lugar Pasado Simple verbo <i>to be</i> <i>Be going to</i>
<b>VOCABULARIO</b>	Aloxamento Equipaxe Áreas e servizos básicos nos aeroportos Clima Fogar: habitacións, mobles e partes da casa Plantas Frases para describir lugares
<b>FONÉTICA</b>	<i>Near vs there /iə/ /eə/</i> <i>Was vs were</i> Ritmo
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un e-mail contándolle a alguén as túas vacacións Describir o teu fogar
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender un texto con información turística. Comprender un diálogo nun hotel. Comprender anuncios de aluguer sinxelos

<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar sobre a colocación dos obxectos. Falar do que se fixo nun tempo pasado a unha hora determinada Falar de vivendas Planificar viaxes
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender unha entrevista sobre datos persoais Comprender a descrición dun edificio Comprender a descrición dunha vivenda
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Lugares de interese turístico en países anglosaxóns Aeroportos Horarios no Reino Unido e EEUU Tipos de casas máis comúns no Reino Unido

	<b>11</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Falar do que se fixo durante o día. Dar a entender direccións Falar da escola
<b>GRAMÁTICA</b>	Pasado Simple, verbos regulares. Pasado Simple dos verbos irregulares.
<b>VOCABULARIO</b>	<i>Verb phrases</i> con <i>get, go, have, do</i> Preposicións de lugar Asignaturas Bens e servizos públicos (bancos, policía, correos,...)
<b>FONÉTICA</b>	Ritmo <i>/t/ /d/</i>
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un <i>post</i> sobre o mellor fin de semana da túa vida
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender un texto sobre a vida nun país estranxeiro Comprender un texto no que se relata o que aconteceu no día
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar do que se fixo nas diferentes partes do día Falar da túa escola
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender unha conversa onde se relata o que se fixo durante o día
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Emigrar: a vida noutros países

	<b>12</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Convidar a alguén, aceptar e rexeitar unha invitación Expresar opinión Falar sobre eventos pasados.
<b>GRAMÁTICA</b>	Pasado Simple. Verbos irregulares e regulares
<b>VOCABULARIO</b>	Verbos irregulares
<b>FONÉTICA</b>	Pronunciación de <i>/ed/</i> Revisión de sonidos vocálicos
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un <i>post</i> cunha anécdota nunha viaxe
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender unha historia sobre un encontro
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Relatar eventos do pasado
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender unha conversa entre dúas persoas que se acaban de coñecer
<b>CONTIDO</b>	Partes de Londres.

### 3. NIVEL BÁSICO (A2)

---

#### 3.1. Introducción ao nivel.

As ensinanzas do nivel básico A2 teñen a finalidade de capacitar o alumnado para levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

Con esta finalidade, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro, que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A2, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións ou reformulacións.
- Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiás, especialmente se contan con apoio visual.
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos breves e sinxelos sobre aspectos cotiás e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.
- Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiás ou con información persoal básica.

#### 3.2. Actividades de comprensión de textos orais.

##### 3.2.1. Obxectivos.

- Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas con que se estea moi familiarizado/a sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.
- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiás que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.

- Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.
- Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
- Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

### **3.2.2. Competencias e contidos.**

#### **3.2.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...); ás relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais...); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, tabús, vestiario...).

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **3.2.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.
- Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.
- Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.
- Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.

#### **3.2.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua oral:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha

información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.

– Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

– Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.

– Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.

– Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.

– Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

#### **3.2.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en contextos moi habituais:

– Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais a que se enfrenta; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co interlocutor ou coa interlocutora (tratamentos, xestos e actitudes).

– Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas sinxelas
- Instrucións e anuncios
- Presentacións públicas

#### **3.2.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

– a entidade e as súas propiedades;

– o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);

– o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);

– estados, eventos, accións, procesos e realizacións;

- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **3.2.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Comprensión do léxico oral básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

#### **3.2.2.7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.**

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

#### **3.2.3. Criterios de avaliación.**

Cofece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións interpersoais, á quinésica e á proxémica, aos costumes e aos valores, e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.

Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como patróns discursivos básicos relativos á organización textual.

Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.

Recoñece sen dificultade léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses, e pode inferir do contexto e do cotexto, xeralmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e recoñece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles.

### **3.3. Actividades de produción e coprodución de textos orais.**

#### **3.3.1. Obxectivos.**

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Descibir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos e das oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais en relación con asuntos cotiáns; e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou suxestións sobre un tema coñecido.

Solicitar a colaboración do/a interlocutor/a e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

### **3.3.2. Competencias e contidos.**

#### **3.3.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto oral dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...); ás relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais etc.); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, tabús, vestiario...).

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **3.3.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Preparar ou planificar o posible desenvolvemento do intercambio tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou acabar unha conversa breve e para pedir que lle presten atención.
- Ensañar o texto oral (gravarse, repetir termos en voz alta, empregar regras mnemotécnicas...).
- Adecuar de forma básica o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos (utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro/a...).
- Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua, pedindo ou facilitando axuda ou aclaracións cando sexa preciso.
- Efectuar, de forma básica, as repeticións, aclaracións e correccións necesarias para compensar as dificultades, rupturas e malentendidos na comunicación.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (facer ver aquilo ao que quere referirse sinalándoo co dedo, usar a linguaxe corporal, usar sons onomatopéicos...).



– Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos (analizar a reacción do/a interlocutor/a ou da audiencia...).

### **3.3.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua oral:

– Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.

– Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

– Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.

– Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.

– Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.

– Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

### **3.3.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua oral á produción de textos monolóxicos e dialóxicos, en contextos moi habituais:

– Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais que produce; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co/a interlocutor/a (tratamentos, xestos e actitudes).

– Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas sinxelas
- Instrucións e anuncios
- Presentacións públicas

### **3.3.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movementos, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

### **3.3.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Coñecemento, selección e uso do léxico oral básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e cuidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

### **3.3.2.7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.**

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común.

### **3.3.3. Criterios de avaliación.**

- Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.
- Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.
- Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos básicos.
- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- Interactúa de maneira sinxela en intercambios caracterizados por intervencións breves e significativas, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas moi habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (entoación, repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co

pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

– Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración do interlocutor ou da interlocutora.

### **3.4. Actividades de comprensión de textos escritos.**

#### **3.4.1. Obxectivos.**

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos sinxelos, en lingua estándar e relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

Comprender o sentido xeral e identificar información relevante en textos xornalísticos breves e sinxelos, que describan feitos e acontecementos coñecidos, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender textos instrutivos, argumentativos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

#### **3.4.2. Competencias e contidos.**

##### **3.4.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...); ás relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais etc.); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, tabús, vestiario...).

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

##### **3.4.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos escritos:

– Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.

– Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.

– Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).

– Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.

– Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.

- Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.

#### **3.4.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Recoñecemento das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.
- Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.
- Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

#### **3.4.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Comprensión de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua escrita:

- Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos a que se enfronta; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co/a interlocutor/a (tratamentos, xestos e actitudes).
- Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos básicos de puntuación; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Horarios
- Billetes e entradas
- Anuncios publicitarios
- Formularios
- Listaxes

- Etiquetas de produtos e embalaxes
- Dicionarios
- Folletos informativos ou publicitarios
- Biografías
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Axendas e diarios
- Textos sinxelos e breves
- Informacións meteorolóxicas
- Notas e mensaxes
- Instrucións sinxelas
- Programacións de radio e televisión
- Receitas de cociña moi sinxelas
- Carteleiras de espectáculos

#### **3.4.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas moi sinxelas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **3.4.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Comprensión do léxico escrito básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

### **3.4.2.7. Competencia e contidos ortotipográficos.**

Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas de uso máis común.

### **3.4.3. Criterios de avaliación.**

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto.
- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos básicos relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.
- Coñece os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo de texto.
- Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

## **3.5. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.**

### **3.5.1. Obxectivos.**

Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos relacionados con temas cotiáns.

Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal e na cal se expresen sentimentos, opinións, reaccións e actitudes, ou se solicite ou ofrezca un servizo ou información, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos e organizar estes de acordo con textos modelo.

### **3.5.2. Competencias e contidos.**

#### **3.5.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...); ás condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...); ás relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais etc.); á linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...) e ás convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, tabús, vestiario...).

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

### **3.5.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos escritos:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Preparar ou planificar a estrutura básica do texto tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Ensañar o texto escrito (subliñar, empregar regras mnemotécnicas...).
- Adecuar de forma básica o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos (utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro/a...).
- Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (usar sons onomatopéicos...).
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

### **3.5.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua escrita:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incomprensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.
- Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.
- Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

### 3.5.2.4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua escrita á produción e coprodución do texto:

– Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos que produce; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co/a interlocutor/a (tratamentos, xestos e actitudes).

– Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos básicos de puntuación; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Horarios
- Billetes e entradas
- Anuncios publicitarios
- Formularios
- Listaxes
- Etiquetas de produtos e embalaxes
- Dicionarios
- Folletos informativos ou publicitarios
- Biografías
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Axendas e diarios
- Textos sinxelos e breves
- Informacións meteorolóxicas
- Notas e mensaxes
- Instrucións sinxelas
- Programacións de radio e televisión
- Receitas de cociña moi sinxelas
- Carteleiras de espectáculos



### **3.5.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa, e uso de estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

### **3.5.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Coñecemento, selección e uso do léxico escrito básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

### **3.5.2.7. Competencia e contidos ortotipográficos.**

Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convencións ortográficas fundamentais.

### **3.5.3. Criterios de avaliación.**

- Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.
- Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos escritos moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, p. ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto.
- Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis básicos para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.
- Utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común na redacción de textos en papel ou soporte dixital.

### **3.6. Actividades de mediación.**

#### **3.6.1. Obxectivos.**

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos (carteis, folletos, formularios, instrucións, correspondencia, etiquetas, anuncios, conversas, presentacións, noticias...), sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, coma mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

Mediar en situacións moi cotiáns, nas cales o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

Resumir brevemente os puntos máis importantes e a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en exposicións moi breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa familiar e predicible e se lle poidan pedir aclaracións á persoa relatora

#### **3.6.2. Competencia e contidos interculturais.**

Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **3.6.3. Criterios de avaliación.**

Cofece os aspectos básicos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe aos receptores e as receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

### 3.7. Mínimos esixibles

<p>Actividades de comprensión de textos orais</p>	<p><b>Comprende</b> os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma</p> <p><b>Recoñece</b> o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal.</p> <p><b>Discrimina</b> os patróns sonoros e de entoación de uso máis común (preguntas e exclamativas).</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras (<i>and, or, but, because</i>).</p> <p><b>Manexa</b> expresións sinxelas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas e reformulacións.</p> <p><b>Interactúa</b> de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	<p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando expresións temporais sinxelas, aínda ue pode presentar incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Pronuncia e entoa</b> de maneira suficientemente clara, aínda que cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p>
<p>Actividades de comprensión de textos escritos</p>	<p><b>Sabe aplicar</b> as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.</p> <p><b>Comprende</b> o léxico escrito mais básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal.</p> <p><b>Recoñece</b> as convencións de formato, tipográficos, ortográficas e de puntuación máis elementais.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</p>	<p><b>Produce</b> textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns: <i>and, or, but, because</i>).</p> <p><b>Utiliza</b> adecuadamente o léxico escrito básico necesario en cada situación comunicativa para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal,</p>

	<p>aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Manexa</b> as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>
Actividades de mediación	<p><b>É capaz</b> de actuar tendo en conta os aspectos culturais básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p><b>Identifica</b> a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións, e poida cometer erros.</p> <p><b>Repite</b> o dito para facer máis comprensible a mensaxe.</p> <p><b>Toma notas</b> moi breves coa información que quere trasladar aos destinatarios.</p>

### 3.8. Temporalización

#### 1º CUADRIMESTRE

UNIT 1	THAT'S ME!
<b>FUNCIÓNS</b>	<p>Usos sociais da lingua: saudar, despedirse, dirixirse a alguén, agradecer. Presentarse, presentar a alguén</p> <p>Dar información persoal, interesarse por persoas</p> <p>Dicir o alfabeto, os números, os días da semana, os meses e os países</p> <p>Aprender a manexar a linguaxe básica de aula Preguntar o significado dunha palabra/expresión Indicar posesión</p> <p>Facer peticións e ofrecementos Expresar estados de ánimo</p> <p>Rexistrarse nun hotel</p>
<b>GRAMÁTICA</b>	<p>Pronomes suxeito</p> <p><i>To be</i></p> <p><i>Have got</i></p> <p>Os demostrativos</p> <p>Os posesivos</p> <p><i>Can I have...?</i></p> <p>Adxectivos modificadores</p> <p>Imperativo</p> <p>Singular e plural dos nomes</p>
<b>VOCABULARIO</b>	<p>Alfabeto</p> <p>Saúdos</p> <p>Países e nacionalidades</p> <p>Números do 0 ao 100</p> <p>Días da semana</p> <p>Meses Ocupacións</p> <p>Linguaxe de aula</p> <p>Obxectos de uso cotián</p> <p>Colores</p> <p>Sentimentos</p> <p>Preposicións: <i>in, on, under</i></p>

<b>FONÉTICA</b>	Pronuncia do alfabeto Correspondencia entre grafías e fonemas (introdución) Pronuncia do plural Sílabas acentuadas <i>Aren't</i>
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Texto sinxelo con información persoal Encher un formulario Tomar notas e mensaxes de texto
<b>COMPREENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos sobre información persoal Comprender formularios
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar sobre un mesmo Manter unha conversa con outras persoas e facer preguntas sobre elas
<b>COMPREENSIÓN ORAL</b>	Comprender un diálogo sobre datos persoais
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Coñecer as normas de presentación nos países anglo falantes

<b>UNIT 2</b>	<b>24/7</b>
<b>FUNCÍONS</b>	Falar das actividades e rutinas diarias Falar sobre a familia Falar de gustos e afeccións Planificar unha actividade de lecer Facer suxestións Expresión das datas Preguntar e dar información sobre a hora Facer preguntas Preguntar sobre a posesión Pedir comida e bebida nunha cafetería Manifestar comprensión e falta de comprensión Valorar un feito. Xustificar de xeito sinxelo unha opinión ou actividade Expresar coñecemento e descoñecemento Mostrar interés
<b>GRAMÁTICA</b>	Presente simple Questions Preposicións de tempo e lugar Secuenciadores ( <i>first, then, after that, finally</i> ) Adverbios de frecuencia e expresións de frecuencia Xenitivo saxón <i>Whose...?</i> Pronomes posesivos Pronomes obxectos <i>Like/love/enjoy/hate/can't stand + -ing</i> <i>Would like/want to</i>
<b>VOCABULARIO</b>	Actividades que se fan a diario (levantarse, ducharse, almorzar...) Tarefas do fogar A hora Números ordinais A familia Adverbios e expresións de frecuencia Actividades de ocio Instrumentos musicais Os empregos

	<p>Expresións para interaccións: facer e reaccionar a suxestións (<i>Why don't we... Shall we... How about... Let's... It sounds good.... Sorry but...</i>)</p> <p>Conectores (<i>and, but, or, so e because</i>)</p>
<b>FONÉTICA</b>	<p>Pronunciación da terceira persoa de singular</p> <p>Entoación</p> <p>Pronuncia do xenitivo saxón</p> <p>A letra &lt;h&gt;</p> <p>Pronuncia de <i>don't – doesn't</i></p> <p>Pronuncia do son /ŋ/</p> <p>Pronuncia do son /w/</p>
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	<p>Escribir un 'personal profile'</p> <p>Escribir un correo informal sobre as rutinas e actividades de lecer do teu día favorito</p>
<b>COMPREENSIÓN ESCRITA</b>	<p>Comprender un texto sobre aspectos culturais e sociais de distintos países.</p> <p>Comprender textos sobre a familia e os empregos.</p>
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	<p>Falar dos empregos e o tempo de lecer</p> <p>Falar das rutinas diarias e dos labores domésticos</p> <p>Falar da familia</p> <p>Falar de gustos e afeccións</p> <p>Planificar actividades de lecer</p> <p>Cooperar co interlocutor para facilitar a comprensión.</p>
<b>COMPREENSIÓN ORAL</b>	<p>Comprender unha conversa sobre horarios</p> <p>Comprender textos orais sobre tempo de lecer</p> <p>Comprender un texto sobre rutinas diarias e a familia</p> <p>Comprender suxestións</p>
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	<p>Horarios de traballo, comerciais e persoais na cultura británica en comparación coa española</p>

<b>UNIT 3</b>	<b>FLASHBACK</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	<p>Falar sobre feitos ocorridos no pasado na nosa vida</p> <p>Pedir e dar indicacións de lugares</p> <p>Facer peticións formais</p> <p>Aceptar e rexeitar suxestións</p> <p>Describir unha actividade no pasado</p> <p>Describir viaxes ou vacacións</p> <p>Falar sobre as escolas ás que fuches, materias e profesores</p> <p>Pedir e ofrecer axuda</p> <p>Pedirlle confirmación de comprensión ao interlocutor</p>
<b>GRAMÁTICA</b>	<p>Pasado simple</p> <p><i>Was, were</i></p> <p>O pasado de verbos regulares e irregulares comúns</p> <p><i>Could</i></p>
<b>VOCABULARIO</b>	<p>Frases temporais</p> <p>Verbos comúns en pasado</p> <p>Vocabulario sobre direccións</p> <p>Vocabulario sobre vacacións e viaxes</p> <p>Tipos de escolas, materias e actividades extraescolares</p>
<b>FONÉTICA</b>	<p>Formas fortes e débiles de was e were</p> <p>Pronunciación do pasado dos verbos regulares e irregulares</p>
<b>EXPRESIÓN</b>	<p>Escribir sobre actividades e feitos no pasado</p>

<b>ESCRITA</b>	Escribir unha biografía sobre unha muller que destacase na historia, ciencia, deporte...
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender biografías e relatos de feitos pasados Comprender un texto sobre vacacións
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar das actividades feitas no pasado
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender conversas e relatos sobre feitos pasados
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Celebracións e festas típicas

## 2º CUADRIMESTRE

<b>UNIT 4</b>	<b>LOOKING GOOD</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Reformular unha palabra/expresión para facilitar a comprensión Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora Falar de habilidades Falar do tempo meteorolóxico Describir a aparencia física e a personalidade dunha persoa. Expresar opinións e desculpas Falar sobre o que se esta facendo neste instante, situacións temporais ou arranxos
<b>GRAMÁTICA</b>	<i>Can</i> para habilidade Adxectivos e adverbios de modo <i>Too/ enough</i> O presente continuo Contraste entre presente simple e presente continuo
<b>VOCABULARIO</b>	Tempo meteorolóxico e estacións do ano Adxectivos para describir a aparencia física e a personalidade Roupa
<b>FONÉTICA</b>	Pronunciación do son /ŋ/ Formas fortes e débiles de can Pronuncia do son /w/
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un correo informal
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender descrições de persoas
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Comprar roupa Cooperar co interlocutor para facilitar a comprensión
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender informacións meteorolóxicas Comprender suxestións Comprender o que está sucedendo nese instante
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Lugares de interés cultural en Londres

<b>UNIT 5</b>	<b>HOME SWEET HOME</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Describir o teu fogar Expresar opinións Xustificar de maneira sinxela unha opinión Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela
<b>GRAMÁTICA</b>	<i>Some, any</i> <i>There is / there are</i>

	<i>There was/ there were</i> Artigos: <i>a(an)/ the</i>
<b>VOCABULARIO</b>	Vocabulario sobre habitacións, mobles e partes da casa, servizos básicos (ex. calefacción) e alugueres Preposicións de lugar e movemento
<b>FONÉTICA</b>	Pronunciación de <i>there is / are</i> e <i>there was /were</i> Entoación educada Silent letters
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Describir o teu fogar
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender unha ficción/ un fragmento dun relato Comprender descrições sobre vivendas
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar de vivendas. Interesarse telefonicamente por unha casa para alugar Planificar a escolla entre dúas opcións de compra ou aluguer (agasallo, vivenda...)
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender a descripción dunha vivenda Comprender o relato dunha historia
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Tipos de casas máis comúns no Reino Unido

<b>UNIT 6</b>	<b>UNIQUE FLAVOURS</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Falar sobre hábitos de comida e bebida Falar sobre dietas e estilo de vida Pedir comida nun restaurante Describir unha receita Convidar a alguén Facer, aceptar e rexeitar ofertas
<b>GRAMÁTICA</b>	Nomes contables e incontables <i>Some</i> e <i>any</i> <i>A, an</i> <i>How many</i> e <i>How much</i> Cuantificadores ex: <i>(a)few, (a) little, a lot (of) ...</i> Adxectivos comparativos
<b>VOCABULARIO</b>	Vocabulario sobre comida e bebida Vocabulario sobre envases e recipientes Vocabulario e frases útiles para usar en restaurantes Ingredientes e utensilios en receitas Números superiores a 100
<b>FONÉTICA</b>	Pronunciación de /ə/ letras <ea> e /j/
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir unha receita Escribir sobre hábitos alimenticios (propios e en xeral) Escribir un correo electrónico para convidar a alguén
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender unha receita Comprender unha carta de restaurante ou menú Comprender un artigo sobre hábitos alimenticios
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar de hábitos alimenticios e de restaurantes Planificar unha saída a cear
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender textos orais sobre hábitos alimenticios e diálogos nun restaurante
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Comida inglesa e horarios de comida



UNIT 7	LEND A HAND
<b>FUNCIÓNS</b>	Falar sobre enfermidades Falar sobre o que facer cando non nos sentimos ben Dar consello e ofrecer e pedir axuda Pedir e cancelar citas co doutor
<b>GRAMÁTICA</b>	<i>Should</i>
<b>VOCABULARIO</b>	Partes do corpo Enfermidades Servizos de emerxencia Frases para pedir e dar consello Verbos comúns para contar historias
<b>FONÉTICA</b>	Entoación de peticións Pronunciación de <i>should e shouldn't</i>
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un post pedindo e dando consello (Agony aunt)
<b>COMPREENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos sobre consellos
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar de doenzas leves e de estilos de vida saudables Pedir e dar consello
<b>COMPREENSIÓN ORAL</b>	Comprender conversas entre un doutor e un paciente
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Nocións básicas sobre o sistema de saúde británico

UNIT 8	URBAN LIFE
<b>FUNCIÓNS</b>	Falar sobre tipos de transporte Falar sobre formas de moverse dentro da cidade Expresar obriga. Falar sobre plans e desexos futuros Falar do teu lugar favorito Planificar actividades de fin de semana Expoñer proxectos e formular hipóteses
<b>GRAMÁTICA</b>	<i>Have to</i> O futuro ( <i>going to, will</i> ) Adxectivos superlativos
<b>VOCABULARIO</b>	Expresións de tempo futuro Vocabulario sobre transportes "Collocations" con transportes ( <i>get on, get off, get into...</i> ) Vocabulario básico sobre aeroportos Lugares en cidades
<b>FONÉTICA</b>	Pronuncia de grupos consonánticos Sentence stress Pronunciación de <i>would, won't, will</i> and stressed syllables
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Descibir unha cidade/un lugar favorito Escribir sobre os teus plans ou intencións
<b>COMPREENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos sobre mobilidade urbana. Comprender textos sobre plans ou intencións
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar dos medios de transporte e de lugares Falar dos teus plans e intencións Planificar actividades no futuro

	Aconsellar a un turista que facer na túa cidade
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender plans, académicos, profesionais ou para as vacacións. Comprender textos con información turística (folletos, carteis, letreiros...)
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Emprego do transporte público en desprazamentos urbanos, comparativa co sistema galego

<b>UNIT 9</b>	<b>CULTURE</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Dar e pedir opinións sobre películas ou libros Mostrar interese e falta de interese Decidir que película ver con amigos
<b>GRAMÁTICA</b>	Adverbios de modo e modificadores. Emprego e omisión de <i>the</i>
<b>VOCABULARIO</b>	Verbos seguidos de <i>to infinitive</i> Vocabulario referido a películas e libros Phones and the Internet Aparatos tecnolóxicos de uso cotiá
<b>FONÉTICA</b>	Pronuncia de <i>the</i> Sentence stress
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un post informal sobre unha película/libro
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender recensións sinxelas sobre películas/libros. Comprender valoracións positivas/negativas sobre libros/películas ou eventos culturais.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar da túa película/libro favorito Planificar unha actividade cultural (cine, teatro,...)
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender información e opinións sobre libros/películas ou eventos culturais (concertos, exposicións...)
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Smartphones e internet

## 4. NIVEL INTERMEDIO (B1)

### 4.1. Introducción ao nivel.

As ensinanzas do nivel intermedio B1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para desenvolverse na maioría das situacións que poden xurdir cando viaxa por lugares en que se utiliza o idioma; no establecemento e mantemento de relacións persoais e sociais con usuarios e usuarias doutras linguas, tanto cara a cara como a través de medios técnicos; e en ámbitos educativos e ocupacionais nos cales se producen sinxelos intercambios de carácter factual.

Con este fin, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con certa flexibilidade, relativa facilidade e razoable corrección en situacións cotiás e menos habituais nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, para comprender, producir, coproducir e procesar textos orais e escritos breves ou de extensión media, nun rexistro formal, informal ou neutro e nunha variedade estándar da lingua, que versen sobre asuntos persoais e cotiás ou aspectos concretos de temas xerais, de actualidade ou de interese persoal, e que conteñan estruturas sinxelas e un repertorio léxico común non moi idiomático.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B1, o alumnado será capaz de:

– Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas dos/as falantes en textos orais breves ou de extensión media, ben estruturados, claramente articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade estándar da lingua, que traten de asuntos cotiáns ou coñecidos, ou sobre temas xerais, ou de actualidade, relacionados coas súas experiencias e cos seus intereses, e sempre que as condicións acústicas sexan boas, se poida volver escoitar o que se dixo e se poidan confirmar algún detalles.

– Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como a través de medios técnicos, textos orais breves ou de media extensión, ben organizados e adecuados ao contexto, sobre asuntos cotiáns, de carácter habitual ou de interese persoal, e desenvolverse cunha corrección e fluidez suficientes para manter a liña do discurso, cunha pronuncia claramente intelixible, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para realizar unha planificación sintáctica e léxica, ou reformular o que se dixo, ou corrixir erros cando a persoa interlocutora indica que hai un problema, e sexa necesaria certa cooperación desta para manter a interacción.

– Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas do autor ou da autora en textos escritos breves ou de media extensión, claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre asuntos cotiáns, aspectos concretos de temas xerais, de carácter habitual, de actualidade ou de interese persoal.

– Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos breves ou de extensión media, sinxelos e claramente organizados, adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación e propósito comunicativo), sobre asuntos cotiáns, de carácter habitual ou de interese persoal, utilizando con razoable corrección un repertorio léxico e estrutural habitual relacionado coas situacións máis predicibles e os recursos básicos de cohesión textual, e respectando as convencións ortográficas e de puntuación fundamentais.

– Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións de carácter habitual nas cales se producen sinxelos intercambios de información relacionados con asuntos cotiáns ou de interese persoal.

## **4.2. Actividades de comprensión de textos orais.**

### **4.2.1. Obxectivos.**

Comprender con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas ao funcionamento de aparellos ou dispositivos de uso frecuente, á realización de actividades cotiáns, ou ao seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional.

Comprender a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal (p. ex. durante unha celebración privada ou unha cerimonia pública).

Comprender as ideas principais e os detalles relevantes de presentacións, charlas ou conferencias breves e sinxelas que versen sobre temas coñecidos, de interese persoal ou da propia especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e nunha variedade estándar da lingua.

Entender, en transaccións e xestións cotiáns e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (p. ex. no caso dunha reclamación), sempre que se poida pedir confirmación sobre algúns detalles.

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.

Comprender, nunha conversa ou nunha discusión informal en que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, descrições e narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria e información específica relevante sobre temas xerais, de actualidade ou de interese persoal, e captar sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que non haxa interferencias acústicas e que as persoas interlocutoras falen con claridade, amodo e directamente, eviten un uso moi idiomático da lingua e estean dispostas a repetir ou reformular o que dixeron.

identificar os puntos principais e os detalles relevantes dunha conversa formal ou dun debate que se presencia, breve ou de duración media, e entre dúas ou máis persoas interlocutoras, sobre temas xerais, coñecidos, de actualidade ou do propio interese, sempre que as condicións acústicas sexan boas, que o discurso estea ben estruturado e articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar, e que non se faga un uso moi idiomático ou especializado da lingua.

Comprender, nunha conversa formal en que se participa, no ámbito público, académico ou ocupacional, e independentemente da canle, gran parte do que se di sobre actividades e procedementos cotiáns, e menos habituais se está relacionado co propio campo de especialización, sempre que os/as interlocutores/as eviten un uso moi idiomático da lingua e pronuncien con claridade, e cando se poidan formular preguntas para comprobar que se comprendeu o que o interlocutor ou a interlocutora quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.

Comprender as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como anuncios publicitarios, boletíns informativos, entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan temas cotiáns, xerais, de actualidade, de interese persoal ou da propia especialidade, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.

Comprender moitas películas, series e programas de entretemento que se articulan con claridade e nunha linguaxe sinxela, nunha variedade estándar da lingua, e nos cales os elementos visuais e a acción conducen gran parte do argumento.

#### **4.2.2. Competencias e contidos.**

##### **4.2.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (actividades diarias, hábitos de estudo e de traballo, lecer, festividades, horarios); condicións de vida (vivenda, contorna, estrutura social); relación interpersoais (familiares, xeracionais, entre persoas coñecidas e descoñecidas); quinésica e proxémica (posturas, xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e físico); cultura, costumes e valores (institucións, tradicións, celebracións, cerimonias, manifestacións artísticas), e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### 4.2.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Comprobación de hipóteses: axuste das claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

#### 4.2.2.3. Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, na lingua oral:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais habituais: presentarse, presentar alguén, saudar, dar a benvida, despedirse, invitar, aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, expresar condolencia, felicitar, interesarse por alguén ou por algo, lamentar, pedir desculpas.
- Descrición de calidades físicas e valorativas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados, descrición de situacións presentes e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, advertencias e avisos.
- Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos.
- Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese.
- Expresión da necesidade, do desexo, da intención, da vontade, da promesa, da orde, do permiso e da prohibición.
- Expresión do gusto e da preferencia, do interese e do desinterese, da sorpresa, da admiración, da alegría ou da felicidade, da satisfacción, do aprecio ou da simpatía, da aprobación e da desaprobación, da decepción, do desgusto, da dor, da dúbida, da esperanza, do temor e da tristeza.

#### 4.2.2.4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios da lingua oral monolóxica e dialóxica:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonéticofonolóxicos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. conversa > conversa formal), a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, sintácticas e léxicas cotextuais e por referencia ao contexto).

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

#### **4.2.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relación temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;

- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **4.2.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Comprensión de léxico oral de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amigos; relacións humanas e sociais; traballo e ocupacións; educación e estudo; lingua e comunicación; tempo libre e ocio; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte, bens e servizos; clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

#### **4.2.2.7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.**

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

#### **4.2.3. Criterios de avaliación.**

Cofece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións interpersoais, á quinésica e á proxémica, aos costumes e aos valores, e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.

Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como patróns discursivos básicos relativos á organización textual.

Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.

Recoñece sen dificultade léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses, e pode inferir do contexto e do cotexto, xeralmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e recoñece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles.

### **4.3. Actividades de produción e coprodución de textos orais.**

#### **4.3.1. Obxectivos.**

Facer declaracións públicas breves e ensaiadas, sobre un tema cotián dentro do propio campo, ou de interese persoal, que son claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento e dunha entoación inconfundiblemente estranxeiros.

Facer presentacións preparadas, breves ou de extensión media, ben estruturadas e con apoio visual (gráficos, fotografías, transparencias ou diapositivas), sobre un tema xeral ou do propio interese ou especialidade, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, así

como responder a preguntas complementarias breves e sinxelas dos e das oíntes sobre o contido do que se presentou, aínda que é posible que teña que pedir que llas repitan, se se fala con rapidez.

Desenvolverse en transaccións comúns da vida cotiá como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras, así como enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema (p. ex. para facer unha reclamación ou realizar unha xestión administrativa de rutina), intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.

Participar con eficacia en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria (familia, afeccións, traballo, viaxes, feitos de actualidade...), en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; se contan historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as propias reaccións; se ofrecen e piden opinións persoais; se fan comprensibles as propias opinións ou reaccións respecto ás solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas e se invita a outras persoas a expresar os seus puntos de vista sobre a forma de proceder; se expresan con amabilidade crenzas, acordos e desacordos e se explican e xustifican de maneira sinxela opinións e plans.

Tomar a iniciativa en entrevistas ou consultas (p. ex. para propoñer un novo tema), aínda que se dependa moito da persoa entrevistadora durante a interacción, e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias.

Tomar parte en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles nos ámbitos público, educativo e ocupacional, sobre temas cotiáns e que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.

#### **4.3.2. Competencias e contidos.**

##### **4.3.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto oral dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (actividades diarias, hábitos de estudo e de traballo, ocio, festividade, horarios); condicións de vida (vivenda, contorna, estrutura social); relacións interpersoais (familiares, xeracionais, entre persoas coñecidas e descoñecidas); quinésica e proxémica (posturas, xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e físico); cultura, costumes e valores (institucións, tradicións, celebracións, cerimonia, manifestacións artísticas), e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

##### **4.3.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais:



- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (p. ex. presentación ou transacción).
- identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto.
- Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente se quereda expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (p. ex. modificar palabras de significado parecido ou definir ou parafrasear un termo ou expresión), paralingüísticos ou paratextuais (p. ex. pedir axuda; sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente -xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica- ou usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais).
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

#### **4.3.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais habituais: presentarse, presentar alguén, saudar, dar a benvinda, despedirse, invitar, aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, expresar condolencia, felicitar, interesarse por alguén ou por algo, lamentar, pedir desculpas.
- Descrición de calidades físicas e valorativas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados, descrición de situacións presentes e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, advertencias e avisos.
- Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos.
- Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese.
- Expresión da necesidade, do desexo, da intención, da vontade, da promesa, da orde, do permiso e da prohibición.

– Expresión do gusto e da preferencia, do interese e do desinterese, da sorpresa, da admiración, da alegría ou da felicidade, da satisfacción, do aprecio ou da simpatía, da aprobación e da desaprobación, da decepción, do desgusto, da dor, da dúbida, da esperanza, do temor e da tristeza.

#### **4.3.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios da lingua oral á produción de textos monolóxicos e dialóxicos:

– Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).

– Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos.

– Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. conversa > conversa informal); a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, sintácticas e léxicas cotextuais e por referencia ao contexto).

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

#### **4.3.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

– a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);

– o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);

- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **4.3.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Coñecemento, selección e uso de léxico oral común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; relacións humanas

e sociais; traballo e ocupacións; educación e estudo; lingua e comunicación; tempo libre e ocio; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte, bens e servizos; clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

#### **4.3.2.7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.**

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común.

#### **4.3.3. Criterios de avaliación.**

Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.

Coñece e sabe aplicar adecuadamente as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación.

Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando adecuadamente os expoñentes máis habituais das ditas funcións e seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto.

Manexa un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse cunha fluidez aceptable, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o que dixo.

Interactúa de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que en ocasións tenda a

concentrarse na propia produción dificultando a participación da persoa interlocutora ou amose algún titubeo á hora de intervir cando esta acapara a comunicación.

Utiliza coa debida corrección e flexibilidade estruturas sintácticas de uso frecuente segundo o contexto comunicativo e emprega, polo xeral adecuadamente, os recursos de cohesión textual máis comúns (entoación, repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, marcadores discursivos e conversacionais e conectores comúns), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.

Cofece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información relativa a temas coñecidos, xerais, de actualidade ou relacionados cos propios intereses, en situacións habituais e cotiás, aínda que cometa erros importantes ou teña que adaptar a mensaxe cando as demandas comunicativas son máis complexas ou cando aborda temas e situacións pouco frecuentes en situacións menos correntes, recorrendo neste caso a circunloquios e repeticións.

– estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);

– a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;

– relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **5.2.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Comprensión de léxico oral común e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos; tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; crime; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

#### **5.2.2.7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.**

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común en eidos específicos, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a eles.

### **5.3. Actividades de produción e coprodución de textos orais.**

#### **5.3.1. Obxectivos.**

Facer declaracións públicas sobre asuntos comúns e máis específicos dentro do propio campo de interese ou especialización, cun grao de claridade, fluidez e espontaneidade que non lle provoca tensión ou molestias ao/á oínte.

Facer presentacións claras e detalladas, de certa duración, e preparadas previamente, sobre unha ampla serie de asuntos xerais ou relacionados coa propia especialidade, explicando puntos de vista sobre un tema, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, mostrando as vantaxes e desvantaxes de varias opcións, desenvolvendo argumentos con claridade e ampliando e defendendo as súas ideas con aspectos complementarios e exemplos relevantes, así como responder a unha serie de preguntas complementarias da audiencia cun grao de fluidez e espontaneidade que non supón ningunha tensión nin para si mesmo/a nin para o público.

Desenvolverse con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, xa sexa cara a cara, por teléfono ou outros medios técnicos, solicitando e dando información e explicacións claras e detalladas, deixando claras a súa postura e as súas expectativas e desenvolvendo a súa argumentación de maneira satisfactoria na resolución dos problemas que xurdisen.

Participar activamente en conversas e discusións informais cunha ou máis persoas interlocutoras, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, describindo con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e respondendo aos dos/as seus/súas



interlocutores/as, facendo comentarios adecuados; expresando e defendendo con claridade e convicción e explicando e xustificando de maneira persuasiva as súas opinións, crenzas e proxectos; avaliando propostas alternativas; proporcionando explicacións, argumentos e comentarios adecuados; realizando hipóteses e respondendo a estas; todo isto sen divertir ou molestar involuntariamente os/as seus/súas interlocutores/as, sen supoñer tensión para ningunha das partes, transmitindo certa emoción e resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias.

Tomar a iniciativa nunha entrevista (p. ex. de traballo), ampliando e desenvolvendo as propias ideas, ben con pouca axuda, ben obténdoa da persoa entrevistadora se a necesita.

Participar activa e adecuadamente en conversas, reunións, discusións e debates formais de carácter habitual, ou máis específico dentro do propio campo de especialización, nos ámbitos público, académico ou profesional, nos cales esboza un asunto ou un problema con claridade, especulando sobre as causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques, e en que ofrece, explica e defende as súas opinións e puntos de vista, avalía as propostas alternativas, formula hipóteses e responde a estas.

### **5.3.2. Competencias e contidos.**

#### **5.3.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Cofecemento e aplicación á produción e coprodución do texto oral monolóxico e dialóxico dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, culturas e comunidades.

Teranse en conta as contribucións ao cofecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **5.3.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Cofecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e o texto específicos (p. ex. presentación > presentación formal).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto, concibindo a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos cofecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente se quereda expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (p. ex. modificar palabras de significado parecido, ou definir ou parafrasear un termo ou expresión), paralingüísticos ou paratextuais (p. ex. pedir axuda; sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaren o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos,



expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica), ou usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais).

– Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

#### **5.3.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante expoñentes variados propios da lingua oral segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

– Inicio, xestión e finalización de relacións sociais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, dar a benvida, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, acceder, rexeitar, saudar, acusar, defender, exculpar, lamentar, reprochar.

– Descrición e valoración de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, eventos, actividades, procedementos, procesos e produtos.

– Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo.

– Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.

– Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade: afirmar, anunciar, asentir, atribuír, clasificar, confirmar a veracidade dun feito, conxecturar, corroborar, describir, desmentir, disentir, expresar acordo e desacordo con diferentes graos de firmeza, expresar descoñecemento, expresar dúbida, expresar escepticismo, expresar unha opinión, identificar e identificarse, predicir, rebater, rectificar, replicar, supoñer.

– Expresión da necesidade, o desexo, a intención, a vontade, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; prometer; reclamar; recomendar; lembrarlle algo a alguén; solicitar; suxerir; suplicar, retractarse.

– Expresión do interese, a aprobación, a estima, o aprecio, o eloxio, a admiración, a preferencia, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.

– Formulación de suxestións, condicións e hipóteses.

#### **5.3.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais variados propios da lingua oral á produción de textos monolóxicos e dialóxicos:

– Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).

– Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos.

– Organización e estruturación do texto segundo (macro)xénero (p. ex. entrevista > entrevista de traballo); (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais,

sintácticas e léxicas cotextuais e por referencia ao contexto).

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

#### **5.3.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Cofecemento, selección e uso de estruturas sintácticas variadas e complexas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **5.3.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Cofecemento, selección e uso de léxico oral común, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos; tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; crime; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

#### **5.3.2.7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.**

Produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común en eidos específicos, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, seleccionándoos e adaptando o seu uso aos diversos significados e intencións comunicativas asociados con eles.

## **5.4. Actividades de comprensión de textos escritos.**

### **5.4.1. Obxectivos.**

Comprender instrucións, indicacións ou outras informacións técnicas extensas e complexas dentro do propio campo de interese ou de especialización, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias.

Identificar con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais ou do propio interese, e comprender, en textos de referencia e consulta, en calquera soporte, información detallada sobre temas xerais, da propia especialidade ou de interese persoal, así como información específica en textos oficiais, institucionais ou corporativos.

Comprender o contido, a intención e as implicacións de notas, mensaxes e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos cales se transmite información detallada e se expresan, xustifican e argumentan ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter xeral ou do propio interese.

Ler correspondencia formal relativa ao propio campo de especialización, sobre asuntos de carácter tanto abstracto como concreto, e captar o seu significado esencial, así como comprender os seus detalles e implicacións máis relevantes.

Comprender textos periodísticos, incluídos artigos e reportaxes sobre temas de actualidade ou especializados, en que o/a autor/a adopta certos puntos de vista, presenta e desenvolve argumentos, e expresa opinións de maneira tanto implícita como explícita.

Comprender textos literarios e de ficción contemporáneos, escritos en prosa e nunha variedade lingüística estándar, de estilo simple e linguaxe clara, coa axuda esporádica do dicionario.

### **5.4.2. Competencias e contidos.**

#### **5.4.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; historia, culturas e comunidades.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **5.4.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos escritos:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais ou opinións implícitas...).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (soporte, imaxes e gráficos, trazos ortotipográficos...).
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

### 5.4.2.3. Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante expoñentes variados propios da lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Inicio, xestión e finalización de relacións sociais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, acceder, rexeitar, saudar, acusar, defender, exculpar, lamentar, reprochar.
- Descrición e valoración de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, eventos, actividades, procedementos, procesos e produtos.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo.
- Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade: afirmar, anunciar, asentir, atribuír, clasificar, confirmar a veracidade dun feito, conxecturar, corroborar, describir, desmentir, disentir, expresar acordo e desacordo con diferentes graos de firmeza, expresar descoñecemento, expresar dúbida, expresar escepticismo, expresar unha opinión, identificar e identificarse, predicir, rebater, rectificar, replicar, supoñer.
- Expresión da necesidade, o desexo, a intención, a vontade, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; prometer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; solicitar; suxerir; suplicar, retractarse.
- Expresión do interese, a aprobación, a estima, o aprecio, o eloxio, a admiración, a preferencia, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, condicións e hipóteses.

### 5.4.2.4. Competencia e contidos discursivos.

Comprensión de modelos contextuais e patróns textuais variados propios da lingua escrita:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; selección de patróns sintácticos, léxicos e ortotipográficos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p e. texto periodístico > artigo de opinión); a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, sintácticas e léxicas cotextuais e por referencia ao contexto).

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...

- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografías

#### 5.4.2.5. Competencia e contidos sintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas variadas e complexas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### 5.4.2.6. Competencia e contidos léxicos.

Comprensión de léxico escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos; tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; crime; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

#### 5.4.2.7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos patróns gráficos e convencións ortográficas de uso común xerais e en ámbitos comunicativos específicos.

## **5.5. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.**

### **5.5.1. Obxectivos.**

Cubrir, en soporte papel ou en liña, cuestionarios e formularios detallados con información complexa, de tipo persoal, público, académico ou profesional incluíndo preguntas abertas e seccións de produción libre (para contratar un seguro, realizar unha solicitude ante organismos ou institucións oficiais, unha enquisa de opinión...).

Escribir, en calquera soporte ou formato, un CV detallado, xunto cunha carta de motivación (p. ex. para cursar estudos no estranxeiro ou presentarse para un posto de traballo), detallando e ampliando a información que se considera relevante e axustándoa ao propósito e destinatario/a específicos.

Escribir notas, anuncios e mensaxes nos cales se transmite ou solicita información sinxela de carácter inmediato, ou máis detallada segundo a necesidade comunicativa, incluíndo explicacións e opinións, sobre aspectos relacionados con actividades e situacións habituais, ou máis específicos dentro do propio campo de especialización ou de interese, e nos cales se resaltan os aspectos que resultan importantes, respectando as convencións específicas do xénero e tipo textuais e as normas de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.

Tomar notas, co suficiente detalle, sobre aspectos que se consideran importantes, durante unha conferencia, presentación ou charla estruturada con claridade sobre un tema coñecido, de carácter xeral ou relacionado co propio campo de especialización ou de interese, aínda que se perda algunha información por concentrarse nas palabras mesmas.

Tomar notas, recollendo as ideas principais, os aspectos relevantes e detalles importantes durante unha entrevista (p. ex. de traballo), conversa formal, reunión ou debate, ben estruturados e sobre temas relacionados co propio campo de especialización ou de interese.

Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse con seguridade en foros e blogs nos cales se expresan noticias e puntos de vista con eficacia, se transmite certa emoción, se resalta a importancia persoal de feitos e experiencias e se comentan as noticias e os puntos de vista dos e das correspondentes e doutras persoas.

Escribir, en calquera soporte, correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas e a empresas, en que se dá e solicita información detallada e se explican e xustifican co suficiente detalle os motivos de certas accións, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.

Escribir informes de media extensión, de estrutura clara e nun formato convencional, nos cales se expón un asunto con certo detalle e se desenvolve un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións e achegando conclusións xustificadas e suxestións sobre futuras ou posibles liñas de actuación.

### **5.5.2. Competencias e contidos.**

#### **5.5.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; historia, culturas e comunidades.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

### 5.5.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.

Estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos escritos:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e o texto específicos (escribir unha carta de presentación, un informe...).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto, concibindo a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda...).
- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

### 5.5.2.3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante expoñentes variados propios da lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Inicio, xestión e finalización de relacións sociais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, acceder, rexeitar, saudar, acusar, defender, excusar, lamentar, reprochar.
- Descrición e valoración de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, eventos, actividades, procedementos, procesos e produtos.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo.
- Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade: afirmar, anunciar, asentir, atribuír, clasificar, confirmar a veracidade dun feito, conxecturar, corroborar, describir, desmentir, disentir, expresar acordo e desacordo con diferentes graos de firmeza, expresar descoñecemento, expresar dúbida, expresar escepticismo, expresar unha opinión, identificar e identificarse, predicir, rebater, rectificar, replicar, supoñer.
- Expresión da necesidade, o desexo, a intención, a vontade, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; prometer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; solicitar; suxerir; suplicar, retractarse.



- Expresión do interese, a aprobación, a estima, o aprecio, o eloxio, a admiración, a preferencia, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, condicións e hipóteses.

#### 5.5.2.4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais variados propios da lingua escrita á produción e coprodución de textos:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e ortotipográficos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. correspondencia > carta formal); a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, sintácticas e léxicas cotextuais e por referencia ao contexto).

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografías

#### 5.5.2.5. Competencia e contidos sintácticos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas variadas e complexas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo,



terminativo, iterativo e causativo;

– a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);

– o modo;

– estados, eventos, accións, procesos e realización: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);

– a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;

– relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **5.5.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Cofecemento, selección e uso de léxico escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos; tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; crime; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

#### **5.5.2.7. Competencia e contidos ortotipográficos.**

Produción dos patróns gráficos e convencións ortográficas de uso común, xerais e en eidos específicos segundo o ámbito comunicativo, seleccionándoos e adaptando o seu uso aos diversos significados e intencións comunicativas asociados con eles.

### **5.6. Actividades de mediación.**

#### **5.6.1. Obxectivos**

Transmitirlles oralmente a terceiras persoas, en forma resumida ou adaptada, o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, contidos en textos orais ou escritos conceptual e estruturalmente complexos (presentacións, documentais, entrevistas, conversas, debates, artigos...), sobre aspectos, tanto abstractos como concretos, de temas xerais ou do propio interese ou campo de especialización, sempre que os ditos textos estean ben organizados, nalgunha variedade estándar da lingua, e se pode volver escoitar o que se dixo ou reler as seccións difíciles.

Sintetizar e transmitirlles oralmente a terceiras persoas a información e argumentos principais, así como os aspectos relevantes, recompilados de diversos textos escritos procedentes de distintas fontes (p. ex. diferentes medios de comunicación ou varios informes ou outros documentos de carácter educativo ou profesional).

Interpretar durante intercambios entre amizades, persoas coñecidas, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade (en reunións sociais, cerimonia, eventos, visitas culturais...), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

Interpretar durante intercambios de carácter formal (p. ex. nunha reunión de traballo claramente estruturada), sempre que poida prepararse de antemán e pedir confirmación e aclaracións segundo o necesite.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade, transmitindo a información, as opinións e os argumentos relevantes, comparando e contrastando as vantaxes e desvantaxes das distintas posturas e argumentos, expresando as súas opinións ao respecto con claridade e amabilidade e pedindo e ofrecendo suxestións sobre posibles solucións ou vías de actuación.

Tomar notas escritas para terceiras persoas, coa debida precisión e organización, recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación, conversa ou debate claramente estruturados e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas do propio interese ou dentro do campo propio de especialización académica ou profesional.

Transmitir por escrito o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, contidos en textos escritos ou orais conceptual e estruturalmente complexos, sobre aspectos, tanto abstractos como concretos, de temas xerais ou do propio interese ou campo de especialización, sempre que os ditos textos estean ben organizados, nalgunha variedade estándar da lingua e se pode reler as seccións difíciles ou volver escoitar o dito.

Resumir por escrito os puntos principais, os detalles relevantes e os puntos de vista, opinións e argumentos expresados en conversas, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas e articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

Resumir por escrito noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises, e a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

Sintetizar e transmitir por escrito a información e argumentos principais, así como os aspectos relevantes, recompilados de diversos textos escritos procedentes de distintas fontes (p. ex. diferentes medios de comunicación ou varios informes ou outros documentos de carácter educativo ou profesional).

#### 5.6.2. Competencia e contidos interculturais.

Xestión dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación con certa flexibilidade: autoconciencia cultural; conciencia sociolingüística; coñecementos culturais xerais e máis específicos; observación; escoita; avaliación; posta en relación; adaptación; respecto.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### 5.7. Mínimos esixibles

<p>Actividades de comprensión de textos orais</p>	<p><b>É quen de comprender</b> as ideas principais e detalles de exposicións públicas de certa complexidade e ben organizadas.</p> <p><b>É capaz de comprender</b> textos audiovisuais extensos ben organizados.</p> <p><b>Comprende</b> argumentacións e detalles en conversacións en lingua estándar ben organizadas.</p> <p><b>É quen de comprender</b> detalles en textos orais con información precisa en diferentes situacións, aínda que as condicións acústicas non sexan moi boas.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	<p><b>Interactúa</b> de xeito cooperativo en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade expoñendo a súas opinións e argumentos cun repertorio lingüístico sinxelo.</p> <p><b>Pode desenvolverse</b> en transaccións sinxelas da vida cotiá, expresando agrado e desagrado.</p> <p><b>Interactúa</b> en conversas formais de forma breve e sinxela ofrecendo</p>

	<p>explicacións dos seus puntos de vista cun léxico sinxelo.</p> <p><b>É quen de realizar</b> narracións e descricións en lingua estándar.</p> <p><b>É quen de facer</b> presentacións moi breves pero estruturadas en lingua estándar sobre temas coñecidos.</p> <p><b>É capaz de interactuar</b> sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas moi sinxelas.</p> <p><b>É capaz de reelaborar</b> información procedente de distintas fontes coñecidas, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.</p> <p><b>Presenta</b>, en xeral, unha pronunciación e entoación claras.</p> <p><b>Exprésase</b> de xeito suficientemente claro. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas.</p>
Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>É quen de comprender</b> información esencial en documentos de interacción escrita sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.</p> <p><b>É quen de seguir</b> as fases en instrucións ou en textos legais e é quen de comprender normativas ou regulamentos.</p> <p><b>Pode distinguir e interpretar</b> distintos tipos de información.</p> <p><b>É quen de identificar</b> a intención, a información esencial e detalles dun texto.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<p><b>Pode escribir</b> correspondencia persoal sinxela e breve cun rexistro axeitado</p> <p><b>É quen de resumir</b> ou reformular información de diversas fontes para transmitila de maneira simple.</p> <p><b>É quen de escribir</b> textos narrativos e descritivos coherentes e estruturados en lingua estándar.</p> <p><b>É quen de tomar notas</b> e redactar informes sinxelos.</p> <p><b>Pode escribir</b> recensións breves de manifestacións artísticas.</p> <p><b>É quen de usar</b> os patróns ortotipográficos comúns, aínda que presente algunhas desviacións da norma.</p> <p><b>É capaz de reelaborar</b> información procedente de distintas fontes e de comunicala de maneira escrita.</p>
Actividades de mediación	<p><b>É quen de transmitir</b> de maneira oral a información, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as de maneira organizada.</p> <p><b>É quen de reelaborar</b> documentos claros e sinxelos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar diferenzas culturais.</p> <p><b>Pode repetir e reformular</b> a información para facérllela comprensible ás persoas receptoras.</p> <p><b>Organiza</b> adecuadamente a información para poder comunicala con eficacia.</p>

## 5.8. Temporalización do nivel B2.1 modalidade presencial.

A secuenciación dos bloques de temas e gramática farase en dous cuatrimestres, o primeiro adicado á presentación e aos 5 primeiros bloques e o segundo aos 5 restantes, como se indica na seguinte táboa. Esta temporalización estará supeditada sempre ás inevitables diferencias de nivel entre alumnos do mesmo curso coa conseguente disparidade de ritmos de clase.

### Primeiro cuatrimestre

<b>1A- Eating in...and out</b>		
<b>CONTIDOS SINTÁCTICOS</b>	<b>CONTIDOS LÉXICOS</b>	<b>CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS</b>
Presente Simple/Continuo Verbos de acción e estativos.	Alimentación, restaurantes, dieta, comida saludable, recetas, gastronomía	Sons longos e curtos
<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
A recensión O debate A discusión argumentativa	Expresar opinións sobre comportamentos, feitos, situación. Reproducir mensaxes e opinións de outras persoas. Participar adecuadamente en distintos tipos de situacións sociais. Suxestións.	Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo. Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
<b>1B – Modern families</b>		
<b>CONTIDOS SINTÁCTICOS</b>	<b>CONTIDOS LÉXICOS</b>	<b>CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS</b>
Futuros: presente continuo, 'going to', 'will/won't'. Each other	A familia, tradicións familiares, afeccións Identificación persoal: adxectivos de personalidade.	A acentuación na palabra e na frase. Pronunciación do final de adxectivos.
<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
O correo electrónico informal	Comparar e contrastar alternativas. Especular sobre as causas e consecuencias. Pedir opinión A descripción de persoas	Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.

## 2A- Spending money

CONTIDOS SINTÁCTICOS	CONTIDOS LÉXICOS	CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS
Presente Perfecto e Pasado Simple 'for/since' Presente Perfecto Continuo	Actividades económicas: ahorro e gasto, actitudes cara o diñeiro, gañar cartos, as ONG. Adxectivos extremos	A grafía <o>, <or>
CONTIDOS DISCURSIVOS	CONTIDOS FUNCIONAIS	CONTIDOS ESTRATÉXICOS
O ensaio argumentativo	Facer suxestións. Construir argumentos razoados.	Asegurar a comprensión e repetir estruturas.

## 2B – Changing lives

CONTIDOS SINTÁCTICOS	CONTIDOS LÉXICOS	CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS
Uso do presente perfecto para falar de experiencias e cambios. Presente perfecto simple e continuo Correlación temporal nas oracións	Viaxes, experiencias persoais	Review of sounds
CONTIDOS DISCURSIVOS	CONTIDOS FUNCIONAIS	CONTIDOS ESTRATÉXICOS
Correspondencia persoal Conversas formais e informais	Expresar experiencias persoais. Narrar lembranzas.	Autoavaliar o propio proceso de aprendizaxe detectando erros para recoñecelos e evitar repetilos.

## 3A- Survive the drive

CONTIDOS SINTÁCTICOS	CONTIDOS LÉXICOS	CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS
Comparativos e Superlativos	Transporte	/f/, /dʒ/ /tʃ/ Ligazón de sons (linking) pronunciación de "the"

<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
O artigo nunha revista A carta formal pedindo información	Argumentar, comparar e contrastar. Sopesar vantaxes e desvantaxes. Negociar. Persuadir e recomendar.	Activar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, as persoas...
<b>3B – Men, women, and children</b>		
<b>CONTIDOS SINTÁCTICOS</b>	<b>CONTIDOS LÉXICOS</b>	<b>CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS</b>
O artigo determinado e indeterminado	Estereotipos, contribución feminina ao coñecemento humano. Papel das mulleres na historia	
<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
O artigo nunha páxina web	Expresar acordo e desacordo con diferentes graos de acordo.	Formular ou inferir hipóteses sobre o contido e o contexto, comprobalos e reformularos a partir da comprensión de novos elementos do propio texto oral ou escrito, e utilizando o seu coñecemento e experiencias.
<b>4A- Bad manners?</b>		
<b>CONTIDOS SINTÁCTICOS</b>	<b>CONTIDOS LÉXICOS</b>	<b>CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS</b>
Verbos modais de obriga: must, have to, should.	Ciencia e tecnoloxía: A linguaxe telefónica.	Silent consonants'
<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
O comentario nun foro ou xornal en liña A discusión e o debate.	Expresar experiencias persoais. Dar consellos. Expresar e pedir opinións. Expresar sentimentos. As boas maneiras e as diferenzas de rexistro	Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

<b>5A- Sporting superstitions</b>		
<b>CONTIDOS SINTÁCTICOS</b>	<b>CONTIDOS LÉXICOS</b>	<b>CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS</b>
O pasado: tempos verbais	Tempo libre: O deporte Adxectivos rematados en -ed / -ing	/ɔ:/ e /ɜ:/
<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
A narración A anécdota A entrevista	Narrar experiencias persoais. Expresar opinións. Narrar historias e anécdotas	Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.

<b>5B- #thewaywemet</b>		
<b>CONTIDOS SINTÁCTICOS</b>	<b>CONTIDOS LÉXICOS</b>	<b>CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS</b>
Hábitos no presente e no pasado (used to/usually)	As relacións persoais, a amizade.	Linking A letra s Pronunciación de 'used to'
<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
A discusión e o debate	Argumentar.	Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.

**Segundo cuadrimestre**

<b>6A -Behind the scenes</b>		
<b>CONTIDOS SINTÁCTICOS</b>	<b>CONTIDOS LÉXICOS</b>	<b>CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS</b>
A voz pasiva. O uso da impersonalidade	Expresións artísticas: o cine	Pronunciación de pasados regulares e irregulares
<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
A Description de obras de arte A recensión artística	Expresar preferencias. Sintetizar información.	Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.

<b>6B – Every picture tells a story</b>		
<b>CONTIDOS SINTÁCTICOS</b>	<b>CONTIDOS LÉXICOS</b>	<b>CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS</b>
Verbos modais de	Identificación persoal: O	Os diptongos

deducción: might, can't, must.	corpo	
<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
O anuncio publicitario	Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado. Expresar probabilidade e deducción	Movilizar esquemas e información previa sobre tipos de tarefa e temas en textos orais e escritos.
<b>7A-Live and learn</b>		
<b>CONTIDOS SINTÁCTICOS</b>	<b>CONTIDOS LÉXICOS</b>	<b>CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS</b>
Oracións condicionais de 1º tipo A oración temporal de futuro (when, until, etc.)	Educación: asignaturas, organización escolar, o sistema educativo.	A letra U
<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
Texto xornalístico Conversas formais e informais	Poñer condicións. Narrar lembranzas. Expresar opinións. Expresar hipótese no futuro	Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua.
<b>7B-The hotel of Mum and Dad</b>		
<b>CONTIDOS SINTÁCTICOS</b>	<b>CONTIDOS LÉXICOS</b>	<b>CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS</b>
Oracións condicionais de 2º tipo Oracións condicionais do 3º tipo A formación do adxectivo e o adverbio	A vivienda: tipos de vivienda, equipamento, decoración, alugueiro.	O acento na oración A letra C
<b>CONTIDOS DISCURSIVOS</b>	<b>CONTIDOS FUNCIONAIS</b>	<b>CONTIDOS ESTRATÉXICOS</b>
A descripción	Comparar e contrastar. Poñer condicións. Negociar un acordo. Facer suxestións, advertir algo a alguén Expresar hipótese no presente	Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).



## 8A-The right job for you

CONTIDOS SINTÁCTICOS	CONTIDOS LÉXICOS	CONTIDOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS
Xerundios e infinitivos	O traballo: Profesións, procura de traballo. Tarefas e condicións laborais.	O acento na palabra
Selección e aplicación eficaz das estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión da intención, o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes, tanto implícitas como explícitas.

#### **6.2.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Comprensión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala mediante os expoñentes orais das ditas funcións segundo o contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal):

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo;

expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar a alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

#### **6.2.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

- Coherencia textual: adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto, variedade de lingua, rexistro, tema, enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio-temporal: referencia espacial, referencia temporal).
- Cohesión textual: organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...), introdución do tema, tematización, desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia, elipse, repetición, reformulación, énfase. Expansión temática: exemplificación, reforzo, contraste, introdución de subtemas. Cambio temático: digresión, recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas

- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

#### **6.2.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas complexas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, tanto xerais como específicos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **6.2.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Comprensión dunha ampla gama léxica oral de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot.

#### **6.2.2.2.7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.**

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo

variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas.

### **6.2.3. Criterios de avaliación.**

Posúe un amplo repertorio de competencias socioculturais e sociolingüísticas que lle permite apreciar con facilidade diferenzas de rexistro e as sutilezas propias da comunicación oral nas culturas, comunidades de práctica e grupos nos que se fala o idioma.

Selecciona e aplica con eficacia as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión da intención, o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes, tanto implícitas como explícitas.

Recoñece, segundo o contexto específico, a intención e significación dun amplo repertorio de expoñentes das funcións comunicativas ou actos de fala, tanto indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).

É capaz de seguir un discurso extenso incluso cando non está claramente estruturado e cando as relacións son só supostas e non están sinaladas explicitamente.

É o bastante hábil como para utilizar as claves contextuais, discursivas, gramaticais e léxicas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora, e prever o que vai ocorrer.

Recoñece unha gran diversidade de expresións idiomáticas e coloquiais e aprecia con- notacións e matices sutís de significado, aínda que é posible que necesite confirmar algúns detalles se o acento non lle resulta familiar.

Distingue unha ampla gama de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación, o que lle permite comprender a calquera falante ou persoa interlocutora, aínda que é posible que teña que confirmar algúns detalles cando o acento lle resulta descoñecido.

## **6.3. Actividades de produción e coprodución de textos orais.**

### **6.3.1. Obxectivos.**

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo, usando certa entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.

Realizar presentacións extensas, claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con certa extensión, integrando outros temas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado e estendéndose sobre aspectos propostos de forma espontánea polos/as oíntes, e terminando cunha conclusión apropiada, así como responder espontaneamente e sen apenas esforzo ás preguntas da audiencia.

Levar a cabo transaccións, xestións e operacións complexas en que se debe negociar a solución de conflitos, establecer as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións e establecer con claridade os límites de calquera concesión que se estea disposto a realizar, utilizando unha linguaxe persuasiva, negociando os pormenores con eficacia e facéndolles fronte a respostas e dificultades imprevistas.

Participar de maneira plena nunha entrevista, como entrevistador/a ou como entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas con fluidez e sen apoio, e utilizando con



flexibilidade os mecanismos adecuados en cada momento para expresar reaccións e para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar activamente en conversas informais animadas, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos, específicos e incluso descoñecidos, e nas cales se faga un uso emocional, alusivo ou humorístico do idioma, expresando as propias ideas e opinións con precisión, presentando liñas argumentais complexas de maneira convincente e respondendo a estas con eficacia, facendo un bo uso das interxeccións.

Participar activamente e con gran facilidade en conversas e discusións formais animadas (en debates, charlas, coloquios, reunións, seminarios...) nas cales se traten temas abstractos, complexos, específicos e incluso descoñecidos, identificando con precisión os argumentos dos diferentes puntos de vista, argumentando a propia postura formalmente, con precisión e convicción, respondendo a preguntas e comentarios e contestando de forma fluída, espontánea e adecuada a argumentacións complexas contrarias.

### **6.3.2. Competencias e contidos.**

#### **6.3.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na produción e coprodución de textos orais, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos e acentos.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **6.3.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Dominio das estratexias discursivas e de compensación que permitan expresar o que se quere dicir adecuando con eficacia o discurso a cada situación comunicativa e que fagan imperceptibles as dificultades ocasionais.

#### **6.3.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Realización das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala, mediante os expoñentes orais das ditas funcións máis adecuados para cada contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal):

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar;

desestimar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle permiso a alguén; persuadir; previr alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvida, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar a alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

#### **6.3.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e construción de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado.

- Coherencia textual: adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio-temporal: referencia espacial, referencia temporal).
- Cohesión textual: organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos

- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

#### **6.3.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Cofecemento, selección en función da intención comunicativa segundo o ámbito e o contexto tanto xeral como específico, e uso de estruturas sintácticas complexas propias da lingua oral para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **6.3.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Cofecemento e utilización correcta e adecuada ao contexto dunha ampla gama léxica oral de carácter xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot.

### 6.3.2.7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e transmisión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas.

### 6.3.3. Criterios de avaliación.

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, incluíndo o uso emocional, alusivo e humorístico, adaptando o que se di e os medios de expresalo á situación e ao/á receptor/a, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.

Mostra un dominio das estratexias discursivas e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa, p. ex., utiliza espontaneamente unha serie de expresións adecuadas para ganar tempo mentres reflexiona sen perder a súa quenda de palabra, substitúe por outra unha expresión que non lembra sen que o seu interlocutor ou a súa interlocutora se dea conta, sortea unha dificultade cando se atopa con ela e volve a formular o que quere dicir sen interromper totalmente a fluidez do discurso, ou corrixe os seus lapsos e cambia a expresión, se dá lugar a malentendidos.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión e rebate os argumentos e as críticas dos seus interlocutores ou das súas interlocutoras de maneira convincente e sen ofender, respondendo a preguntas e comentarios e contestando de forma fluída, espontánea e adecuada.

Utiliza os expoñentes orais das funcións comunicativas máis adecuados para cada contexto específico, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).

Estrutura ben e claramente o seu discurso mostrando un uso adecuado de criterios de organización e un bo dominio dunha ampla gama de conectores e mecanismos de cohesión propios da lingua oral segundo o xénero e tipo textual.

Manifesta un alto grao de corrección gramatical de modo consistente e os seus erros son escasos e apenas apreciables.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permite superar con soltura as súas deficiencias mediante circunloquios, aínda que poida cometer pequenos e esporádicos deslices, pero sen erros importantes de vocabulario e sen que apenas se note que busca expresións ou que utiliza estratexias de evitación.

Ten unha capacidade articulatória próxima a algunha(s) das variedades estándar propias da lingua meta e varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices sutís de significado.

Exprésase con fluidez e espontaneidade, case sen esforzo; só un tema conceptualmente difícil pode obstaculizar un discurso fluído e natural.

Elixer unha frase apropiada dunha serie de posibles enunciados do discurso para introducir os seus comentarios adecuadamente co fin de tomar a palabra ou ganar tempo para manter o uso da palabra mentres pensa.

É capaz de aproveitar o que di a persoa interlocutora para intervir na conversa. Relaciona con destreza a súa contribución coa doutros/as falantes.

Adecúa as súas intervencións ás dos seus interlocutores ou das súas interlocutoras para que a comunicación flúa sen dificultade.

Formula preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue a aclaración dos aspectos ambiguos.

#### **6.4. Actividades de comprensión de textos escritos.**

##### **6.4.1. Obxectivos.**

Comprender con todo detalle instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico extensas e complexas, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

Comprender os matices, as alusións e as implicacións de notas, mensaxes e correspondencia persoal, en calquera soporte e sobre temas complexos, e que poidan presentar trazos idiosincráticos polo que respecta á estrutura ou ao léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial ou ton humorístico).

Comprender en detalle a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando matices tales como as actitudes, os niveis de formalidade e as opinións, tanto implícitas como explícitas.

Comprender con todo detalle artigos, informes, actas, memorias e outros textos extensos e complexos no ámbito social, profesional ou académico, e identificar detalles sutís que inclúen actitudes e opinións tanto implícitas como explícitas.

Comprender en detalle a información contida en textos de consulta e referencia de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver a ler as seccións difíciles.

Comprender sen dificultade as ideas e posturas expresadas, tanto implícita como explicitamente, en artigos ou outros textos periodísticos de certa extensión, en calquera soporte, tanto de carácter xeral como especializado, nos cales se comentan e analizan puntos de vista, opinións e as súas implicacións.

Comprender sen dificultade textos literarios contemporáneos extensos, dunha variedade lingüística estendida e sen unha especial complexidade conceptual, e captar a mensaxe, as ideas e conclusións implícitas, recoñecendo o fondo social, político ou histórico da obra.

##### **6.4.2. Competencias e contidos.**

###### **6.4.2.1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos escritos, incluíndo marcadores

lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros e dialectos.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **6.4.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Selección e aplicación eficaz das estratexias máis adecuadas para comprender o que se pretende ou se require en cada caso e utilización das claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxicas e ortotopográficas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora.

#### **6.4.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Comprensión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala mediante os ex- poñentes escritos das ditas funcións segundo o contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros (fa- miliar, informal, neutro, formal):

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destina- taria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar a alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou

felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

#### **6.4.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Cofecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua escrita, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

- Coherencia textual: adecuación do texto escrito ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio temporal: referencia espacial, referencia temporal).
- Cohesión textual: organización interna do texto escrito. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos



#### 6.4.2.5. Competencia e contidos sintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas complexas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, tanto xerais como específicos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### 6.4.2.6. Competencia e contidos léxicos.

Comprensión dunha ampla gama léxica escrita de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot.

#### 6.4.2.7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Comprensión dos significados xerais e específicos, segundo o contexto de comunicación, asociados ás convencións ortotipográficas da lingua meta, incluíndo trazos de formato; valores discursivos dos signos tipográficos, ortográficos e de puntuación; adaptación ortográfica de préstamos; variantes na representación gráfica de fonemas e sons; variantes do alfabeto ou os caracteres, e os seus usos nas diversas formas.

#### 6.4.3. Criterios de avaliación.

Posúe un amplo repertorio de competencias socioculturais e sociolingüísticas, incluíndo aspectos sociopolíticos e históricos, que lle permite apreciar con facilidade o trasfondo e os trazos idiosincráticos da comunicación escrita nas culturas, comunidades de práctica e grupos en que se utiliza o idioma.

Selecciona e aplica con eficacia as estratexias máis adecuadas para comprender o que pretende ou se lle require en cada caso, utilizando con habilidade as claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxicas e ortotipográficas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora, e sacar as conclusións apropiadas.



Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos sobre unha ampla serie de temas profesionais ou académicos e decide se é oportuna unha lectura e análise máis profundas.

Busca con rapidez en textos extensos e complexos para localizar detalles relevantes. Recoñece, segundo o contexto, o xénero e o tipo textuais específicos, a intención e significación dunha ampla variedade de expoñentes das funcións comunicativas ou actos de fala, tanto indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).

Pode localizar información ou seguir o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou que non está perfectamente estruturado ou no cal as relacións e conexións non están expresadas, ou non sempre se expresan, de maneira clara e con marcadores explícitos.

Domina un amplo repertorio léxico escrito, recoñece unha gran diversidade de expresións idiomáticas e coloquiais e aprecia connotacións e matices sutís de significado, aínda que en ocasións é posible que necesite consultar un dicionario, ben de carácter xeral, ben especializado.

Comprende os significados e as funcións asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas propias da lingua escrita segundo o contexto e o xénero e tipo textuais, incluíndo variacións sintácticas de carácter estilístico (inversión ou cambio da orde das palabras).

Comprende as intencións comunicativas que subxacen tras o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas da lingua meta, tanto en soporte papel como dixital.

## 6.5. **Actividades de produción e coprodución de textos escritos.**

### 6.5.1. **Obxectivos.**

Tomar notas detalladas durante unha conferencia, un curso ou un seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante unha conversa formal, reunión, discusión ou debate animados no ámbito profesional, transcribindo a información de maneira tan precisa e próxima ao orixinal que as notas tamén poderían ser útiles para outras persoas.

Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros virtuais, expresándose con claridade, detalle e precisión e relacionándose coas persoas destinatarias con flexibilidade e eficacia, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Escribir, coa corrección e formalidade debidas, e independentemente do soporte, correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas en que, p. ex., se fai unha reclamación ou demanda complexa ou se expresan opinións a favor ou en contra de algo, achegando información detallada e esgrimindo os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

Escribir informes, memorias, artigos, ensaios ou outros tipos de texto sobre temas complexos en ámbitos de carácter público, académico ou profesional, claros e ben estruturados, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión, defendendo puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados e terminando cunha conclusión apropiada.

### 6.5.2. **Competencias e contidos.**

#### 6.5.2.1. **Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na produción e coprodución de textos escritos, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros e dialectos.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se

eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **6.5.2.2. Competencia e contidos estratéxicos.**

Aplicación flexible e eficaz das estratexias máis adecuadas en cada caso para elaborar unha ampla gama de textos escritos complexos axustados ao seu contexto específico, planificando a mensaxe e os medios en función do efecto sobre o/a receptor/a.

#### **6.5.2.3. Competencia e contidos funcionais.**

Realización das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala, mediante os expoñentes escritos das ditas funcións máis adecuados para cada contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal):

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal coma unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

Funcións ou actos de fala fálicos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

Funcións ou actos de fala expresivos, cos cales se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

#### **6.5.2.4. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e construción de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua escrita, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

- Coherencia textual: adecuación do texto escrito ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacia-: referencia espacial, referencia temporal).
- Cohesión textual: organización interna do texto escrito. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

#### **6.5.2.5. Competencia e contidos sintácticos.**

Cofecemento, selección en función da intención comunicativa segundo o ámbito e o contexto tanto xeral como específico e uso de estruturas sintácticas complexas propias da lingua escrita para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e a cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;

- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **6.5.2.6. Competencia e contidos léxicos.**

Utilización correcta e adecuada ao contexto dunha ampla gama léxica escrita de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot.

#### **6.5.2.7. Competencia e contidos ortotipográficos.**

Utilización correcta e adecuada ao contexto das convencións ortotipográficas da lingua meta, incluíndo trazos de formato; valores discursivos dos signos tipográficos, ortográficos e de puntuación; adaptación ortográfica de préstamos; variantes na representación gráfica de fonemas e sons; variantes do alfabeto ou dos caracteres e os seus usos nas diversas formas.

#### **6.5.3. Criterios de avaliación.**

Adapta o que di e os medios de expresalo á situación, á persoa receptora, ao tema e ao tipo de texto, e adopta un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias, aplicando os seus coñecementos e competencias socioculturais e sociolingüísticos con facilidade para establecer diferenzas de rexistro e estilo e para adecuar con eficacia o texto escrito ás convencións establecidas nas culturas e comunidades de lingua meta respectivas, elixindo unha formulación apropiada entre unha ampla serie de elementos lingüísticos para expresarse con claridade e sen ter que limitar o que quere dicir.

Aplica con soltura as estratexias máis adecuadas para elaborar os distintos textos escritos complexos que lle demanda o contexto específico e planifica o que hai que dicir e os medios para dicilo considerando o efecto que pode producir no/a lector/a.

Utiliza os expoñentes escritos das funcións comunicativas máis apropiados para cada contexto, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).

Amosa control das estruturas organizativas textuais e dos mecanismos complexos de cohesión do texto escrito e pode ilustrar os seus razoamentos con exemplos pormenorizados e precisar as súas afirmacións e opinións de acordo coas súas diversas intencións comunicativas en cada caso.

Utiliza unha ampla gama de estruturas sintácticas que lle permiten expresarse por escrito con precisión e mantén un alto grao de corrección gramatical de modo consistente; os erros son escasos e practicamente inapreciables.

Posúe un amplo repertorio léxico escrito que inclúe expresións idiomáticas e coloquialismos e que lle permite mostrar un alto grao de precisión, superar con soltura as súas deficiencias mediante circunloquios e non cometer máis que pequenos e esporádicos deslices no uso do vocabulario.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua meta para producir textos escritos nos cales a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son consistentes e prácticas e nos cales a ortografía é correcta, salvo deslices tipográficos de carácter esporádico.

## **6.6. Actividades de mediación.**

### **6.6.1. Obxectivos.**

Trasladar oralmente nun novo texto coherente, parafraseándoos ou resumíndoos, información, opinións e argumentos contidos en textos escritos ou orais longos e minuciosos de diverso carácter e procedentes de diversas fontes, como ensaios ou conferencias.

Facer unha interpretación consecutiva en charlas, reunións, encontros ou seminarios relacionados coa propia especialidade, con fluidez e flexibilidade, transmitindo a información importante nos seus propios termos.

Mediar con fluidez e eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas sobre temas tanto relacionados cos campos de interese persoal ou da propia especialización como de fóra dos ditos campos (en reunións, seminarios, mesas redondas ou en situacións potencialmente conflitivas), tendo en conta as diferenzas e as implicacións sociolingüísticas e socioculturais destas e reaccionando en consecuencia, transmitindo, de maneira clara e concisa, información significativa e formulando as preguntas e facendo os comentarios pertinentes co fin de obter os detalles necesarios ou comprobar supostas inferencias e significados implícitos.

Tomar notas escritas para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante contida en textos escritos complexos, aínda que claramente estruturados, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

Tomar notas escritas detalladas para terceiras persoas, coa precisión necesaria e unha boa estruturación, durante unha conferencia, entrevista, seminario, reunión ou debate claramente estruturados, articulados a velocidade normal nunha variedade da lingua ou nun acento cos que se estea familiarizado/a, e sobre temas complexos e abstractos, tanto fóra como dentro do propio campo de interese ou especialización, seleccionando que información e argumentos relevantes consignar segundo se desenvolve o discurso.

Trasladar por escrito nun novo texto coherente, parafraseándoos ou resumíndoos, información, opinións e argumentos contidos en textos orais ou escritos longos e minuciosos de diverso carácter e procedente de diversas fontes (diferentes medios de comunicación, diversos textos académicos ou varios informes ou outros documentos de carácter profesional).

Resumir, comentar e analizar por escrito os aspectos principais, a información específica relevante e os diferentes puntos de vista contidos en noticias, artigos sobre temas de interese xeral, entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises.

Traducir fragmentos, relevantes con respecto a actividades do propio interese nos ámbitos persoal, académico ou profesional, de textos escritos tales como correspondencia formal, informes, artigos ou ensaios.

### **6.6.2. Competencia e contidos interculturais.**

Bo dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación con facilidade e eficacia: conciencia da alteridade, conciencia sociolingüística, coñecementos culturais específicos, observación, escoita, avaliación, interpretación, posta en relación, adaptación, imparcialidade, metacomunicación, respecto, curiosidade, apertura de miras, tolerancia.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

### **6.6.3. Criterios de avaliación.**

Posúe un coñecemento amplo e concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas e das comunidades de práctica en que se fala o idioma, incluídas as sutilezas e implicacións das actitudes que reflicten os seus usos e os seus valores e intégraas con facilidade na súa competencia intercultural xunto coas convencións das súas propias linguas e culturas, o que lle permite extraer as conclusións e relacións apropiadas e actuar en consecuencia, nunha ampla gama de rexistros e estilos, coa debida flexibilidade segundo as circunstancias, e con eficacia.

Aplica con soltura as estratexias adecuadas para adaptar os textos que debe procesar ao propósito, á situación, ás persoas receptoras e á canle de comunicación, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte. Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións de acordo co ámbito e co contexto comunicativos, p. ex., nun texto académico.

Transmite con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e das necesidades das persoas destinatarias.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, indicando a súa comprensión e interese; elaborando, ou pedíndolles ás partes que elaboren o dito con información detallada ou ideas relevantes; axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; volvendo sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión e orientándoa cara á resolución do problema ou do conflito en cuestión.

### **6.7. Criterios de avaliación e mínimos esixibles**

<p>Actividades de comprensión de textos orais</p>	<p><b>É quen de comprender o que se pretende comunicar.</b></p> <p><b>Pode recoñecer</b> segundo o contexto a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.</p> <p><b>É quen de seguir</b> un discurso extenso relativamente ben estruturado.</p> <p><b>É quen de recoñecer</b>, en xeral, expresións idiomáticas e coloquiais.</p> <p><b>É quen de recoñecer matices de significado en distintas variedades fonético-fonolóxicas estándar.</b></p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	<p><b>É quen de formular</b> preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.</p> <p><b>É capaz de adaptar</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p><b>Pode producir</b> un texto oral coherente e cohesionado.</p> <p><b>É quen de transmitir</b> de xeito oral e con claridade os puntos mais relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.</p> <p><b>É quen de variar</b> a entoación e colocar a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado.</p>
<p>Actividades de comprensión de textos escritos</p>	<p><b>É capaz de comprender</b> o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.</p> <p><b>Pode identificar</b> o contido e a importancia de textos profesionais ou académicos.</p> <p><b>É quen de localizar</b> detalles relevantes en textos complexos.</p> <p><b>É capaz de recoñecer</b> a intención do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.</p> <p><b>Pode localizar</b> a información nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.</p> <p><b>É quen de recoñecer</b> algunhas expresións idiomáticas e coloquiais.</p> <p><b>É capaz de comprender</b> unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.</p> <p><b>Pode</b> comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso de convencións ortotipográficas.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</p>	<p><b>Pode escribir</b> textos complexos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.</p> <p><b>É quen capaz de redactar</b> un texto e adáptalo á situación requirida.</p>



	<p><b>É quen de presentar</b> ideas e puntos de vista con fin de destacalos e diferencialos.</p> <p><b>É quen de utilizar</b> estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión e corrección.</p> <p><b>Pode utilizar</b> as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.</p> <p><b>Pode adaptar</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, sen alterar a información.</p> <p><b>É capaz de producir</b> un texto escrito coherente e cohesionado.</p> <p><b>É capaz de facer</b> unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións.</p> <p><b>Pode transmitir</b> de maneira escrita e con claridade os puntos máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.</p>
<p>Actividades de mediación</p>	<p><b>É quen de coñecer os</b> aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</p> <p><b>É capaz de adaptar</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p><b>Pode producir</b> un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.</p> <p><b>É capaz de citar</b> as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.</p> <p><b>Pode transmitir</b> de xeito oral ou escrito os puntos mais recentes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.</p> <p><b>É quen de xestionar</b> con flexibilidade a interacción entre as partes, axudando a expresar as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p>



## 6.8. Temporalización C1.1 modalidade presencial.

### 1º CUADRIMESTRE

	<b>UNIT 1</b>
<b>TEMA</b>	<b>Familia e traballo</b>
<b>FUNCÍONS</b>	Expresar acordo e desacordo Expresar opinión. Expresar sentimentos e actitudes con respecto aos demais e situacións.
<b>GRAMÁTICA</b>	Diferenzas entre o verbo <i>have</i> como verbo principal e como verbo auxiliar. Repaso do tempo presente. Mecanismos de cohesión: clases e usos dos conectores entre oracións ( <i>result, reason, purpose and contrast</i> ).
<b>VOCABULARIO</b>	Traballo e actividades profesionais (tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, conciliación familiar) Relacións persoais e sociais (Relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade) Identidade persoal (dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais)
<b>FONÉTICA</b>	Patróns de ritmo, pronunciación e entoación.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un correo electrónico/carta solicitando emprego.
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos escritos sobre descricións e personalidade. Ler de forma autónoma textos breves sobre personalidade e sobre xente que revela os seus verdadeiros sentimentos.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar sobre traballos que odiarían ou lles encantaría facer. Producir e coproducir con espontaneidade textos orais sobre rasgos familiares e relacións familiares.
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender textos orais sobre familias descricións e personalidade. Comprender os aspectos e detalles importantes en textos orais sobre o mundo laboral.

<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	<p>A situación laboral e as relacións familiares en países anglosaxóns.</p> <p>Referencia ás contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.</p>
------------------------------	---

	<b>UNIT 2</b>
<b>TEMA</b>	<b>Aprendizaxe de linguas e experiencias pasadas</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	<p>Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.</p> <p>Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.</p> <p>Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.</p> <p>Expresar actitudes e sentimentos</p>
<b>GRAMÁTICA</b>	<p>Usos dos pronomes.</p> <p>Usos do pasado.</p>
<b>VOCABULARIO</b>	<p>Aprendizaxe de idiomas.</p> <p>Formación de palabras (sustantivos abstractos).</p> <p>Actitudes e sentimentos</p>
<b>FONÉTICA</b>	Acentos e correspondencia grafías e sons.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Producir un ensaio sobre a infancia ou como cambiou a vida nos últimos 30 anos.
<b>COMPREENSIÓN ESCRITA</b>	<p>Crítica dun libro e un extracto dunha autobiografía.</p> <p>Artigos sobre ortografía e vocabulario da lingua inglesa</p>
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	<p>Falar sobre a aprendizaxe de linguas e o inglés en particular.</p> <p>Falar sobre a propia infancia e recordos da época.</p>
<b>COMPREENSIÓN ORAL</b>	<p>Textos orais sobre o inglés e os seus acentos.</p> <p>Textos orais sobre as primeiras lembranzas dun grupo de persoas.</p>
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, cultura e linguas diversas.

	<b>UNIT 3</b>
<b>TEMA</b>	<b>Saúde e viaxes</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	<p>Expresar opinión.</p> <p>Ofrecer consello e recomendar.</p> <p>Interesarse por alguén ou por algo</p> <p>Ser capaces de desenvolverse nunha consulta médica.</p>
<b>GRAMÁTICA</b>	<p>Xerundios e infinitivos.</p> <p>Expresión de plans futuros e arrangements. Predicións.</p>
<b>VOCABULARIO</b>	<p>Saúde, coidados físicos e atención sanitaria (estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas)</p> <p>Símiles.</p> <p>Viaxes e estancias no estranxeiro (turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro)</p>
<b>FONÉTICA</b>	<p>/θ/</p> <p>Homófonos</p>
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	<i>A discursive essay</i>
<b>COMPREENSIÓN ESCRITA</b>	<p>Comprender textos sobre medicina e tratamentos.</p> <p>Comprender textos sobre viaxes e turismo.</p>
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	<p>Falar sobre tratamentos e medicina alternativa.</p> <p>Falar sobre viaxes e turismo.</p>
<b>COMPREENSIÓN ORAL</b>	<p>Comprender textos orais sobre medicina alternativa.</p> <p>Comprender textos orais sobre consellos.</p> <p>Comprender textos orais sobre viaxes.</p>
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	<p>A diferenza entre viaxar e facer turismo.</p> <p>Lugares de interese en países de fala inglesa.</p>

<b>UNIT 4</b>	
<b>TEMA</b>	<b>Goberno e sociedade</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Expresar opinión Expresar dúbida, descoñecemento e hipótese Sintetizar información.
<b>GRAMÁTICA</b>	Uso de adverbios e expresións adverbiais. Usos de <i>get</i> .
<b>VOCABULARIO</b>	Frases con <i>get</i> . Conflitos.
<b>FONÉTICA</b>	O acento en familias de palabras. Identificar a actitude dos falantes.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un artigo de opinión de forma clara e ben estruturada.
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender artigos xornalísticos Comprender en detalle a información contida en textos de consulta.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Interactuar en conversas sobre sociedade. Expresar as propias ideas e opinións con precisión e presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia. Resumir e transmitir información.
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender programas de actualidade Comprender conversas sobre sociedade
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Eventos históricos.

<b>UNIT 5</b>	
<b>TEMA</b>	<b>Sensacións e percepcións físicas e cultura</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Salientar e matizar a propia opinión. Recomendar.

<b>GRAMÁTICA</b>	Expresión de dedución e especulación: verbos modais e adxectivos e adverbios. Énfase: inversión.
<b>VOCABULARIO</b>	Identidade persoal (Sensacións e percepcións físicas) Cultura e actividades artísticas (música e danza, literatura e cine)
<b>FONÉTICA</b>	Combinación de consonantes. Fonema /ɔ:/
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir a crítica dunha película ou libro. Escribir parágrafos narrativos inventados. Tomar notas para transmitir a terceiras persoas.
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender reseñas de libros e películas. Comprender textos literarios contemporáneos.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Interactuar en conversas sobre libros e películas Facer unha presentación sobre un libro ou película. Mediar entre compañeiros aclarando información.
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender textos orais sobre percepcións físicas. Comprender textos orais sobre películas e libros.
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Cultura literaria e cinematográfica.

## *2º CUADRIMESTRE*

	<b>UNIT 6</b>
<b>TEMA</b>	<b>Actividades comerciais e diñeiro</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Expresar opinión. Formular unha hipótese e supoñer. Expresar dúbida e escepticismo.
<b>GRAMÁTICA</b>	Pasado hipotético

	Distancing ( <i>passives, seem/appear</i> e outras expresións)  Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos
<b>VOCABULARIO</b>	Economía e industria (finanzas, comercio, entidades e empresas)  Compras e actividades comerciais (actividades de compra, venda e subrogación)
<b>FONÉTICA</b>	Aprender e practicar pronunciación americana e británica.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un blogue para dar consellos.
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender artigos sobre diñeiro e finanzas.  Comprender artigos sobre as compras e a publicidade.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar sobre a importancia do diñeiro.  Falar dos hábitos de consumo e da publicidade.
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender textos orais sobre as finanzas.  Comprender textos orais sobre compras.
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Novos sistemas de financiación: <i>crowdfunding, ...</i>

	<b>UNIT 7</b>
<b>TEMA</b>	<b>Ciencia e tecnoloxía</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Expresar opinión.  Expresar acordo e desacordo
<b>GRAMÁTICA</b>	<i>Verb + object + infinitive or gerund.</i>  Oracións condicionais.  Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos
<b>VOCABULARIO</b>	Ciencia e tecnoloxía (avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas)  Adjectives + prepositions

<b>FONÉTICA</b>	Practicar pronunciación de diferentes sons vocálicos.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir un artigo de opinión sobre vantaxes e desvantaxes. Tomar nota para transmitir a terceiras persoas.
<b>COMPRENSIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos sobre a importancia da tecnoloxía. Comprender textos sobre ciencia.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Dar unha opinión e argumentar sobre a importancia da tecnoloxía. Intercambiar información sobre avances científicos e tecnolóxicos.
<b>COMPRENSIÓN ORAL</b>	Comprender textos orais sobre tecnoloxía. Comprender textos orais sobre adicciós.
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	A importancia da tecnoloxía na sociedade actual.

	<b>UNIT 8</b>
<b>TEMA</b>	<b>Educación e arte</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Expresar opinión. Ofrecer consello e recomendar. Interesarse por alguén ou por algo
<b>GRAMÁTICA</b>	Verbos relacionados cos sentidos.
<b>VOCABULARIO</b>	Educación e actividades académicas (sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións e recursos). Cultura e actividades artísticas (arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda) Prefixos ( <i>over, under</i> ). Prefixos e sufixos negativos. <i>Colour idioms</i>
<b>FONÉTICA</b>	Pronunciación de palabras que terminan en <i>-ure</i> .
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Un informe/unha proposta.
<b>COMPRENSIÓN</b>	Comprender textos sobre educación.

<b>ESCRITA</b>	Comprender artigos sobre arte.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar da educación no pasado e no presente e facer especulacións para o futuro. Falar sobre exposicións, museos, arte, piratería,...
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender textos orais sobre educación e aprendizaxe. Comprender textos orais sobre distintos tipos de arte.
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	O sistema educativo no Reino Unido e EEUU.

	<b>UNIT 9</b>
<b>TEMA</b>	<b>Restauración e tempo libre</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	Descibir e recomendar establecementos de hostalaría. Expresar opinión, acordo ou desacordo.
<b>GRAMÁTICA</b>	Sustantivos: <i>compounds and possessive forms</i> . Cláusulas de relativo.
<b>VOCABULARIO</b>	Alimentación (tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola) Adxectivos relacionados coa comida. Lecer e tempo libre (xogos, actividades deportivas) Formación de palabras: adxectivos, sustantivos e verbos
<b>FONÉTICA</b>	Palabras con sílabas non pronunciadas. Homógrafos.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Escribir unha reclamación sobre un servizo.
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos sobre comida. Comprender textos sobre deportes.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar sobre restaurantes e comida.



	Falar sobre actividades de tempo libre e deportes.
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender textos orais sobre restaurantes. Comprender textos orais sobre deporte profesional.
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	Actividades de ocio e deportes en países de fala inglesa.

	<b>UNIT 10</b>
<b>TEMA</b>	<b>Vivenda e inmigración</b>
<b>FUNCIÓN</b>	Expresar opinión. Discutir sobre diferentes alternativas.
<b>GRAMÁTICA</b>	Énfase: <i>cleft sentences</i> .
<b>VOCABULARIO</b>	Vivenda, fogar e contorna (tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...)  Palabras que se confunden con frecuencia.
<b>FONÉTICA</b>	Entoación en <i>cleft sentences</i> .
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Carta a un director dun periódico.
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b>	Comprender textos sobre vivenda, compra e alugueiro. Comprender textos sobre inmigración.
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Falar sobre vivenda, compra e alugueiro. Falar sobre vivir no estranxeiro e o sentimento de arraigo.
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	Comprender a xente falando de vivenda. Comprender a xente falando de vivir en diferentes lugares.
<b>CONTIDO SOCIOCULTURAL</b>	A vida noutros países e a inmigración.

## 6.9. Temporalización C1.1 modalidade semipresencial.

Este curso ten a mesma duración que os cursos presenciais (120 horas). Combina o ensino presencial (2 horas semanais) donde se presta especial atención á práctica oral e á parte en liña desenvolvida na plataforma Moodle donde o alumnado traballa as distintas actividades de lingua de maneira autónoma co apoio e orientación da profesora/titora.

Os contidos do curso están aloxados na aula virtual, polo que o alumnado no precisa dun libro de texto. O alumnado debe dispoñer dun ordenador con conexión a internet e coñecementos básicos de informática a nivel usuario para o correcto seguimento da parte virtual do curso. Ademais, o alumnado debe ser quen de autoxestionar o seu tempo de estudo para poder seguir o ritmo do curso.

O curso está estruturado en 10 módulos que requiren cada un deles dunha dedicación de aproximadamente 3 sesións na aula presencial e outras 3 sesións de aprendizaxe autónoma na aula virtual.

En canto á avaliación, ademais da titorización e retroalimentación por parte da profesora/titora, o alumnado realizará unha proba final ao rematar o curso. Esta proba será a mesma que a do curso C1.1 presencial.

No que se refire aos obxectivos xerais, obxectivos específicos, competencias, contidos e criterios de avaliación serán os mesmos que os dos cursos de C1.1 presenciais.

No que respecta á secuenciación e á temporalización dos contidos enunciados a continuación poden sufrir modificacións e adaptacións de tal xeito que se poida garantir o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

<b>UNIDADE 1: Nature vs Nurture</b>			
<b>Obxectivos específicos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Producir descrições detalladas sobre personalidade e familia.</li> <li>● Escribir un artigo de blogue sobre un tema de actualidade.</li> <li>● Examinar estratexias de aprendizaxe colaborativamente.</li> </ul>			
<b>Competencias e contidos</b>	<b>Actividades</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos esixibles</b>
<b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diferencias e semellanzas socioculturais que existen no eido familiar en diferentes</li> </ul>	<u>Learning about it</u>  Comprensión de textos escritos e vocabulario <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Birth order: trap or theory?</i></li> <li>● <i>A typical family, or is it?</i></li> </ul>	<u>Actividades de comprensión de textos orais</u>  - Comprende ideas e conceptos concretos nun texto oral extraído dun trailer e monólogos falados. - Comprende	O alumnado é quen de:  <u>Actividades de comprensión de textos orais</u>  -Comprender ideas e

<p>países.</p> <p><b>II-Estratéxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Reflexionar sobre estratexias que facilitan ou impiden a aprendizaxe.</li> <li>● Crear unha proposta de actividades que fomenten a aprendizaxe efectiva da lingua.</li> <li>● Examinar o proceso de producir un texto e recoñecer a variedade e características xerais de distintas tipoloxías textuais.</li> </ul> <p><b>III-Funcionais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Expresar a opinión.</li> <li>● Reaccionar e responder a información e opinións.</li> </ul> <p><b>IV-Discursivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estructurar un texto oral e un texto escrito.</li> </ul> <p><b>V-Sintácticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● A oración de relativo.</li> </ul> <p><b>VI-Léxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxico relacionado coa familia e as relacións familiares.</li> </ul>	<p>Comprensión de textos orais e gramática</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>The science of character</i></li> <li>● <i>How language learning determines your personality.</i></li> </ul> <p>Pronuncia e produción de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Os sons e grafías da lingua inglesa.</li> </ul> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Considerations and strategies for writing.</i></li> <li>● <i>How to write a blog post.</i></li> </ul> <p><u>Communicating and sharing</u></p> <p>Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>What's typical?</i></li> <li>● <i>Nature or nurture?</i></li> <li>● <i>Forum: How learning languages shapes the way you are.</i></li> <li>● <i>A collaborative online quiz: I like people who...</i></li> </ul> <p><u>Making progress</u></p> <p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Collaborative glossary.</i></li> <li>● <i>Post a description of yourself.</i></li> <li>● <i>30 Day Challenge infographic.</i></li> <li>● Un artigo de</li> </ul>	<p>descricións detalladas sobre carácter.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>-Inicia, mantén e remata conversacións sobre carácter e familia, expresando e xustificando as súas opinións e respectando as quendas de palabras.</p> <p>-Elabora unha descrición detallada sobre carácter e da a súa opinión sobre o debate <i>nature vs nurture</i> e xustifica os seus argumentos de forma coherente e cohesionada.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Recoñece e comprende diferentes atitudes e sentimentos dos narradores sobre un tema (ironía, desaprobación, etc).</p> <p>-Identifica o contexto xeral dun texto.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Produce textos coherentes e cohesionados detallados sobre un tema de actualidade.</p> <p>-Inicia e mantén</p>	<p>conceptos nun texto oral extraído dun trailer e monólogos falados</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais.</u></p> <p>-Iniciar, manter e rematar conversacións sobre carácter e familia, expresando e xustificando as súas opinións.</p> <p>-Elaborar un audio sobre carácter, dar a súa opinión sobre o debate <i>nature vs nurture</i> e xustifica os seus argumentos.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Recoñecer e comprender diferentes atitudes e sentimentos dos narradores sobre un tema (ironía, desaprobación, etc)</p> <p>-Identificar o contexto xeral dun texto.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Producir un artigo de blogue coherente sobre un tema de actualidade.</p> <p>-Iniciar e manter a comunicación escrita</p>
---	---	---	--

<ul style="list-style-type: none"> <li>● Expresións idiomáticas.</li> <li>● Léxico para describir o carácter.</li> </ul> <p><b>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Os sons da lingua inglesa e a súa ortografía.</li> </ul>	<p>blogue.</p> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>For further practice</i></li> <li>● <i>Check your progress</i></li> </ul>	<p>comunicación escrita sobre relacións familiares e os cambios do concepto de familia, expresando e xustificando as súas opinións de forma precisa.</p> <p>-Inicia e mantén comunicación escrita sobre o impacto da aprendizaxe de linguas no carácter dun.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>-Selecciona e explica información relevante dun gráfico.</p> <p>-Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</p>	<p>sobre relacións familiares e os cambios do concepto de familia, expresando e xustificando as súas opinións.</p> <p>-Iniciar e manter a comunicación escrita sobre o impacto da aprendizaxe de linguas no carácter dun.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>Seleccionar e explicar información relevante dun gráfico.</p> <p>Adaptar a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á situación.</p>
<b>Recursos</b>			
Material didáctico dispoñible no módulo 1 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.			
<b>Temporalización</b>			
3 semanas			

## UNIDADE 2: The University of life

### Obxectivos específicos

- Falar sobre a idade e temas educativos
- Debatir e expresar opinións sobre diversas metodoloxías educativas
- Presentar un tema relacionado coa educación hoxe en día.
- Escribir unha carta solicitando información a un centro educativo

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diferencias e semellanzas socioculturais que existen no eido educativo en diferentes países.</li> </ul> <p><b>II-Estratéxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos.</li> <li>● Reflexionar sobre o proceso de escribir un texto formal.</li> <li>● Deducir o significado dunha expresión idiomática ou palabra polo contexto.</li> <li>● Elaborar hipótesis sobre situacións do pasado.</li> </ul> <p><b>III-Funcionais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Producir un texto formal a partires dun modelo</li> <li>● Describir distintas posturas de textos escritos e orais.</li> <li>● Expresar a súa opinión sobre temas de interese</li> </ul>	<p><u>Learning about it</u></p> <p>Comprensión de textos escritos e vocabulario:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Vocabulary and idioms related to ageing and education</i></li> <li>● <i>Early study abroad students in young adulthood</i></li> <li>● <i>Adolescent Angst and Rites of Passage</i></li> </ul> <p>Comprensión de textos orais e gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>What every students should know about university</i></li> <li>● <i>57 years apart</i></li> <li>● <i>Famous conditional quotes</i></li> <li>● <i>Two views of university</i></li> </ul> <p>Pronuncia e produción de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Syllabic consonants</i></li> <li>● <i>Connectors competition</i></li> <li>● <i>Education nowadays summaries</i></li> </ul> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Content of a formal letter</li> <li>● How to write a formal letter</li> </ul> <p><u>Communicating and</u></p>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>-Comprende ideas e conceptos concretos dun video sobre a validez da educación universitaria.</p> <p>-Comprende en detalle diferentes posturas nun video sobre distintas etapas da vida.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>-Inicia, mantén e remata conversacións sobre a educación e as etapas vitais, expresando e xustificando as súas opinións e respectando as quendas de palabras.</p> <p>-Produce textos orais complexos sobre a educación organizando o seu discurso con coherencia e marcadores de cohesión adecuados.</p> <p>-Relata a súa experiencia educativa pasada con detalle cunha variedade de mecanismos discursivos</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Comprende con detalle descripciones sobre a</p>	<p>O alumnado é quen de:</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>-Comprender ideas e conceptos dun video sobre a validez da educación universitaria</p> <p>-Comprender as dúas posturas xerais nun video sobre distintas etapas da vida.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>-Iniciar, manter e rematar conversacións sobre a educación e as etapas vitais, expresando as súas opinións.</p> <p>-Producir textos orais sobre a educación organizando o seu discurso con marcadores de cohesión.</p> <p>-Relatar a súa experiencia educativa pasada.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Comprender descripciones sobre a adquisición de linguas</p>

<p>(educación e paso do tempo)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Especular sobre o presente e o pasado.</li> </ul> <p><b>IV-Discursivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Empregar adecuadamente diversas fórmulas para especular e expresar hipótese.</li> <li>● Estructurar o discurso oral e escrito especialmente mediante conectores e expresións da lingua formal.</li> </ul> <p><b>V-Sintácticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● A oración condicional nas súas variantes</li> </ul> <p><b>VI-Léxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxico relacionado coa educación e etapas da vida.</li> <li>● Expresións idiomáticas.</li> <li>● Léxico para describir a idade.</li> </ul> <p><b>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● A pronuncia de consonantes silábicas, especialmente en inglés americano.</li> </ul>	<p><u>sharing</u></p> <p>Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Is university great?</i></li> <li>● <i>Your choice forum</i></li> <li>● <i>Having children</i></li> <li>● <i>Attitudes to ageing</i></li> </ul> <p><u>Making progress</u></p> <p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Glossary: vocabulary related to ageing</i></li> <li>● <i>Age problems</i></li> <li>● <i>Reggio Emilia education</i></li> <li>● <i>Writing a formal letter: closer to your university dream</i></li> </ul> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>For further practice</i></li> <li>● <i>Check your progress</i></li> </ul>	<p>adquisición de linguas</p> <p>- Comprende os matices dun texto especializado sobre as etapas da adolescencia.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Produce textos coherentes, cohesionados e detallados sobre un tema de actualidade.</p> <p>-Inicia e mantén comunicación escrita solicitando información específica sobre un tema de interese, expresando e xustificando os seus argumentos de forma precisa.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>-Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado ca educación e as etapas vitais.</p> <p>-Adapta a súa produción a un contexto formal e ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</p>	<p>-Comprender un texto especializado sobre as etapas da adolescencia.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Producir textos sobre un tema de actualidade.</p> <p>-Iniciar e manter comunicación escrita solicitando información específica sobre un tema de interese.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>-Resumir e sintetizar as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado ca educación e as etapas vitais.</p> <p>-Adaptar a súa produción a un contexto formal e ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</p>
<p><b>Recursos</b></p>			
<p>Material didáctico dispoñible no módulo 2 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.</p>			

<b>Temporalización</b>
3 semanas

<b>UNIDADE 3: Into books and films</b>			
<b>Obxectivos específicos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Producir resúmenes de películas e libros</li> <li>● Falar de hábitos de lectura</li> <li>● Escribir un haiku</li> <li>● Debatir e expresar opinións sobre películas ou eventos históricos e series de televisión</li> </ul>			
<b>Competencias e contidos</b>	<b>Actividades</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos esixibles</b>
<p><b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diferenzas culturais entre as series de televisión de distintos países e distintas xeracións.</li> <li>● Diferenzas culturais entre os libros e películas históricas de distintos países.</li> </ul> <p><b>II-Estratéxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Autoavaliar as producións propias seguindo unha rúbrica.</li> <li>● Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos.</li> </ul> <p><b>III-Funcionais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Producir un</li> </ul>	<p><u>Learning about it</u></p> <p>Comprensión de textos escritos e vocabulario:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Film reviews: World Trade Center/JFK/Schindler's List</i></li> <li>● <i>The Golden Age of TV</i></li> <li>● Vocabulario para describir libros.</li> </ul> <p>Comprensión de textos orais e gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>An interview with a book lover</i></li> <li>● <i>Word formation</i></li> </ul> <p>Pronuncia e produción de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Word stress: change the stress, change the meaning</i></li> <li>● <i>Hesitation devices</i></li> </ul> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Creative writing: haikus</i></li> <li>● <i>Write a film or a</i></li> </ul>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>- Comprende descrições sobre hábitos de lectura.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>-Describe os seus hábitos de lectura correctamente, organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.</p> <p>-Produce descrições detalladas de series de televisión correctamente organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Comprende descrições</p>	<p>O alumnado é quen de:</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>- Comprender descrições sobre hábitos de lectura.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>-Describir hábitos de lectura.</p> <p>-Producir descrições de series de televisión.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>- Comprender descrições de películas históricas.</p>

<p>haiku.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Prescribir os hábitos de lectura de cada un</li> <li>● Producir descrições detalladas de series de televisión.</li> <li>● Expresar opinión personal sobre películas e sucesos históricos.</li> <li>● Describir o argumento dunha película histórica ou libro.</li> </ul> <p><b>IV-Discursivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estructurar o discurso oral e escrito mediante pausas, parágrafos e conectores,</li> <li>● Empregar adecuadamente expresións de opinión persoal.</li> </ul> <p><b>V-Sintácticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● A formación da palabra (<i>Word Formation</i>).</li> </ul> <p><b>VI-Léxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Vocabulario relacionado coa descrición de libros .</li> <li>● Vocabulario relacionado coas películas, series de televisión e haikus.</li> </ul>	<p><i>book review</i> <u>Communicating and sharing</u></p> <p>Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Creative writing: haikus</i></li> <li>● <i>Guessing historical films</i></li> <li>● <i>An important historical event</i></li> <li>● <i>My favourite TV series</i></li> </ul> <p><u>Making progress</u></p> <p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Collaborative glossary related to books, films and TV series</i></li> <li>● <i>A questionnaire about your reading habits</i></li> <li>● <i>Writing a film or a book review</i></li> </ul> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>For further practice</i></li> <li>● <i>Check your progress</i></li> </ul>	<p>de películas históricas.</p> <p>-Comprende un texto sobre a historia das series de televisión.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Inicia e mantén conversacións sobre películas históricas e sucesos históricos, expresando e xustificando as súas opinións.</p> <p>- Crea un haiku seguindo as especificacións ao respecto.</p> <p>-Describir o argumento dun libro ou película histórica, utilizando o vocabulario específico para describir películas e libros correctamente e organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>- Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado cos libros, as películas históricas, as series de televisión e os haikus.</p> <p>- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</p>	<p>- Comprender un texto sobre a historia das series de televisión.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>- Manter conversacións sobre películas históricas e sucesos históricos, expresando e xustificando as súas opinións.</p> <p>-Crear un haiku.</p> <p>-Describir o argumento dun libro ou película histórica, utilizando o vocabulario específico para describir películas e libros.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>- Resumir as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado cos libros, as películas históricas, as series de televisión e os haikus.</p> <p>- Adaptar a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á situación.</p>
---	---	--	--



<ul style="list-style-type: none"> <li>● Frases idiomáticas.</li> </ul> <b>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Palabras con dobre acento.</li> <li>● Diferentes xeitos de expresar a duda ao falar en inglés.</li> </ul>			
<b>Recursos</b>			
Material didáctico dispoñible no módulo 3 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.			
<b>Temporalización</b>			
3 semanas.			

<b>UNIDADE 4: Hitting the road</b>			
<b>Obxectivos específicos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Participar en discusións animadas sobre diferentes maneiras de viaxar.</li> <li>● Producir descrições detalladas e vivaces de destinos turísticos.</li> <li>● Relatar experiencias de viaxes fallidas no pasado.</li> </ul>			
<b>Competencias e contidos</b>	<b>Actividades</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos esixibles</b>
<b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diferenzas culturais entre os diferentes países que se atopan cando se viaxa</li> </ul> <b>II-Estratéxicos</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Autoavaliar as producións propias seguindo unha rúbrica</li> </ul>	<u>Learning about it</u>  Comprensión de textos escritos e vocabulario: <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Reasons to visit Durham</i></li> <li>● <i>Vocabulary and idioms related to travel</i></li> </ul> Comprensión de textos orais e gramática: <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Misadventures in Morocco</i></li> <li>● <i>Narrative tenses</i></li> </ul>	<u>Actividades de comprensión de textos orais</u>  - Comprende descrições de destinos turísticos e narracións sobre viaxes en distintos rexistros.  - Comprende feitos e opinións sobre temas relacionados co turismo.	O alumnado é quen de:  <u>Actividades de comprensión de textos orais</u>  - Comprender descrições de destinos turísticos e narracións sobre viaxes.  - Comprender feitos e opinións sobre temas relacionados co

<ul style="list-style-type: none"> <li>● Co-avaliar as producións doutros estudantes seguindo unha rúbrica</li> <li>● Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos</li> </ul> <p><b>III-Funcionais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Narrar eventos acontecidos no pasado</li> <li>● describir un lugar</li> <li>● Expresar opinión personal sobre temas relacionados co turismo e as viaxes</li> </ul> <p><b>IV-Discursivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estruturar o discurso oral e escrito mediante pausas, parágrafos e conectores, especialmente as expresións adverbiais de tempo</li> <li>● Empregar adecuadamente expresións de opinión persoal</li> </ul> <p><b>V-Sintácticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Revisión de tempos verbais narrativos: past simple, past continuous,</li> </ul>	<p>Pronuncia e produción de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>-ed ending and exceptions</i></li> <li>● <i>How to tell a story</i></li> <li>● <i>Adverbial expressions of time</i></li> </ul> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>How to write a description of a place</i></li> <li>● <i>Participle clauses</i></li> </ul> <p><u>Communicating and sharing</u></p> <p>Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Solo travelling: Is it on your travel bucket list?</i></li> <li>● <i>Hotel vs Airbnb: Which option is best for you?</i></li> <li>● <i>Voluntourism: Do western do-gooders actually do harm?</i></li> </ul> <p><u>Making progress</u></p> <p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Collaborative glossary</i></li> <li>● <i>Creating a collaborative presentation</i></li> <li>● <i>Storytelling: disaster travel stories</i></li> <li>● <i>Writing workshop: a memorable long-haul train</i></li> </ul>	<p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas opinións e respectando as quendas de palabras.</li> <li>- Produce descricións detalladas e vivaces de destinos turísticos.</li> <li>- Relata experiencias de viaxes fallidas no pasado, expresando correctamente as relacións temporales, de maneira coherente e cohesionada.</li> </ul> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende descricións de destinos turísticos e narracións sobre viaxes en distintos rexistros.</li> <li>- Comprende feitos e opinións sobre temas relacionados co turismo.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Inicia, mantén e remata conversacións</li> </ul>	<p>turismo.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manter conversacións sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas opinións.</li> <li>- Producir descricións detalladas de destinos turísticos.</li> <li>- Relatar experiencias de viaxes fallidas no pasado, expresando as relacións temporales.</li> </ul> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender descricións de destinos turísticos e narracións sobre viaxes.</li> <li>- Comprender feitos e opinións sobre temas relacionados co turismo.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manter conversacións sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas</li> </ul>
--	--	---	---

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas.

## **7.3. Actividades de produción e coprodución de textos orais.**

### **7.3.2. Obxectivos.**

Facer declaracións públicas con fluidez e flexibilidade usando certa entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.

Realizar presentacións convincentes ante colegas e persoas expertas e pronunciar conferencias, relatorios e charlas, extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas e asuntos públicos ou profesionais complexos, demostrando seguridade e adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades dos/as oíntes, e manexando con habilidade e enfrontándose con éxito a preguntas difíciles, imprevisibles, e incluso hostís, destes/as.

Pronunciar conferencias ou impartir seminarios sobre temas e asuntos académicos complexos, con seguridade e de modo elocuente a un público que non coñece o tema, adaptándose a cada auditorio e desenvolvéndose sen ningunha dificultade ante calquera pregunta ou intervención de membros da audiencia.

Participar con total soltura en entrevistas, como entrevistador/a ou como entrevistado/a, estruturando o que di e desenvolvéndose con autoridade e con total fluidez, mostrando dominio da situación e capacidade de reacción e improvisación.

Realizar e xestionar con total eficacia operacións e transaccións complexas, incluso delicadas, ante institucións públicas ou privadas de calquera índole e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, as relacións con particulares e entidades e a solución dos conflitos que puidesen xurdir das ditas relacións.

Conversar cómoda e adecuadamente, sen ningunha limitación, en todo tipo de situacións da vida social e persoal, dominando todos os rexistros e o uso apropiado da ironía e o eufemismo.

Participar sen ningunha dificultade e con fluidez en reunións, seminarios, discusións, debates ou coloquios formais sobre asuntos complexos de carácter xeral ou especializado, profesional ou académico, incluso se se levan a cabo a unha velocidade moi rápida, utilizando argumentos claros e persuasivos, matizando con precisión para deixar claros os seus puntos de vista, e sen ningunha desvantaxe respecto aos/ás falantes nativos/as.

### **7.3.3. Competencias e contidos.**

#### **7.3.3.4. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na produción e coprodución de textos orais, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos e acentos.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **7.3.3.5. Competencia e contidos estratéxicos.**

Domínio das estratexias discursivas e de compensación que permitan expresar o que se quere dicir sen ningunha limitación, adecuando con eficacia o discurso a cada situación comunicativa específica de carácter complexo.

#### **7.3.3.6. Competencia e contidos funcionais.**

Realización das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala, mediante expoñentes complexos orais das ditas funcións, adecuados a cada contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne):

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación; agradecer; atraer a atención; compadecerse; consolar; dar a benvida; despedirse; expresar condolencia; felicitar; facer cumprimentos; interesarse por alguén ou por algo; invitar; pedir desculpas; presentarse e presentar alguén; rexeitar; saudar; tranquilizar.

Funcións ou actos de fala expresivos, con que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

#### **7.3.3.7. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e construción de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

- Coherencia textual: adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección

de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio-temporal: referencia espacial, referencia temporal).

- Cohesión textual: organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- *Podcasts*
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

#### **7.3.3.8. Competencia e contidos sintácticos.**

Coñecemento, selección en función da intención comunicativa segundo o ámbito e o contexto tanto xeral como específico e uso de estruturas sintácticas complexas propias da lingua oral para expresar:

– a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);

– o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);

– o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);

– o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;

– a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención, e outros actos de fala);

- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **7.3.3.9. Competencia e contidos léxicos.**

Coñecemento e utilización correcta e adecuada ao contexto dunha ampla gama léxica oral de carácter xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot.

#### **7.3.3.10. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.**

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e transmisión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas para expresar sutís matices de significado.

### **7.4. Actividades de comprensión de textos escritos.**

#### **7.4.2. Obxectivos.**

Comprender sen dificultade calquera tipo de información pública, instrución, ou disposición que poida interesarlle a un/unha mesmo/a ou a terceiras persoas, incluíndo os seus aspectos sutís e aqueles que poden derivar do seu contido.

Comprender en detalle a información e as implicacións de instrucións, normativas, ordenamentos, códigos, contratos ou outros textos legais complexos relativos ao mundo profesional ou académico en xeral e ao propio campo de especialización en particular.

Comprender en profundidade e detalle todo tipo de textos produto da actividade profesional ou académica (actas, resumos, conclusións, informes, proxectos, traballos de investigación) ou calquera documento de uso interno ou de difusión pública correspondente a estes ámbitos.

Comprender información detallada en textos extensos e complexos no ámbito público, social e institucional, por exemplo, informes que inclúen datos estatísticos, identificando actitudes e opinións implícitas no seu desenvolvemento e conclusións e apreciando as relacións, alusións e implicacións de tipo sociopolítico, socioeconómico ou sociocultural.

Comprender en detalle e en profundidade, e interpretar de maneira crítica, a información, ideas e implicacións de calquera tipo de material bibliográfico de consulta ou de referencia de carácter especializado académico ou profesional, en calquera soporte.

Comprender todo tipo de publicacións periódicas de carácter xeral, ou especializado dentro da propia área profesional, académica ou de interese.

Comprender sen dificultade as ideas e posturas expresadas en editoriais, artigos de fondo, recensións e críticas, ou outros textos periodísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, e en calquera soporte, nos que gran parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta ou ambigua, ou que conteñen numerosas alusións ou xuízos de valor velados.

Comprender con facilidade e en detalle calquera tipo de correspondencia persoal, e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos

especializados ou legais, identificando matices tales como as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas, tanto implícitas como explícitas, dos e das remitentes.

Comprender sen dificultade e interpretar de maneira crítica textos literarios extensos de calquera xénero, tanto clásicos como contemporáneos, apreciando recursos literarios (símiles, metáforas...), trazos de estilo, referencias contextuais (culturais, sociopolíticas, históricas ou artísticas), así como as súas implicacións.

### **7.4.3. Competencias e contidos.**

#### **7.4.3.4. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos escritos e apreciación das sutilezas e implicacións dos aspectos socioculturais da comunicación escrita, incluíndo os usos emocional, alusivo e humorístico do idioma, o que supón recoñecer e comprender as intencións comunicativas dunha ampla gama de marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros e dialectos e unha gran diversidade de expresións idiomáticas, coloquiais, rexionais e de argot.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **7.4.3.5. Competencia e contidos estratéxicos.**

Selección e aplicación eficaz das estratexias máis adecuadas para comprender o que se pretende ou o que se require en cada caso e utilización das claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxicas e ortotipográficas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora e sacar as conclusións apropiadas.

#### **7.4.3.6. Competencia e contidos funcionais.**

Comprensión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala mediante os expoñentes escritos das ditas funcións segundo o contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne):

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.



Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

Funcións ou actos de fala expresivos, cos cales se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

#### **7.4.3.7. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua escrita, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

- Coherencia textual: adecuación do texto escrito ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio-temporal: referencia espacial, referencia temporal).
- Cohesión textual: organización interna do texto escrito. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

#### 7.4.3.8. Competencia e contidos sintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas complexas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, tanto xerais como específicos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### 7.4.3.9. Competencia e contidos léxicos.

Comprensión dunha ampla gama léxica escrita de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot.

#### 7.4.3.10. Competencia e contidos ortotipográficos.

Comprensión dos significados xerais e específicos, segundo o contexto de comunicación, asociados ás convencións ortotipográficas da lingua meta, incluíndo trazos de formato; valores discursivos dos signos tipográficos, ortográficos e de puntuación; adaptación ortográfica de préstamos; variantes na representación gráfica de fonemas e sons; variantes do alfabeto o dos caracteres, e os seus usos nas diversas formas.

### 7.5. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

#### 7.5.2. Obxectivos.

Tomar notas e apuntamentos detallados e fidedignos en reunións, seminarios, cursos ou conferencias, incluso mentres se continúa participando activamente neles, reflectindo tanto as palabras utilizadas polo/a falante como as implicacións, alusións ou inferencias do que este/a di.

Negociar o texto de acordos, resolucións, contratos ou comunicados, modificando borradores e realizando corrección de probas.

Escribir recensións, informes ou artigos complexos que presentan unha argumentación ou unha apreciación crítica de textos técnicos de índole académica ou profesional, de obras literarias ou artísticas, de proxectos de investigación ou de traballo ou de publicacións e outras recensións, informes ou artigos escritos por outras persoas.

Escribir informes, artigos, ensaios, traballos de investigación e outros textos complexos de carácter académico ou profesional nos cales se presenta o contexto, o trasfondo teórico e a literatura precedente; se describen os procedementos de traballo; se fai un tratamento exhaustivo



do tema; se incorporan e resumen opinións doutras persoas; se inclúen e avalían información e feitos detallados e se presentan as propias conclusións de maneira adecuada e convincente e de acordo coas convencións, internacionais ou da cultura específica, correspondentes a este tipo de textos.

Escribir, independentemente do soporte, cartas ou mensaxes persoais en que se expresa dunha maneira deliberadamente humorística, irónica ou ambigua.

Escribir, independentemente do soporte, correspondencia formal complexa, clara, exenta de erros e ben estruturada, xa sexa para solicitar algo, demandar ou ofrecer os seus servizos a clientes, superiores ou autoridades, adoptando as convencións estilísticas e de formato que requiren as características do contexto específico.

### **7.5.3. Competencias e contidos.**

#### **7.5.3.4. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.**

Dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarios, e apreciación das sutilezas e implicacións dos aspectos socioculturais da comunicación escrita, para a produción e coprodución de textos escritos, incluíndo os usos emocional, alusivo e humorístico.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

#### **7.5.3.5. Competencia e contidos estratéxicos.**

Aplicación natural e eficaz das estratexias discursivas e de compensación máis adecuadas en cada caso para elaborar unha ampla gama de textos complexos axustados ao seu contexto específico, incluso especializado, planificando a mensaxe e os medios en función do efecto que se quere ou se debe producir sobre a persoa receptora.

#### **7.5.3.6. Competencia e contidos funcionais.**

Realización das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala, mediante os expoñentes escritos das ditas funcións máis adecuados para cada contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne):

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal coma unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha

invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvida, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

Funcións ou actos de fala expresivos, cos cales se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

#### **7.5.3.7. Competencia e contidos discursivos.**

Coñecemento e construción de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua escrita, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

- Coherencia textual: adecuación do texto escrito ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio-temporal: referencia espacial, referencia temporal).

- Cohesión textual: organización interna do texto escrito. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

#### **7.5.3.8. Competencia e contidos sintácticos.**

Coñecemento, selección en función da intención comunicativa segundo o ámbito e o contexto tanto xeral como específico, e uso de estruturas sintácticas complexas propias da lingua escrita para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### **7.5.3.9. Competencia e contidos léxicos.**

Utilización correcta, e adecuada ao contexto, dunha ampla gama léxica escrita de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot.

#### **7.5.3.10. Competencia e contidos ortotipográficos.**

Utilización correcta, e adecuada ao contexto, das convencións ortotipográficas da lingua meta, incluíndo trazos de formato; valores discursivos dos signos tipográficos, ortográficos e de puntuación; adaptación ortográfica de préstamos; variantes na representación gráfica de fonemas e sons; variantes do alfabeto o os caracteres, e os seus usos nas diversas formas.

### **7.6. Actividades de mediación.**

#### **7.6.2. Obxectivos.**

Trasladar oralmente coa precisión necesaria o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas, así como as posibles implicacións, de textos orais ou escritos de alta complexidade estrutural ou conceptual, ou que presenten trazos idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria, léxico especializado...), identificando as diferenzas de estilo e rexistro, así como matices de intencionalidade.

Parafrasear e resumir en forma oral información e ideas provenientes de diversas fontes, reconstruíndo argumentos e feitos coa debida precisión, de maneira coherente e sen omitir detalles importantes nin incluír detalles ou elementos innecesarios, con naturalidade e eficacia.

Facer unha interpretación simultánea sobre unha ampla serie de asuntos relacionados coa propia especialidade en diversos ámbitos, trasladando coa suficiente precisión sutilezas de rexistro e estilo.

Mediar con eficacia e total naturalidade entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en calquera situación, incluso de carácter delicado ou conflictivo, tendo en conta as diferenzas e as implicacións sociolingüísticas e socioculturais e reaccionando en consecuencia.

Tomar notas escritas detalladas para terceiras persoas, con notable precisión e estruturación, durante unha conferencia, reunión, debate ou seminario claramente estruturados e sobre temas complexos dentro ou fóra do propio campo de especialización.

Trasladar por escrito coa debida precisión o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas, así como as posibles implicacións, de textos escritos ou orais de alta complexidade estrutural ou conceptual ou que presenten trazos idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria, léxico especializado...), identificando as diferenzas de estilo e de rexistro, así como matices de intencionalidade.

Parafrasear e resumir en forma escrita, con total corrección e eficacia, de maneira coherente e sen incluír detalles irrelevantes, información e ideas contidas en diversas fontes, trasladando de maneira fiable información detallada e argumentos complexos.

Traducir, coa axuda de recursos específicos, fragmentos extensos de textos estrutural e conceptualmente complexos, incluso de tipo técnico, sobre temas xerais e específicos do propio interese, tanto dentro coma fóra do campo propio de especialización, trasladando de maneira fiable o contido da fonte e respectando no posible os seus trazos característicos (p. ex. estilísticos, léxicos ou de formato).

### 7.6.3. Competencia e contidos interculturais.

dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación, incluso en situacións delicadas ou conflictivas, con total naturalidade e eficacia: autoconciencia cultural, conciencia da alteridade, conciencia sociolingüística, coñecementos culturais específicos, coñecementos culturais especializados, observación, escoita, avaliación, análise, interpretación, posta en relación, adaptación (incluída resiliencia emocional), ecuanimidade, xestión do estrés, metacomunicación, resolución creativa de problemas, liderado, respecto, empatía, curiosidade, apertura de miras, asunción de riscos, flexibilidade, tolerancia, valores universais.

Teranse en conta as contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. Tamén se eliminarán as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e se substituirán por outras que favorezan a igualdade.

### 7.7. Mínimos esixibles.

<p>Actividades de comprensión de textos orais</p>	<p><b>É quen de percibir</b> matices irónicos ou retranqueiros e tira conclusións idóneas.</p> <p><b>É quen de comprender</b> o que se pretende comunicar e pode usar claves contextuais para inferir a intención e tirar conclusións axeitadas.</p> <p><b>É capaz de descubrir</b> información e seguir o fío dos argumentos en xeral, mesmo que sexan complexos.</p> <p><b>É quen de recoñecer</b> variedades fonético-fonolóxicas diferentes ás estándares, é quen de comprendelas e de recoñecer algún matiz de significado.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	<p><b>É capaz de variar</b> o rexistro de formal a informal segundo as necesidades contextuais.</p> <p><b>É quen de comunicar</b> matices de significado.</p>

	<p><b>É quen de utilizar</b> variedades de lingua e cambio de rexistro.</p> <p><b>Pode reparar</b> o seu discurso en contextos complexos.</p> <p><b>É quen de presentar</b> ideas e opinións de forma clara e flexible e sen ambigüidades.</p> <p><b>É quen de producir</b> un discurso claro e ben estruturado.</p> <p><b>É quen de proporcionar</b> información complexa de forma clara, natural e detallada.</p> <p><b>É quen de realizar</b> narracións detalladas sobre temas complexos, consegue integrar subtemas e concluír axeitadamente.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	<p><b>É quen de presentar</b> ideas e opinións de forma clara e flexible.</p> <p><b>É quen de argumentar</b> as súas ideas e opinións con claridade e consegue rebater e persuadir as persoas interlocutoras.</p> <p><b>É capaz de utilizar</b> vocabulario correcto e adecuado para expresar ou transmitir certos matices de significado.</p> <p><b>É quen de usar</b> e respectar as quendas de palabra de forma natural e espontánea.</p> <p><b>É capaz de resumir</b> ou transmitir posturas propias e alleas.</p> <p><b>É capaz de adecuar</b> a entoación ao propósito comunicativo.</p>
<p>Actividades de comprensión de textos escritos</p>	<p><b>É quen de recoñecer</b> variedades de lingua, cambio de rexistro e de estilo e consegue entender por que se usan.</p> <p><b>É capaz de entender</b> e deducir a actitude e a intencionalidade do/a autor/a.</p> <p><b>É quen de destacar</b> a información importante procedente de distintas fontes.</p> <p><b>É quen de buscar</b> cunha lectura rápida a información significativa e entender de que trata e como se trata.</p> <p><b>É capaz de utilizar</b> o dicionario sen dificultade.</p> <p><b>É quen de recoñecer</b> certos recursos estilísticos e valorar a súa función.</p> <p><b>É quen de apreciar</b> a intención e o propósito comunicativo dos diferentes xéneros e tipoloxías textuais.</p> <p><b>É quen de apreciar</b> xogos de palabras e elementos de estilo e valorar a función deles no texto e no contexto.</p> <p><b>É quen de entender</b> a intención e a finalidade das convencións ortotipográficas</p>

<p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</p>	<p><b>É quen de redactar</b> textos longos e complexos con calidade, amosa un bo dominio dos recursos lingüísticos para poder expresarse sen limitacións.</p> <p><b>É quen de elaborar</b> textos complexos, coherentes e cohesionados, ben estruturados e cun estilo adecuado que axuda a destacar as ideas importantes.</p> <p><b>É capaz de empregar</b> variedade de lingua e de mudar de rexistro segundo esixa o contexto.</p> <p><b>É quen de producir</b> textos escritos irónicos, ambiguos ou humorísticos.</p> <p><b>É quen de escribir</b> textos ben adaptados á situación.</p> <p><b>É capaz de aproveitar</b> un amplo repertorio de elementos lingüísticos para expresar as ideas con precisión para enfatizar, distinguir e sen ambigüidade.</p> <p><b>É capaz de transmitir</b> información complexa detalladamente.</p> <p><b>É quen de ofrecer</b> explicacións coherentes.</p> <p><b>É capaz de realizar</b> narracións detalladas sobre temas complexos integrando subtemas e concluíndo axeitadamente.</p> <p><b>É quen de presentar</b> ideas e opinións de forma clara e flexible.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</p>	<p><b>É quen de argumentar</b> as súas ideas e opinións con claridade e consegue rebater e persuadir as persoas interlocutoras.</p> <p><b>É capaz de usar</b> estruturas gramaticais axeitadas e de alterar a sintaxe para transmitir matices.</p> <p><b>É quen de empregar</b> o vocabulario con precisión e consistencia para transmitir certas variacións sutís de significado.</p> <p><b>É quen de usar</b> axeitadamente as convencións ortotipográficas tanto xerais como específicas para redactar textos sen erros ortográficos nin estruturais.</p> <p><b>É capaz de conectar</b> coa persoa destinataria con moita naturalidade, flexibilidade e eficacia.</p>
<p>Actividades de mediación</p>	<p><b>É quen de adaptar</b> os textos ao propósito comunicativo sen alterar apenas a información, o estilo ou as posturas orixinais.</p> <p><b>É quen de producir</b> un texto claro, coherente e cohesionado, ben estruturado a partir de diversos textos fonte.</p> <p><b>É quen de aproveitar</b> o seu coñecemento dos aspectos socioculturais e lingüísticos das culturas nas que se fala a lingua para superar eventuais barreiras comunicativas.</p> <p><b>É capaz de utilizar</b> variedades lingüísticas distintas ás estándares e pode</p>

	<p>recoñecelas para chegar a producir matices de significado.</p> <p><b>É capaz de elixir</b> rápida e eficazmente os recursos lingüísticos axeitados para adaptarse ao destinatario, ao propósito e á situación.</p> <p><b>É capaz de producir</b> textos claros, coherentes e cohesionados con unha boa estrutura a partir de fontes textuais diversas.</p> <p><b>É quen de transmitir</b> de maneira fidedigna información complexa, detalles, posturas e opinións.</p> <p><b>É quen de resolver</b> de forma natural e fluída a interacción entre as partes para mostrar diferentes posturas, desfacer malentendidos, volver sobre os detalles importantes, introducir temas, recapitular e concluír.</p>
--	---

## 7.8. Temporalización do nivel C2 modalidade presencial

UNIDADE 1	
On Screen C2	Mod 3 Express Yourself (Relaciones personales y sociales)
<b>TEMA</b>	Identidade persoal Relacións persoais e sociais
<b>SUBTEMAS</b>	Carácter e valores persoais; sensacións e percepcións; dimensión física e anímica; procedencia e localización xeográfica; características físicas; estilos de vida Relacións familiares e de parentesco; relacións de amizade e inimidade; formas de convivencia Estereotipos
<b>FUNCIONES</b>	Comprender a información xeral e específica Resumir Interpretar a información escoitada Expresar opinións
<b>GRAMATICA</b>	Gradable & Ungradable adjectives Comparative modifiers : a great deal, a good deal, somewhat... and superlative modifiers: far and away, by far...-Structures used to make comparisons: nothing like as, nowhere near as...as, easily...
<b>C. ESCRITA</b>	Comprender as ideas principais en textos de certa extensión
<b>C. ORAL</b>	Comprender detalles de conversacións sobre temas complexos
<b>FONÉTICA</b>	Fonética (repaso dos símbolos, sonidos e transcripción) Fonoloxía (repaso da articulación dos sonidos) Repaso normas de puntuación e organización textual a través da redacción dun ensaio discursivo
<b>VOCABULARY</b>	Personalidade Valores persoais Relacións Verbos frasais Frasas e expresións feitas Preposicións Formación de palabras
<b>E. ESCRITA</b>	Resumo e artigo
<b>E. ORAL</b>	Conversar en situacións da vida social e persoal dominando unha ampla gama de rexistros Expresar sentimentos Expresar e xustificar opinións

<b>CONTIDO SOCIOCULT.</b>	Valores persoais Relacións familiares e de amizade
<b>UNIDADE 2</b>	
<b>On Screen C2</b>	<b>Mod 1 <i>The Road Less Travelled</i> (Lecer e tempo libre)</b>
<b>TEMA</b>	Viaxes e estancias no estranxeiro Lecer e tempo libre Verbos frasais Frasas e expresións feitas Preposicións Formación de palabras
<b>SUBTEMAS</b>	Turismo; modas e tendencias turísticas; trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro Xogos; actividades deportivas; espectáculos, festas; hostalaría; vacacións; ocio
<b>FUNCIÓNS</b>	Comprensión e expresión das funcións comunicativas Interpretar a información escoitada Expresar opinión
<b>GRAMATICA</b>	Review of present and present perfect tenses Stative verbs Auxiliaries and <i>have got</i> Simple & Continuous tenses (outros usos) Used to, would, will
<b>C. ESCRITA</b>	Identificar información e identificar actitudes e opinións implícitas Comprender publicacións de carácter especializado
<b>C. ORAL</b>	Comprender debates sobre o tema Apreciar implicacións dos falantes
<b>FONÉTICA</b>	English word order and word stress vs Spanish Sentence stress
<b>VOCABULARY</b>	Viaxes e culturas Tempo libre Verbos frasales Preposicións Formación de palabras Frasas e expresións feitas
<b>E. ESCRITA</b>	An essay based on written input and analysis of data
<b>E. ORAL</b>	Participar con fluidez en conversas e debates sobre o tema Responder de forma natural; cambiar de tema; usar conectores
<b>CONTIDO SOCIOCULT.</b>	Voluntariado Tipos de turismo Impacto no medioambiente

<b>UNIDADE 3</b>	
<b>On Screen C2</b>	<b>Mod 2 <i>On the Road Success</i> (Traballo, educación, economía e industria)</b>
<b>TEMA</b>	<b>Traballo e actividades profesionais</b> <b>Educación e actividades académicas</b> <b>Economía e industria</b> <b>Compras e actividades comerciais</b>
<b>SUBTEMAS</b>	Tipos de traballo e tarefas; novas modalidades de emprego; condicións e contratos laborais; asociacións sindicais; seguridade e riscos laborais; homes e mulleres no traballo Sistema educativo; profesionais da educación; estudos e titulacións; recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións; problemas e conflitos; tendencias Finanzas e bolsa; impostos e renda; comercio; entidades e empresas; sistemas de produción Actividades de compra, venda e subrogación; rede bancaria; divisas e formas de pagamento



<b>FUNCIONES</b>	Comprender a información xeral e específica Discriminar os datos relevantes Interpretar a información escoitada Expresar opinións Expresar dúbida Persuadir
<b>GRAMATICA</b>	Transitive and intransitive verbs Verb+ prepositional phrase Verb + two objects Verb + (Object) + complement Introductory there and it Common expressions with there and it (There's supposed to be a meeting today/ it's no secret...) Infinitive patterns Verb-ing forms Verb+-ing form or infinitive Future perfect & Future continuous Outra formas de expresar o futuro ( <i>be due to, was/were+going to+infinitive</i> )
<b>C. ESCRITA</b>	Comprender información detallada en textos extensos e complexos
<b>C. ORAL</b>	Comprender a atitude dos falantes
<b>FONÉTICA</b>	Strong and weak forms
<b>VOCABULARY</b>	O traballo Educación Diñeiro Consumismo Expresións e frases feitas Formación de palabras Verbos frasales Preposicións
<b>E. ESCRITA</b>	A formal letter / e-mail A memo
<b>E. ORAL</b>	Realizar presentacións extensas, ben estruturadas e detalladas
<b>CONTIDO SOCIOCULT.</b>	O mundo laboral actual A situación da vivenda en distintos países Ritos iniciáticos e outras tradicións e costumes Sistemas educativos A situación económica actual As condicións de vida: consumismo

<b>UNIDADE 4</b>	
<b>On Screen C2</b>	<b><i>Nothing stays the Same (Technology, Information, Media and Social Media)</i></b>
<b>TEMA</b>	Technology, Information, Media and Social Media
<b>SUBTEMAS</b>	Avances tecnolóxicos; centros de investigación Prensa, radio e televisión; Internet
		<p>cuestións de impacto social, expresando e xustificando as súas opinións.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>-Selecciona e sintetiza información principal dun <i>podcast</i> sobre os conflitos e problemas da vivenda no Reino Unido.</p> <p>-Facilita a comprensión e adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto.</p>	
<b>Recursos</b>			
Material didáctico dispoñible no módulo 6 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.			
<b>Temporalización</b>			
3 semanas			

<b>UNIDADE 7: The Media</b>
<b>Obxectivos específicos:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Describir un evento profesional desde un punto de persoal.</li> <li>● Participar en discusións animadas sobre temas profesionais e a situación económica actual.</li> <li>● Escribir un relato moi breve (mini saga) sobre unha situación acontecida no traballo.</li> </ul>

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diferencias culturais entre o mundo do traballo nos países de fala inglesa e no noso país.</li> </ul> <p><b>II-Estratéxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Deducir o significado dunha expresión ou palabra polo contexto.</li> <li>● Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua.</li> <li>● Persuadir e recomendar</li> <li>● Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos</li> </ul> <p><b>III-Funcionais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Narrar acontecementos do pasado</li> <li>● Describir un</li> </ul>	<p><u>Comprensión de textos escritos e vocabulario:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Hiring the right person</i></li> <li>● <i>Work definitions</i></li> <li>● <i>Money idioms</i></li> <li>● <i>Work vocabulary</i></li> </ul> <p><u>Comprensión de textos orais e gramática:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>The gig economy</i></li> <li>● <i>Inversion rules</i></li> <li>● <i>How inversion works</i></li> <li>● <i>Sentence matching</i></li> </ul> <p><u>Pronuncia e produción de textos orais:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>A business pitch</i></li> <li>● <i>Public speaking tips</i></li> </ul> <p><u>Produción de textos escritos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Descriptive language</i></li> <li>● <i>Discursive markers</i></li> <li>● <i>Describing a product</i></li> </ul> <p><u>Communicating and sharing</u></p> <p>Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas</p>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende descrições especializadas sobre o mundo do traballo.</li> <li>- Comprende globalmente feitos e opinións sobre a economía actual.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión, puidendo rebater os argumentos das persoas interlocutoras e persuadindo.</li> <li>-Describe con detalle un produto co fin de vendelo ou anuncio.</li> <li>-Inicia, mantén e remata conversacións sobre o traballo e temas sociais de actualidade, expresando e xustificando as súas opinións, respectando as</li> </ul>	<p>O alumnado é quen de:</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender descrições especializadas sobre o mundo do traballo</li> <li>- Comprender feitos e opinións sobre a economía actual.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Expresar e argumentar as súas ideas e opinións - Describir un produto co fin de vendelo ou anuncio.</li> <li>-Iniciar, manter e rematar conversacións sobre o traballo e temas sociais de actualidade,</li> </ul> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender explicacións sobre a</li> </ul>

<p>evento</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Expresar a súa opinión sobre un tema de actualidade</li> <li>● Expresar énfase</li> </ul> <p><b>IV-Discursivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estructurar o discurso oral e escrito mediante estruturas enfáticas, pausas, parágrafos e conectores.</li> <li>● Empregar adecuadamente expresións para persuadir ao oínte/lector.</li> </ul> <p><b>V-Sintácticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estructuras variadas para a a inversión en inglés</li> </ul> <p><b>VI-Léxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Vocabulario relacionado co traballo</li> <li>● Vocabulario relacionado ca economía</li> <li>● Frases idiomáticas</li> </ul> <p><b>VII-Fonético-</b></p>	<p>sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Climbing the career ladder</i></li> <li>● <i>Flexible working</i></li> <li>● <i>Alibaba's "new retail" explained</i></li> </ul> <p><u>Making progress</u></p> <p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Glossary: vocabulary related to work and the economy</i></li> <li>● <i>Facing a boom or a crisis</i></li> <li>● <i>Finished at 55?</i></li> <li>● <i>A mini saga about a work event</i></li> </ul> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>For further practice</i></li> <li>● <i>Check your progress</i></li> </ul>	<p>quendas de palabras e respondendo axeitadamente aos compañeiros.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende explicacións detalladas sobre a procura de traballo.</li> <li>- Comprende feitos e opinións sobre temas relacionados ca economía.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Produce textos coherentes e cohesionados detallados sobre un tema de actualidade.</li> <li>- Describe de maneira detallada situacións ou eventos relacionados co traballo e a economía.</li> <li>- Relata experiencias de eventos no pasado, utilizando marcadores do discurso de maneira</li> </ul>	<p>búsqueda de traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender feitos e opinións sobre temas relacionados ca economía.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Producir textos detallados sobre un tema de actualidade.</li> <li>- Describir situacións ou eventos relacionados co traballo.</li> <li>- Relatar experiencias de eventos no pasado.</li> </ul> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resumir e sintetizar ideas de artigos ou material audiovisual relacionado co traballo e a economía.</li> <li>- Adaptar a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor.</li> </ul>
--	--	---	---



<p><b>fonolóxicos e ortotipográficos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● A expresión da énfase en inglés</li> </ul>		<p>coherente e cohesionada.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>- Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado co traballo e a economía.</p> <p>- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</p>	
<b>Recursos</b>			
Material didáctico dispoñible no módulo 7 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.			
<b>Temporalización</b>			
3 semanas			

<b>UNIDADE 8: Stay Strong</b>			
<b>Obxectivos específicos:</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Falar dos hábitos ecolóxicos</li> <li>● Escribir un email para unirse a unha ONG</li> <li>● Debatir e opinar sobre as máis importantes ameazas do planeta</li> </ul>			
<b>Competencias e</b>	<b>Actividades</b>	<b>Criterios de</b>	<b>Mínimos esixibles</b>

contidos		avaliación	
<p><b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diferenzas culturais entre os hábitos ecolóxicos de distintos países</li> <li>● Diversas ameazas ao planeta</li> </ul> <p><b>II-Estratéxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Autoavaliar as producións propias seguindo unha rúbrica</li> <li>● Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos</li> </ul> <p><b>III-Funcionais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Producir descricións detalladas de lugares na natureza</li> <li>● Expresar opinións sobre desastres naturais que poderían afectar o lugar onde un vive</li> <li>● Expresar</li> </ul>	<p><u>Learning about it</u></p> <p>Comprensión de textos escritos e vocabulario:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Tres organizacións medioambientais: <i>The Sierra Club/Greenpeace/Earth First!</i></li> <li>● <i>Guerilla Gardening</i></li> <li>● Test sobre hábitos ecolóxicos</li> <li>● Vocabulario sobre temas medioambientais</li> <li>● Vocabulario sobre natureza</li> </ul> <p>Comprensión de textos orais e gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>An interview with an environmentalist</i></li> <li>● <i>Speculation about the future</i></li> </ul> <p>Pronuncia e produción de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>British and American pronunciation</i></li> <li>● <i>Managing turn-taking</i></li> </ul> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Write an email asking for information to join</i></li> </ul>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>- Comprende descricións sobre temas medioambientais.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>-Describe os seus hábitos ecolóxicos correctamente, organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.</p> <p>-Describe as posibles ameazas ao planeta correctamente, organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Comprende descricións sobre organizacións medioambientais.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Mantén</p>	<p>O alumnado é quen de:</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>- Comprende descricións sobre temas medioambientais.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>-Describe os seus hábitos ecolóxicos correctamente.</p> <p>-Describe as posibles ameazas ao planeta correctamente.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Comprende descricións sobre organizacións medioambientais.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p>

<p>opinión sobre diversas ONGs.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Describir as ameazas que pode ter o planeta</li> <li>● Describir os hábitos ecolóxicos de cada un</li> <li>● Escribir un email pedindo información para unirse a unha ONG</li> </ul> <p><b>IV-Discursivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estruturar o discurso oral e escrito mediante pausas, parágrafos e conectores,</li> <li>● Empregar adecuadamente expresións de opinión persoal</li> </ul> <p><b>V-Sintácticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diversas formas de especular sobre o futuro</li> </ul> <p><b>VI-Léxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Vocabulario relacionado co medioambiente</li> <li>● Vocabulario</li> </ul>	<p><i>an NGO</i></p> <p><u>Communicating and sharing</u></p> <p>Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>My nature experience</i></li> <li>● <i>Natural disaster</i></li> <li>● <i>Choosing an environmental NGO</i></li> </ul> <p><u>Making progress</u></p> <p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Collaborative glossary related to the environment</i></li> <li>● <i>Dangers to the planet</i></li> <li>● <i>The green interview</i></li> <li>● <i>Writing an email asking for information to join an environmental NGO</i></li> </ul> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>For further practice</i></li> <li>● <i>Check your progress</i></li> </ul>	<p><u>producción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Inicia e mantén conversacións sobre experiencias na natureza, desastres naturais e diversas ONGs medioambientais.</p> <p>-Produce un email pedindo información, utilizando a linguaxe e o rexistro adecuado e organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>- Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado co medioambiente.</p> <p>- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</p>	<p>conversacións sobre experiencias na natureza, desastres naturais e diversas ONGs medioambientais.</p> <p>-Produce un email pedindo información, utilizando a linguaxe e o rexistro adecuado.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>- Resume as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado co medioambiente.</p> <p>- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á situación.</p>
--	---	--	---

sobre natureza			
<b>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Diferenzas entre o acento inglés británico e o inglés americano</li> <li>● Xestión do turno de palabra</li> </ul>			
<b>Recursos</b>			
Material didáctico dispoñible no módulo 8 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.			
<b>Temporalización</b>			
3 semanas			

<b>UNIDADE 9: Renewable Revolution</b>			
<b>Obxectivos específicos:</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Participar en discusións animadas sobre arte e entretemento.</li> <li>● Describir unha obra de arte.</li> <li>● Escribir un artigo de opinión persoal.</li> </ul>			
<b>Competencias e contidos</b>	<b>Actividades</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos esixibles</b>
<b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diferenzas culturais entre as manifestacións artísticas das distintas civilizacións e</li> </ul>	<u>Learning about it</u>  Comprensión de textos orais e vocabulario: <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Art Collections at Waddesdon Manor</i></li> <li>● <i>'Interior from Amaliegade', by</i></li> </ul>	<u>Actividades de comprensión de textos orais</u>  - Comprende descrições especializadas de obras de arte.  - Comprende feitos e opinións sobre	O alumnado é quen de:  <u>Actividades de comprensión de textos orais</u>  - Comprender descrições detalladas dunha obra de arte.  - Comprender feitos e

<p>países</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diferenzas culturais entre as formas de entretemento dos distintos países e distintas xeracións</li> </ul> <p><b>II-Estratéxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Autoavaliar as producións propias seguindo unha rúbrica</li> <li>● Co-avaliar as producións doutros estudantes seguindo unha rúbrica</li> <li>● Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos</li> </ul> <p><b>III-Funcionais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Describir unha obra de arte</li> <li>● Expresar opinión personal sobre temas relacionados coa arte e o entretemento</li> </ul>	<p><i>Wilhelm Bendz</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Genres, techniques, materials and descriptive adjectives</i></li> <li>● <i>Idioms related to entertainment</i></li> </ul> <p>Comprensión de textos escritos e gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Prosperity and entertainment</i></li> <li>● <i>Theoretical Perspectives on Media and Technology</i></li> <li>● <i>Reflexive and reciprocal pronouns</i></li> </ul> <p>Pronuncia e produción de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Consonant clusters</i></li> <li>● <i>How to describe a painting</i></li> </ul> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>How to write an opinion article</i></li> <li>● <i>Connectors expressing contrast</i></li> </ul> <p><u>Communicating and sharing</u></p> <p>Foros de mediación e/ou coprodución de textos</p>	<p>temas relacionados coa arte e o entretemento.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>- Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre temas relacionados coas artes e o entretemento, expresando e xustificando as súas opinións e valéndose das intervencións dos seus interlocutores.</p> <p>- Produce descricións detalladas e vivaces de obras de arte.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>- Comprende textos expositivos especializados e artigos de opinión reais sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.</p> <p>- Comprende textos especializados nos</p>	<p>opinións sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>- Inicia, mantén e remata conversacións sobre temas relacionados coas artes e o entretemento, expresando e xustificando as súas opinións.</p> <p>- Producir descricións detalladas de obras de arte.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>- Comprender textos expositivos detallados e artigos de opinión sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.</p> <p>- Comprender textos detallados nos que se describen obras de arte.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos</u></p>
--	--	--	--

<p><b>IV-Discursivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estructurar o discurso oral e escrito mediante pausas, parágrafos e conectores, especialmente as expresións adverbiais de causa, consecuencia e contraste</li> <li>● Empregar adecuadamente expresións de opinión persoal</li> </ul> <p><b>V-Sintácticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Revisión dos pronomes reflexivos e recíprocos</li> <li>● Adverbios de concesivos</li> <li>● Expresións de opinión persoal</li> </ul> <p><b>VI-Léxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Vocabulario relacionado coa arte</li> <li>● Vocabulario relacionado co entretemento</li> <li>● Frases idiomáticas</li> </ul>	<p>escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>What is art?</i></li> <li>● <i>Can video games be considered art?</i></li> <li>● <i>How has Spotify changed the music industry?</i></li> </ul> <p><u>Making progress</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Collaborative mindmap</li> <li>● Describing your favourite work of art</li> <li>● <i>How important is art in our lives?</i></li> <li>● Un artigo de opinión sobre o rol do entretemento.</li> </ul> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>For further practice</i></li> <li>● <i>Check your progress</i></li> </ul>	<p>que se describen obras de arte.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre o concepto de arte e o papel do entretemento na sociedade actual, expresando e xustificando as súas opinións e valéndose das intervencións dos seus interlocutores.</li> <li>- Produce descricións coherentes e cohesionadas detalladas e vivaces de obras de arte.</li> <li>- Escribe artigos de opinión, expresando e xustificando as súas ideas de maneira coherente e cohesionada, sobre temas relacionados co entretemento.</li> </ul> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resume e sintetiza</li> </ul>	<p><u>escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Inicia, mantén e remata conversacións sobre o concepto de arte e o papel do entretemento na sociedade actual, expresando e xustificando as súas opinións.</li> <li>- Produce descricións coherentes e cohesionadas detalladas de obras de arte.</li> <li>- Escribe artigos de opinión, expresando e xustificando as súas ideas de maneira coherente e cohesionada, sobre temas relacionados co entretemento.</li> </ul> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa arte e o entretemento.</li> <li>- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</li> </ul>
---	--	--	--

<b>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Pronuncia dos grupos consonánticos máis frecuentes</li> </ul>		as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa arte e o entretemento.  - Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.	
<b>Recursos</b>			
Material didáctico dispoñible no módulo 9 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.			
<b>Temporalización</b>			
3 semanas			

<b>UNIDADE 10: Red Handed</b>			
<b>Obxectivos específicos:</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>● participar en discusións sobre tecnoloxía e gadgets</li> <li>● comprender e empregar o connected speech de xeito eficiente</li> <li>● escribir unha proposta (<i>proposal</i>)</li> </ul>			
<b>Competencias e contidos</b>	<b>Actividades</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos esixibles</b>
<b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diferenzas culturais relacionadas coa tecnoloxía</li> </ul> <b>II-Estratéxicos</b>	<u>Learning about it</u>  Comprensión de textos orais e vocabulario: <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>How much vocabulary do you know...?</i></li> <li>● <i>Technology is turning humans</i></li> </ul>	<u>Actividades de comprensión de textos orais</u>  - Comprende descrições especializadas de aparellos tecnolóxicos e a súa función.	O alumnado é quen de:  <u>Actividades de comprensión de textos orais</u>  - Comprender descrições especializadas de aparellos tecnolóxicos

<ul style="list-style-type: none"> <li>● Deducir o significado dunha expresión ou palabra polo contexto.</li> <li>● Autoavaliar as producións propias mediante unha rúbrica</li> <li>● Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos</li> </ul>	<p><i>into cyborgs</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Collocations related to probability and belief</i></li> <li>● <i>Word formation practice</i></li> </ul> <p>Comprensión de textos escritos e gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Understanding big data</i></li> <li>● <i>Grammar in context: the subjunctive</i></li> </ul> <p>Pronuncia e produción de textos orais</p>	<p>- Comprende opinións e datos de ponencias relacionadas coa tecnoloxía e o desenvolvemento.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>- Inicia, mantén e remata conversacións dinámicas sobre aspectos relacionados cos aparellos tecnolóxicos e o impacto da tecnoloxía, expresando e xustificando as súas opinións, apoiándose nas intervencións dos seus interlocutores.</p>	<p>e a súa función.</p> <p>- Comprender opinións e datos de ponencias relacionadas coa tecnoloxía e o desenvolvemento.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>- Iniciar, manter e rematar conversacións dinámicas sobre aspectos relacionados cos aparellos tecnolóxicos e o impacto da tecnoloxía, expresando e xustificando as súas opinións de xeito conciso, apoiándose nas intervencións dos seus interlocutores para facelo.</p>
<p><b>III-Funcionais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Describir avances tecnolóxicos e as súas implicacións</li> <li>● Formular propostas para lograr cambios desexados</li> <li>● Enlazar o discurso empregando mecanismos de conexión fonolóxica axeitados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Connected speech and thought groups</i></li> <li>● <i>Connected speech practice</i></li> </ul> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Proposals in English</i></li> <li>● <i>Checking out the proposal layout</i></li> </ul> <p><u>Communicating and sharing</u></p> <p>Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p>	<p>- Produce descrições realistas e creativas de posibles novos aparellos tecnolóxicos.</p> <p>-</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>- Comprende artigos académicos sobre a tecnoloxía e</p>	<p>- Producir descrições realistas e creativas de posibles novos aparellos tecnolóxicos.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>- Comprender información básica de artigos académicos sobre a tecnoloxía e o seu impacto na</p>
<p><b>IV-Discursivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estruturar o discurso oral e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Technology in the classroom: Yay or</i></li> </ul>	<p>- Comprende artigos académicos sobre a tecnoloxía e</p>	<p>- Comprender información básica de artigos académicos sobre a tecnoloxía e o seu impacto na</p>



<p>escrito mediante pausas, parágrafos e conectores relacionados coas crenzas e probabilidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Empregar adecuadamente expresións de hipótese e desideración</li> <li>● Aplicar a estrutura da proposta en inglés</li> </ul> <p><b>V-Sintácticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● O tempo subxuntivo</li> <li>● Mecanismos de prefixación e sufixación</li> </ul> <p><b>VI-Léxicos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Vocabulario relacionado coa tecnoloxía e o desenvolvemento</li> <li>● Frases idiomáticas sobre crenzas e probabilidade</li> </ul> <p><b>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</b></p>	<p><i>Nay?</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Should technology be invisible?</i></li> <li>● <i>Being creative with the world around you</i></li> </ul> <p><u>Making progress</u></p> <p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Collaborative glossary on science and technology</i></li> <li>● <i>Creating a collaborative poem</i></li> <li>● Escribir unha proposta.</li> </ul> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>For further practice</i></li> <li>● <i>Check your progress</i></li> </ul>	<p>o seu impacto na sociedade.</p> <p>- Comprende textos especializados nos que se emprega o subxuntivo.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>- Crea un poema colaborativo con estruturas e vocabulario relevante.</p> <p>-Escribe unha proposta, expresando e xustificando a súa aportación de maneira coherente e cohesionada, sobre temas relacionados co tratamento dos datos persoais en liña.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>- Resume, parafrasea e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa tecnoloxía e desenvolvemento</p> <p>- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu</p>	<p>sociedade.</p> <p>- Comprender o léxico máis relevante de textos especializados nos que se emprega o subxuntivo.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>- Crear un poema colaborativo con estruturas e vocabulario relevante.</p> <p>-Escribir unha proposta, expresando e xustificando a súa aportación de maneira coherente e cohesionada e seguindo o formato esperado, sobre temas relacionados co tratamento dos datos persoais en liña.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>- Resumir, parafrasear e sintetizar as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa tecnoloxía e desenvolvemento</p> <p>- Adaptar a súa produción oral e escrita ao seu</p>
---	---	--	---

● <i>Connected speech</i>		interlocutor, empregando un axeitado grao de formalidade e cohesión fonolóxica.	interlocutor, empregando un axeitado grao de formalidade e cohesión fonolóxica.
<b>Recursos</b>			
Material didáctico dispoñible no módulo 10 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.			
<b>Temporalización</b>			
3 semanas			

## 8. PROGRAMA THAT'S ENGLISH

No curso 2023-2024, ao alumnado matriculado na modalidade de inglés a distancia seralle de aplicación o establecido na Instrución 6/2023 da secretaría xeral de educación e formación profesional sobre a organización dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das ensinanzas de inglés de réxime especial na modalidade de educación a distancia, mediante o programa *That's English!* para o curso 2023/24.

As profesoras encargadas de impartir titorías no programa *That's English!* son Verónica Gaute Montes, que imparte os módulos A2.1, A2.2, A2.3 e A2.4, Eva Piñeiro Janeiro que imparte os módulos B1.1, B1.2, Elia Pérez Pérez, que imparte os módulos B2.1, B2.2, B2.3 e B2.4 e Ana Belén López Pérez que imparte os módulos C1.1 e C1.2.

O horario de titorías é o seguinte:

<b>Nivel Básico A2 (mods A2.1, A2.2)</b>	Xoves	16:30 - 18:00
<b>Nivel Básico A2 (mods A2.3, A2.4)</b>	Xoves	18:00 - 19:30
<b>Nivel Intermedio B1-1 (mods B1.1, B1.2)</b>	Martes	16:00 - 17:30
<b>Nivel Intermedio B2 (mods B2.1, B2.2)</b>	Xoves	18:00 - 19:30
<b>Nivel Intermedio B2 (mods B2.3, B2.4)</b>	Venres	16:00 - 17:30
<b>Nivel Avanzado C1 (mods C1.1, C1.2)</b>	Xoves	18:30 - 20:00

O seguimento e contidos deste curso a distancia baséase nos libros, aplicación e plataforma dixital proporcionadas polo programa de cada módulo. Ademais disto, o alumno pode asistir semanalmente a unha titoría de asistencia voluntaria de noventa minutos, que consistirá en:

- Favorecer o desenvolvemento da destreza comunicativa de expresión oral e a súa integración coas outras destrezas no contexto dunha tarefa de interacción.
- Orientar nas técnicas e estratexias que faciliten o proceso de aprendizaxe do idioma inglés, así como anticiparse ás dificultades que lle poidan xurdir ao alumnado para axudalo a superalas.

A principios do curso académico o alumnado novo pode facer telemáticamente unha **proba de nivel** ou de adscrición chamada **V.I.A.**, que serve para situar aos novos alumnos no curso máis adecuado aos seus coñecementos previos. Esta proba farase a través da plataforma de *That's English*.

## Avaliación

A avaliación desta modalidade das ensinanzas de idiomas de réxime especial terá como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nos currículos correspondentes aos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 na modalidade a distancia.

No mes de decembro de 2023 convocaranse as probas de recuperación dos módulos A2.2 e B2.2. Desta maneira, o alumnado que estivera matriculado no curso 2022-2023 nun curso superior, condicionado á superación destes módulos e que aínda os teña pendentes, poderá acceder ás probas do resto dos módulos en que estea matriculado.

En febreiro, haberá probas para os módulos A2.1, A2.3, B1.1, B2.1, B2.3 e C1.1. En xuño en convocatoria ordinaria para os módulos A2.2, A2.4 (proba de certificación de nivel básico A2), B1.2 (proba de certificación de nivel intermedio B1), B2.2, B2.4 (proba de certificación de nivel intermedio B2) e C1.2 (proba de certificación de nivel avanzado C1). Tamén haberá recuperación dos módulos A2.1, A2.3, B1.1, B2.1, B2.3 e C1.1. En tódolos niveis haberá ademais unha proba extraordinaria no mes de xuño.

## 9. OUTROS CURSOS

Este curso, no segundo cuatrimestre, impartiranse dous Cursos De Actualización Lingüística e Comunicativa en Linguas Estranxeiras (CALC) na modalidade semipresencial dirixidos ao profesorado como preparación para as probas de certificación do nivel intermedio (B2) e avanzado (C1) das ensinanzas especializadas de idiomas. Ademais impartiranse obradoiros de expresión oral (niveis intermedio B1, B2 e avanzado C1) e cursos de produción e coprodución oral dos niveis B2 e C1 para profesorado, estes últimos no primeiro cuatrimestre.

### 9.2. Programación do CALC B2 semipresencial

O curso será impartido por Ana Corredoira Loureiro.

<b>Comisión de ámbito ou de área de</b>		Inglés	
<b>Ficha de datos da actividade</b>			
<b>Nome</b>	Nivel B2 do Marco común europeo de referencia das linguas		
<b>Área</b>	Linguas estranxeiras		
<b>Destinatarios</b> (segundo a descrición que se pode ver nas respectivas caixas da aplicación de xestión da formación)	Ensinanza, familia, ciclo, curso ou materia		
	Corpos	Profesorado de todas as especialidades do corpo de educación infantil, primaria, secundaria, e réxime especial.	
	Especialidade	Calquera	
<b>Modalidade</b> (seleccione un tipo)	Curso	Prazas (con número)	20

<b>Observacións ás prazas</b>	<b>Requírense coñecementos B1 de inglés.</b> O curso non está adaptado para candidatos que non teñan acadado este nivel		
<b>Criterios de selección</b>	Os criterios xerais do plan anual de formación do profesorado		
<b>Horas presenciais</b>	Información: 60	Posta común: en	Avaliación:
<b>Horas non presenciais</b> (máx. 20 % do total)	Elaboración: 0	Posta práctica: en	
<b>Obxectivo 1º</b>	Adquirir as competencias que permitan utilizar o idioma con suficiente fluidez e naturalidade, de modo que a comunicación se realice sen esforzo en situacións cotiás e menos habituais..		
<b>Obxectivo 2º</b>	Mellorar o nivel de competencia interactiva comprendendo e producindo textos orais e escritos, tanto abstractos como concretos, relacionados con asuntos xerais ou relacionados coa propia especialidade.		
<b>Obxectivo 3º</b>	Aportar ferramentas de traballo que permita un aprendizaxe autosuficiente do idioma		
<b>Contidos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Léxico común, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos; tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relación persoais, sociais, académicas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</li> <li>2. Organización e estruturación do texto oral ou escrito</li> <li>3. Estructuras sintácticas variadas e complexas</li> <li>4. Acentuación e entoación</li> <li>5. Estratexias de mediación</li> </ol>		
<b>Bibliografía</b>	<b>GRAMÁTICA ACONSELLADA</b> - <i>Advanced Grammar in Use</i> . Second Edition, with answers and CD-ROM (ISBN 052161403 Cambridge University Press		

### 9.3. Programación CALC C1semipresencial

O curso será impartido por Rosario Carracedo Varela.

<b>Comisión de ámbito ou de área de</b>	Inglés
<b>Ficha de datos da actividade</b>	
<b>Nome</b>	Nivel C1 do Marco común europeo de referencia das linguas
<b>Área</b>	Linguas estranxeiras
<b>Destinatarios</b> (segundo a descrición que se	Ensinanza, familia, ciclo, curso ou materia

pode ver nas respectivas caixas da aplicación de xestión da formación)	Corpos	Profesorado de todas as especialidades do corpo de educación infantil, primaria, secundaria, e réxime especial.	
	Especialidade	Calquera	
<b>Modalidade</b> (seleccione un tipo)	Curso	Prazas (con número)	20
<b>Observacións ás prazas</b>	<b>Requírense coñecementos B2 de inglés.</b> O curso non está adaptado para candidatos que non teñan acadado este nivel		
<b>Criterios de selección</b>	Os criterios xerais do plan anual de formación do profesorado		
<b>Horas presenciais</b>	Información: 60	Posta común:	en Avaliación:
<b>Horas non presenciais</b> (máx. 20 % do total)	Elaboración:	Posta práctica:	en
<b>Obxectivo 1º</b>	Capacitar o alumnado para actuar con flexibilidade e precisión, sen esforzo aparente e superando facilmente as carencias lingüísticas mediante estratexias de compensación, en todo tipo de situacións nos ámbitos persoal e público		
<b>Obxectivo 2º</b>	Adquirir competencias que permitan utilizar o idioma con gran facilidade, flexibilidade, eficacia e precisión para comprender, producir, coproducir e procesar unha ampla gama de textos orais e escritos extensos e estruturalmente complexos, precisos e detallados, sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas de carácter xeral ou especializado, incluso fóra do propio campo de especialización		
<b>Obxectivo 3º</b>	Aportar ferramentas de traballo que permita un aprendizaxe autosuficiente do idioma		
<b>Contidos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Léxico de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot.</li> <li>2. Producción de textos orais e escritos sobre temas complexos en ámbitos de carácter público, académico ou profesional, claros e ben estruturados, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión, defendendo puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados e terminando cunha conclusión apropiada.</li> <li>3. Estructuras sintácticas variadas e complexas</li> <li>4. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da</li> <li>5. Estratexias de mediación</li> </ol>		
<b>Bibliografía</b>	<b>GRAMÁTICA ACONSELLADA</b> <i>Advanced Grammar in Use</i> . Second Edition, with answers and CD-ROM (ISBN 052161403 Cambridge University Press)		

## 9.4. Obradoiro de Expresión Oral A2

Obradoiro impartido por Jan Albin Muza Pieper.

### Introducción

Este obradoiro ten como finalidade desenvolver as competencias lingüísticas orais e as capacidades comunicativas orais necesarias para acadar o nivel de usuario básico, levando a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais fomentando o emprego dun conxunto de ferramentas e estratexias axeitadas para tal fin, nas actividades de aula. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

### Duración

Durante o curso 2023-24 este obradoiro impartirase en dúas ocasións: entre o 13 de setembro e o 17 de xaneiro e entre o 24 de xaneiro e o 22 de maio. A duración de cada obradoiro é de 30 horas lectivas en sesións semanais de 2h.

### Obxectivos

- Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.
- Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.
- Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.
- Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos e das oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.
- Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais en relación con asuntos cotiáns; e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou suxestións sobre un tema coñecido.
- Solicitar a colaboración do/a interlocutor/a e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.
- Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas con que se estea moi familiarizado/a sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.
- Transmitirle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais e mediar en situacións moi cotiás resumindo brevemente os puntos máis importantes e a información máis relevante de textos moi sinxelos e breves ou tomando notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en exposicións moi breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa familiar.
- Tomar conciencia da diversidade cultural, coas súas similitudes e diferenzas.

### Contidos

O curso abarcará distintos temas do currículo de A2 relativos á identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre

e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e cuidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía. etc.

En todas as sesións propoñeranse actividades e estratexias de interacción oral adaptadas ao nivel para desenvolver a destreza oral, facendo por unha banda fincapé nos trazos fonéticos do inglés (para mellorar pronunciación e entoación) e, por outra, ofrecendo actividades para mellorar a fluidez, a corrección e a riqueza léxica.

Poderanse utilizar audios, vídeos, imaxes ou textos escritos cortos para presentar o tema e iniciar os debates e conversas.

### **Avaliación**

Ao principio do obradoiro realizarase unha avaliación de diagnóstico na que se detecte o punto de partida de cada alumno. Esta avaliación consistirá nunha conversa informal na aula na que a profesora monitorizará as actuacións de cada alumna/o e dará feedback ao grupo sobre o seu nivel inicial.

Periódicamente os alumnos farán presentacións curtas individuais e elaborarán pequenos proxectos en grupo, para expoñer aos compañeiros.

En tódalas sesións, os alumnos terán oportunidade de participar en conversas en parellas ou en grupos e a profesora proporcionará feedback.

## **9.5. Obradoiro Expresión Oral B1**

O obradoiro será impartido por:

- Eva Piñeiro Janeiro en quenda de mañá, os xoves de 11.00h a 13.00h
- Jan Albin Muza Pieper en quenda de tarde, os luns de 18.00h a 20.00h

### **Introdución**

Este obradoiro ten como finalidade desenvolver as competencias lingüísticas orais e as capacidades comunicativas orais necesarias para facilitar o paso dun nivel de usuario básico ao nivel de usuario independente, fomentando o emprego dun conxunto de ferramentas e estratexias axeitadas para tal fin nas actividades de aula.

### **Duración**

Durante o curso 2023-24 este obradoiro impartirase en dúas ocasións: entre setembro e xaneiro e entre febreiro e maio, coincidindo cos cuadrimestres dos cursos ordinarios. A duración de cada obradoiro é de 30 horas lectivas en sesións semanais de 2h.

### **Obxectivos**

- Comunicarse con certa seguridade, tanto en asuntos que son habituais como nos pouco habituais, relacionados cos seus intereses persoais e a súa especialidade. Intercambiar, comprobar e confirmar información, enfrontarse a situacións menos correntes e explicar o motivo dun problema. Expresar a súa opinión sobre temas máis abstractos e culturais, como poden ser películas, libros, música, etc.
- Comprender a información xeral e os detalles máis relevantes de textos orais a través dunha linguaxe estándar e sobre temas de actualidade e interese persoal.
- Producir textos orais comunicativamente apropiados á situación con certa corrección e fluidez nunha interacción.

- Desenvolver argumentos o bastante ben como para que se poidan comprender sen dificultade a maior parte do tempo.
- Participar de forma espontánea en conversacións sobre temas cotiáns e de interese persoal.
- Comparar e contrastar alternativas, discutindo que facer, onde ir, que ou a quen elixir, etc.
- Iniciar e manter unha discusión informal ou formal en lingua estándar.
- Usar estratexias que lle permitan ao alumnado expresarse a nivel oral apropiadamente aínda que haxa limitacións lingüísticas.
- Usar estratexias que fomenten a autonomía, avalialas e diversificalas, segundo as necesidades do propio proceso.
- Tomar conciencia da diversidade cultural, coas súas similitudes e diferenzas.

## Contidos

O curso abarcará distintos temas do currículo de B1 como: viaxar, a personalidade, a educación, o tempo libre, as relacións humanas e sociais, as compras, o medio ambiente, ciencia e tecnoloxía, a saúde, a vivenda, o transporte, o traballo, a comida, etc.

En todas as sesións propoñeranse actividades e estratexias de interacción oral adaptadas ao nivel para desenvolver a destreza oral, facendo por unha banda fincapé nos trazos fonéticos do inglés (para mellorar pronunciación e entoación) e, por outra, ofrecendo actividades para mellorar a fluidez, a corrección e a riqueza léxica.

Poderanse utilizar audios, vídeos, imaxes ou textos escritos cortos para presentar o tema e iniciar os debates e conversas.

## Avaliación

Ao principio do obradoiro realizarase unha avaliación de diagnóstico na que se detecte o punto de partida de cada alumno. Esta avaliación consistirá nunha conversa informal na aula na que a profesora monitorizará as actuacións de cada alumna/o e dará feedback ao grupo sobre o seu nivel inicial.

Periódicamente os alumnos farán presentacións curtas individuais e elaborarán pequenos proxectos en grupos para expoñer aos compañeiros.

En tódalas sesións, os alumnos terán oportunidade de participar en conversas en parellas ou en grupos e as profesoras proporcionarán feedback.

## 9.6. Obradoiro Expresión Oral B2.

O obradoiro será impartido por María Elia Pérez Pérez .

Este obradoiro ten como finalidade proporcionar ao alumnado de nivel intermedio estratexias para poder comunicarse oralmente, tanto en presentacións como en diálogos e conversas, de xeito afín ao nivel B2 do *Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas*.

## Duración

Durante o curso 2023-24 este obradoiro impartirase en dúas ocasións: entre setembro e xaneiro e entre xaneiro e maio, coincidindo cos cuadrimestres dos cursos ordinarios. A duración de cada obradoiro é de 30 horas lectivas en sesión semanais de 2h.



## **Obxectivos xerais**

- Producir e coproducir, independentemente da canle, textos orais claros e o bastante detallados, de certa extensión, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo específicos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nunha variedade de rexistros e estilos estándar, e cunha pronuncia e entoación claras e naturais, e un grao de espontaneidade, fluidez e corrección que lle permita comunicarse con eficacia, aínda que poida cometer erros esporádicos que provoquen a incompreensión, dos que adoita ser consciente e que pode corrixir.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

## **Obxectivos específicos**

- Facer declaracións públicas sobre asuntos comúns e máis específicos dentro do propio campo de interese ou especialización, cun grao de claridade, fluidez e espontaneidade.
- Facer presentacións claras e detalladas, de certa duración, e preparadas previamente, sobre unha ampla serie de asuntos explicando puntos de vista sobre un tema, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, mostrando as vantaxes e desvantaxes de varias opcións, desenvolvendo argumentos con claridade e ampliando e defendendo as súas ideas con aspectos complementarios e exemplos relevantes, así como responder a unha serie de preguntas complementarias da audiencia.
- Participar activamente en conversas e discusións informais cunha ou máis persoas interlocutoras, respondendo aos dos/as seus/súas interlocutores/as, facendo comentarios adecuados; expresando e defendendo con claridade e convicción e explicando e xustificando de maneira persuasiva as súas opinións, crenzas e proxectos; avaliando propostas alternativas; proporcionando explicacións, argumentos e comentarios adecuados; realizando hipóteses e respondendo a estas.
- Participar activa e adecuadamente en conversas, reunións, discusións e debates formais de carácter habitual, nos cales esboza un asunto ou un problema con claridade, especulando sobre as causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques, e en que ofrece, explica e defende as súas opinións e puntos de vista, avalía as propostas alternativas, formula hipóteses e responde a estas.
- Sintetizar e transmitirles oralmente a terceiras persoas a información e argumentos principais, así como os aspectos relevantes, recompilados de diversos textos escritos procedentes de distintas fontes.

## **Contidos**

O curso está deseñado por bloques abarcando temas distintos similares aos tratados nos niveis B2.1 e B2.2 na modalidade ordinaria.

En todas as sesións propoñeranse actividades e estratexias de interacción oral adaptadas ao nivel e contextualizadas dentro de cada un dos bloques temáticos para desenvolver a destreza oral, facendo por unha banda fincapé nos trazos fonéticos do inglés (para mellorar pronunciación e entoación) e por outra ofrecendo actividades para mellorar a fluidez, a corrección e a riqueza. Tamén se practicarán tarefas de mediación oral.

Poderanse utilizar audios, videos ou textos escritos cortos para presentar o tema. Co obxectivo de aumentar a riqueza léxica dos alumnos revisarase vocabulario específico de cada un dos bloques temáticos.

No caso de ter que levar a cabo sesións asíncronas, contabilizarase o tempo de traballo de preparación en casa do alumnado de presentacións ou outras tarefas similares ou a visualización e/ou lectura de materiais para preparar intervencións na aula de fronte ao cómputo temporal das mesmas. Poderase asignar ao alumnado a realización de audios ou de vídeos de maneira autónoma.

### **Avaliación**

Ao principio do obradoiro realizarase unha avaliación de diagnóstico no que se detecte o punto de partida de cada alumno. Esta avaliación consistirá en actividades na aula nas que a profesora monitorizará as actuacións de cada alumna/o. A profesora dará feedback ao grupo tanto individual como grupal.

En todas as sesións, os alumnos terán oportunidade de participar en conversas en parellas ou en debates co resto da clase mediante o “role play” e outras estratexias que animen á participación e que axuden ao alumnado a ter soltura e fluidez. A profesora dará feedback ao grupo tanto individual como grupal.

## **9.7. Obradoiro Expresión Oral C1**

Curso impartido por Ana Belén López Pérez.

### **Introdución**

Este obradoiro ten como finalidade ao alumnado de nivel C1 estratexias para comunicarse de maneira fluida e espontánea, sen apenas esforzo, demostrando un bo dominio dunha ampla variedade de lingua, cun uso flexible e efectivo da lingua para fins sociais, académicos e profesionais.

### **Duración**

Durante o curso 2023-24 este obradoiro impartirase en dúas ocasións: entre setembro e xaneiro e entre xaneiro e maio, coincidindo cos cuadrimestres dos cursos ordinarios. A duración de cada obradoiro é de 30 horas lectivas en sesión semanais presenciais de 2h.

## **Obxectivos xerais**

- Producir e co-producir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais complexos.

## **Obxectivos específicos**

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.

Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

## **Contidos**

O curso está deseñado por bloques abarcando temas distintos similares aos tratados nos niveis C1.1 e C1.2 en modalidade ordinaria.

En todas as sesións propoñeranse actividades e estratexias de interacción oral adaptadas ao nivel e contextualizadas dentro de cada un dos bloques temáticos para desenvolver a destreza oral, facendo por unha banda fincapé nos trazos fonéticos do inglés (para mellorar pronunciación e entoación) e por outra ofrecendo actividades para mellorar a fluidez, a corrección e a riqueza. Tamén se practicarán tarefas de mediación oral.

Poderanse utilizar audios, videos ou textos escritos cortos para presentar o tema. Co obxectivo de aumentar a riqueza léxica dos alumnos revisarase vocabulario específico de cada un dos bloques temáticos.

## **Avaliación**

Ao principio do obradoiro realizarase unha avaliación de diagnóstico no que se detecte o punto de partida de cada alumno. Esta avaliación consistirá en actividades na aula nas que a profesora monitorizará as actuacións de cada alumna/o. A profesora dará feedback ao grupo tanto individual come grupal.

En todas as sesións, os alumnos terán oportunidade de participar en conversas en parellas ou en debates co resto da clase mediante o “role play” e outras estratexias que animen á participación e que axuden ao alumnado a ter soltura e fluidez. A profesora dará feedback ao grupo tanto individual como grupal.

### Secuenciación dos temas do curso

Sesión	Tema
1	Course presentation.
2	Small Talk
3	City life
4	Art
5	Relationships
6	Environment
7	Free time
8	Work
9	Health
10	Travel
11	Media
12	Public speaking
13	Trends
14	Education
15	Culture and identity

### 9.8. Curso de inglés oral de B2

#### Competencias profesionais

##### Competencia profesional

Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras.

##### Subcompetencia profesional

Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.

#### Destinatarios

Ensinanza, familia, ciclo, curso ou materia

Educación Primaria e Secundaria

Corpos

Especialidades

-----

-----

**Modalidade**

(congreso, curso, encontros, xornadas)

CURSO X

Número de prazas previstas

**Formas de participación**

(presencial, en rede, mixta)

Presencial

Pódese repetir (si, non)

**Horas totais**

Actividades Presenciais (horas non presenciais máximo 30% do total, para actividades de 20 horas como mínimo)

Horas presenciais

60

presenciais

Horas non

Actividades en Rede (sesións presenciais máximo 20% do total, para actividades superiores a 30 horas)

Horas presenciais

presenciais

Horas non

Actividades Mixtas (sesión presencial mínimo 60% do total)

Horas presenciais

presenciais

Horas non

**Prerrequisitos**

Ter acadado o nivel B1 en inglés

**Obxectivos**

1	Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
2	Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
3	Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

**Contidos**

Temas de actualidade como: saúde e alimentación, ciencia e tecnoloxía, redes sociais, compras e actividades comerciais, cultura e actividades artísticas, economía, política e sociedade, identidade persoal, información e medios de comunicación, lecer e tempo libre, relacións persoais e sociais, traballo, educación, vivenda, viaxes e estadias no estranxeiro...

**Indicadores da eficacia da acción formativa**

Pequenos proxectos na aula, presentacións e participación nas actividades orais na aula

**Observacións (ás prazas, trimestre óptimo,...)**

Primeiro cuadrimestre

**9.9. Curso de inglés oral de C1**

**Título da actividade**

Inglés oral C1

**Competencias profesionais**

**Competencia profesional**

Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras.

**Subcompetencia profesional**

Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.

**Destinatarios**

Ensinanza, familia, ciclo, curso ou materia

Educación Primaria e Secundaria

Corpos

-----

Especialidades

-----

**Modalidade**

(congreso, curso, encontros, xornadas)

CURSO X

**Número de prazas previstas**

**Formas de participación**

(presencial, en rede, mixta)

Presencial

**Pódese repetir (si, non)**

**Horas totais ( ) (segundo modalidade)<sup>1\*</sup>**

Actividades Presenciais (horas non presenciais máximo 30% do total, para actividades de 20 horas como mínimo)

Horas  
presenciais

60

Horas non  
presenciais

Actividades en Rede (sesións presenciais máximo 20% do total, para actividades superiores a 30 horas)

Horas  
presenciais

Horas non  
presenciais

Actividades Mixtas (sesión presencial mínimo 60% do total)

Horas  
presenciais

Horas non  
presenciais

### Prerrequisitos

Ter acadado o nivel B2 en inglés

### Obxectivos

1	<b>Participar</b> en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
2	<b>Facer</b> declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
3	<b>Realizar</b> presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados.

### Contidos

O curso está deseñado por bloques abarcando temas distintos como: alimentación, ciencia e tecnoloxía, compras e actividades comerciais, cultura e actividades artísticas, economía e industria, goberno, política e sociedade, identidade persoal, información e medios de comunicación, lecer e tempo libre, relacións persoais e sociais, traballo e actividades profesionais, viaxes e estancias no estranxeiro.

### Indicadores da eficacia da acción formativa

Pequenos proxectos na aula, presentacións e participación nas actividades orais na aula

### Observacións (ás prazas, trimestre óptimo,...)

Primeiro cuadrimestre

## 10. METODOLOXÍA

---

As ensinanzas de linguas parten dun modelo de lingua que ten unha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase do **enfoque orientado á acción** que promulga o MECR e, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos no currículo, tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado.

Este enfoque metodolóxico posibilita que o alumnado se implique no proceso de aprendizaxe mediante tarefas deseñadas en función dos obxectivos fixados para as diferentes actividades de lingua, de xeito que permita a convivencia de distintos estilos de aprendizaxe.

A finalidade deste enfoque será a activación da variedade de procesos e habilidades necesarios para levar a cabo tarefas nas que se realizarán **actividades de comprensión, expresión, interacción, mediación e que englobarán todos os compoñentes curriculares** (os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación). Non se trata de ver nas aulas os distintos contidos de forma illada. Aínda que, por razóns estruturais, estes aparezan no currículo separadamente, terán que ser integrados na realización das diferentes tarefas e actividades, para preservar en todo momento o sentido comunicativo no proceso de ensino-aprendizaxe.

En liña con este enfoque está o **traballo por tarefas** na clase, que parte do profesorado implementa nas súas aulas. Segundo esta metodoloxía, o traballo na aula irá dirixido a que o alumnado adquira as competencias e coñecementos que lles permitan desenvolver unha tarefa final.

O/A alumno/a ten un **libro de texto** asignado. Sen embargo, o/a profesor/a poderá prescindir del e empregar materiais alternativos. Aínda que a existencia deste libro ofrece indubidables vantaxes ao profesorado e ao alumnado, de ningún xeito será o único material utilizado, xa que sempre hai contidos da programación que o texto non cobre, xa sexan gramaticais, léxicos ou fonéticos. O obxectivo primordial do/a profesor/a debe ser impartir todo o reflectido na programación para o curso de que se trate, e para iso organizará o tempo dispoñible e aportará cantos materiais complementarios sexan necesarios. As coordinacións xogarán un papel fundamental neste senso.

Considerando que a meta final é alcanzar a competencia correspondente a cada curso nas **actividades de lingua básicas**, a actividade da aula debe traballar todas elas, sobre todo atendendo aquelas que o alumnado non ten facilidade para practicar fóra da aula, é dicir, as de comprensión e expresión orais.

Cada estrutura nova que se presente abordárase tendo como instrumento e meta o uso das actividades (comprensión e produción e coprodución orais e escritas e mediación) dun modo integrador e significativo. A aprendizaxe será basicamente práctica, variada e flexible. Hai que evitar caer nas monótonas clases de gramática nas que o/a profesor/a monopoliza a atención e o control de toda actividade. Moi ao contrario, debe pretendese lograr a participación do alumnado propoñendo actividades baseadas na simulación de situacións reais, empregando materiais auténticos sempre que sexa posible, estimulando a adquisición de estratexias de aprendizaxe autónoma, autocorrección e autoavaliación.

Sobre todo nos primeiros estadios da aprendizaxe, débese ofrecer ao alumnado continuo reforzo positivo para así vencer o inhibitorio medo ao **erro**. As incorreccións son inherentes ao proceso de aprendizaxe dunha lingua estranxeira e han de integrarse como ferramenta útil para a revisión, a autocorrección e o reforzo. Os exercicios a estes niveis serán ao principio moi controlados e de natureza lúdica cando sexa posible, pasándose a actividades máis libres cando o alumnado adquira suficiente confianza.

As clases se impartirán na **lingua obxecto de estudo**, coa excepción da etapa inicial do primeiro curso, en que se fará unha introdución do inglés gradual e adaptada ao nivel do alumnado.



Ofreceráse ao alumnado **recursos, ferramentas e formas de aprendizaxe** variados coa fin de mellorar a adquisición das competencias básicas. Ademais, todo o profesorado terá o mesmo tipo de aula virtual, que é a proporcionada pola Consellería. O acceso á mesma está na páxina web da Escola. As aulas virtuais utilizaranse desde os primeiros días de clase como apoio ás clases presenciais e poderían substituír a actividade lectiva presencial se fora preciso.

Por outra banda, para axudar ó alumnado a desenvolver as súas habilidades no uso da lingua, o noso departamento ofrece **obradoiros** de expresión oral dos niveis B1, B2, C1.

A biblioteca leva a cabo un **programa de voluntariado** que inclúe a modalidade de participación: a aprendizaxe servizo, baseada na aprendizaxe cooperativa. O alumnado do departamento poderá adherirse a este programa, para poñer en práctica a lingua axudando a outras persoas na súa aprendizaxe. Formaranse grupos de aprendizaxe cooperativa.

Dada a natureza non obrigatoria dos estudos nunha EOI, debemos esforzarnos por ofrecer un ensino de calidade, que combine o rigor científico coa amenidade e o goce.

## 11. RECURSOS

---

No uso dos recursos destacará o feito de que estes sexan, na medida do posible, auténticos e se empreguen co fin de materializar situacións reais do uso da lingua.

A utilización de material creado explicitamente con fins didácticos, como por exemplo os libros de texto, responderá ás necesidades do proceso de aprendizaxe e non excluírá o uso de materiais auténticos.

### **Materials:**

O departamento de inglés da EOI de Lugo fai uso dos seguintes recursos materiais no proceso de ensino-aprendizaxe:

- Dispoñemos de encerados dixitais e un ordenador ou panel dixital en todas as aulas nos que están instalados os libros dixitais. Ademais nas nosas aulas facemos uso de fragmentos de documentos audiovisuais tanto os deseñados para o ensino de idiomas como os adaptados a partir de material real.
- Alumnado e profesorado teñen á súa disposición dicionarios, material de consulta ou de lectura, audiovisuais e outros na biblioteca.
- As TIC: O profesorado ten á súa disposición tabletas para usar na aula e un aula de informática con varios postos con ordenador con conexión a internet.
- O departamento está subscrito á revista SPEAK UP que ofrece material audiovisual e lecturas sobre temas de actualidade deseñados para o aprendizaxe do inglés.
- Os materiais de cada nivel creados ou recompilados polo departamento están almacenados nunha aula virtual accesible para o profesorado do nivel. Ademais, o profesorado terá un aula virtual compartida co seu alumnado.
- Existe libro de texto en todos os niveis. (Ver bibliografía no Anexo I)

### **Recursos humanos:**

O departamento está constituído por 15 profesores/as na EOI de Lugo, 2 en Sarria e 1 auxiliar de conversa:

<i>EOI de Lugo</i>		<i>Extensión de Sarria</i>
Ana Álvarez Meira	Elena Longo González	Antonio Iturralde Caballero
Rosario Carracedo Varela	Ana Belén López Pérez	Isabel Lorigados Díaz
Ana María Corredoira Loureiro	Jan Albin Muza Pieper	
Gema Fernández Bermúdez	Elia Pérez Pérez	
Ángeles Fernández Mouriz	Eva Piñeiro Janeiro	
Fátima Fugarolas López	Paula Sepúlveda Viera	
Teresa García Rodríguez		
Verónica Gaute Montes	<i>Auxiliar de conversa</i>	
María Lama Giménez	Blake Love	

### **Recursos físicos:**

A EOI de Lugo conta con 17 aulas dotadas de equipos informáticos, encerado dixital, canón e equipos de son. Ademais existe un espazo para a biblioteca ao servizo do alumnado.

O departamento de inglés conta cun pequeno espazo de traballo con 2 postos informáticos e estantes para almacenaxe de material. Ademais fai uso da sala de profesores/as na que tamén hai varios postos informáticos e unha impresora/escáner.

## **12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

É un principio que debe rexer todo o ensino para lle proporcionar ao alumnado unha educación adecuada ás súas características, necesidades, capacidades, motivacións e estilos de aprendizaxe. O departamento procurará, na medida en que o permitan os recursos, medidas flexibles que se adecúen ás diferenzas individuais na aprendizaxe.

A diversidade na EOI de Lugo maniféstase en función de factores sociais, culturais, xeográficos, económicos, étnicos, relixiosos... e, principalmente, nas propias capacidades da persoa, como poden ser as intelectuais, motrices ou sensoriais. O recoñecemento das diversidades existentes constitúen o punto do que o departamento de inglés parte para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado.

### **Contidos e metodoloxía.**

Na aula podemos atopar

- alumnado que avanza con diferentes ritmos.
- alumnado que pode realizar actividades pouco complexas.
- alumnado que pode realizar actividades máis complexas.
- alumnado con dificultades obxectivas de aprendizaxe.

Tendo isto en conta, o profesorado intentará realizar actividades variadas en dificultade e cando sexa posible, proporcionar e/ou suxerir actividades de reforzo para o alumnado que así o precise.

Para aqueles que aceden con máis celeridade ós obxectivos e necesiten levar a cabo outras tarefas para non perderen o interese na aprendizaxe do idioma idealmente proporcionaráselles e/ou suxeriráselles actividades de extensión, a busca de información no idioma meta que satisfaga un interese persoal por un eido específico, etc.

No caso de alumnado con dificultades obxectivas de aprendizaxe seguiranse as indicacións do informe elaborado polo equipo psico-pedagóxico correspondente para facilitar o proceso de aprendizaxe do alumnado. Principalmente adaptaranse os materiais e ofrecerase apoio na aula. Así mesmo, terase en conta a organización do espazo e do tempo na aula e a procura de estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Por último, terase en conta que na Escola os intereses e necesidades para avanzar no coñecemento e dominio da lingua estranxeira varían moito debido á tipoloxía do alumnado; por iso, selecciónanse tipos de textos diversos nos seus contidos e formatos, así como tarefas variadas.

### **Avaliación**

No que atinxe á adaptación de probas obxectivas para o alumnado con discapacidade, o profesorado titor do/a alumno/a, contando coa colaboración da xefatura de departamento e a persoa coordinadora de nivel correspondente, elaborará a adaptación necesaria seguindo as indicacións do informe elaborado polo equipo psico-pedagóxico correspondente.

## **13. AVALIACIÓN**

---

As probas de avaliación e certificación do idioma se guiarán polo disposto na RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de Galicia no curso 2023/24.

Os seguintes apartados serán de aplicación nos cursos de ensinanza presencial. No caso do alumnado libre, cursos CALC e ós módulos terminais de nivel da modalidade a distancia de *That's English!* só será de aplicación o referido á avaliación final dos cursos de certificación. Para o resto de módulos véxase sección 8 desta programación.

### **13.1. Cursos de promoción**

Considéranse cursos de promoción o A1, B2.1 e o C1.1.

## **A. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

### **Avaliación inicial**

Ao inicio de cada curso, o profesorado realizará unha **avaliación inicial** ou de diagnóstico do alumnado que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

A avaliación do grao de dominio das diferentes actividades de lingua ó longo do curso realizarase mediante as probas que se establecen a continuación:

### **Avaliación formativa**

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha

proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261).

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

### **Avaliación de progreso**

Nos cursos de ensinanza presencial e semipresencial, haberá unha avaliación de progreso antes de que remate o primeiro cuadrimestre. O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica. Ao remate do primeiro cuadrimestre, entregarase a cada alumno/a un informe por escrito.

### **Avaliación final de promoción**

No mes de maio e/ou xuño celebrarase unha **proba final de promoción** nos cursos anuais non terminais de nivel. O valor desta proba será do 100%. Poderase engadir unha valoración positiva á cualificación total que non superará o 10%. Para isto, terase en conta o rendemento do alumnado ao longo do curso: a asistencia a clase, a participación na aula e a entrega de traballos.

### **Convocatoria extraordinaria**

O alumnado oficial non apto na convocatoria ordinaria de maio/xuño terá a posibilidade de recuperar as actividades de lingua suspensas. O alumnado non apto deberá examinarse de tódalas actividades de lingua non superadas. Esta proba terá un valor do 100% para todo o alumnado.

## **B. BAREMO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS FINAIS:**

- Para o nivel A1, a puntuación total da proba será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.
- Para os niveis B2.1 e C1.1, a puntuación total da proba será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.

Para a avaliación das partes de produción e coprodución oral e escrita e mediación, vanse utilizar as táboas de baremación elaboradas pola Administración para todas as EEOOII de Galicia.

### 13.2 Cursos de certificación

Considéranse cursos de certificación o A2, B1, B2.2, C1.2, C2 ademais das probas de Certificación de Básico A2, Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 e C2 para o alumnado libre, CALC e CUALE.

Para a modalidade a distancia do programa *That's English!* (módulos A2.4, B1.2, B2.4 e C1.2) só será de aplicación o referido ás probas finais da convocatoria ordinaria e extraordinaria.

## A. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

### Avaliación inicial

Ao inicio de cada curso, o profesorado realizará unha **avaliación inicial** ou de diagnóstico do alumnado que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

A avaliación do grao de dominio das diferentes actividades de lingua ó longo do curso realizarase mediante as probas que se establecen a continuación:

### Avaliación formativa

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261).

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

### Avaliación de progreso

Nos cursos de ensinanza presencial e semipresencial, haberá unha avaliación de progreso antes de que remate o primeiro cuadrimestre. O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica. Ao remate do primeiro cuadrimestre, entregárase a cada alumno/a un informe por escrito.

### Avaliación final de certificación

- Haberá unha proba en convocatoria ordinaria que será común a todas as modalidades e réximes de ensino (libre e oficial, a distancia, semipresencial e presencial, CALC e CUALE). Esta proba será convocada seguindo as directrices da administración.

## Convocatoria extraordinaria

Haberá unha convocatoria extraordinaria para o alumnado oficial, CALC, CUALE e de *That's English*.

O alumnado non apto na convocatoria ordinaria terá a posibilidade de recuperar as actividades de lingua non superadas en xuño.

## B. BAREMO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS FINAIS DE CERTIFICACIÓN:

- Na avaliación e cualificación das probas de certificación tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada nivel e actividade de lingua nos currículos que figuran no Decreto 81/2018 e no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, así como os principios comúns de avaliación establecidos no Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro.
- Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, este desenvolverase de acordo coas directrices que establece a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación.
- A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto", "Non apto" ou "Non presentado", segundo corresponda.
- A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado do réxime oficial que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.
- Para o nivel básico A2, a puntuación total da proba de certificación será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.
- Para os niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.  
O alumnado que non acadar o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

### 13.3 Estrutura e contido das probas

#### Probas de promoción dos cursos anuais e de certificación:

As probas estruturaránse seguindo as instrucións da Consellería de Educación.

### 13.4 Administración das probas

- Tanto as probas parciais de progreso como as finais de promoción serán elaboradas, administradas e corrixiadas polo profesorado da EOI de Lugo, salvo orde diferente por parte da Consellería. Serán corrixiadas polo profesor ou profesora titular.

- Para as probas de certificación seguiranse as instrucións da consellería.
- Nas probas finais a parte de expresión oral será gravada.

### **A. PROBAS DE PROMOCIÓN:**

As probas escritas terán lugar nunha única sesión, cuxa duración e orde determinará cada coordinación. A proba de expresión oral terá lugar en quenda de mañá e/ou tarde, segundo as necesidades do departamento, e serán avaliadas por un tribunal, que gravará ao alumnado. A convocatoria da proba oral será organizada a criterio do profesorado titor tendo en conta as necesidades de organización da proba oral.

### **B. PROBAS DE CERTIFICACIÓN:**

- As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturaránse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.
- As probas correspondentes aos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos orais, comprensión de textos escritos, produción e coprodución de textos escritos, e mediación.

A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaránse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

Desta forma, a actividade de mediación e as actividades de produción e coprodución, que se administrarán, con carácter xeral, conxuntamente, poderán extraerse para seren administradas por separado, se for preciso. En todo caso, cada unha das cinco actividades avaliarase de xeito independente.

A cualificación da produción, coprodución e mediación oral e produción, coprodución e mediación escrita do nivel básico A2 será realizada por tribunais que estarán formados polo menos por dous membros do Departamento de Inglés.

A cualificación da produción e coprodución de textos orais, produción e coprodución de textos escritos, e mediación dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 será realizada por tribunais que estarán formados polo menos por dous membros do Departamento de Inglés.

### **C. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**

As probas escritas terán lugar nunha única sesión. A proba de expresión oral terá lugar en quenda de mañá e/ou tarde, segundo necesidades do departamento. Se ben a intención do departamento será que sexa un tribunal o que avalíe as probas de expresión oral, isto dependerá dos recursos humanos con que se conten. No caso de non estaren presentes todos os membros de departamento, ou de non recibir o profesorado de reforzo que se solicite á consellería, as expresións orais dos niveis A1, B2.1, C1.1 e as recuperacións dos módulos non terminais de *That's English* poderán ser avaliadas por un só membro do departamento.

#### **13.5 Autoavaliación.**

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de vulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a

aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen para adaptar, se é o caso, o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Podemos identificar diferentes elementos avaliábeis partindo do proceso ensino-aprendizaxe. Estes elementos non son máis que a composición do propio proxecto curricular, se ben esta análise terá que ser feita dende unha perspectiva práctica tendo en conta que metas se presentan, arredor de que contidos xira, que medidas de intervención didáctica se presupoñen, que materiais e recursos didácticos se utilizaron, que sistemas de avaliación se aplicaron e a funcionalidade procedural xeralmente empregada.

### **Avaliación dos contidos**

- Se concretan os obxectivos propostos
- Se se adaptan ao currículo vixente.
- Se amosan unha lóxica interna.
- Se inclúen autoavaliación do estudante (nas súas propias metas)

### **Avaliación do conxunto da experiencia educativa**

- Se a súa estrutura permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.
- Se a súa estrutura e oferta permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requirimentos, propostas e ideas do alumnado.
- Se ten en conta o proceso de autoavaliación e autoaprendizaxe do alumnado.
- Se permite a adquisición de aprendizaxe instrumental por parte do alumnado.

### **Avaliación dos recursos didácticos**

- Se apoian a interacción entre o alumnado e entre profesorado-alumnado.
- Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fin didácticos do tipo de trípticos, periódicos, etc.
- Se os recursos son útiles para o desenvolvemento dos contidos e acadamento dos obxectivos.
- Se permiten o exercitamento de diferentes formas de expresións.
- Se son atractivos na presentación dos temas.
- Se estimulan as diferentes formas receptivas.
- Se son adecuados para o seu uso creativo.
- Se estimulan a participación activa do alumnado, a súa creatividade, autonomía e socialización.
- Se o alumnado participa dalgún xeito na súa escolloa.
- Para analizar estes aspectos, a programación didáctica estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación didáctica á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posíbel ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se considere oportuno.



- Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:
- 1. Reunións de coordinación. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, permitindo adaptala ás necesidades do alumnado e facendo os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.
- 2 Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos a reformar que se consignent na memoria serán tidos en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.
- 3. Estatísticas. Despois de feita a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto ao número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica.

### 13.6 Avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento realizarase de forma continuada ao longo do curso co obxectivo de garantir o seu correcto funcionamento, o traballo coordinado dos seus integrantes, a calidade docente e a satisfacción do alumnado. Isto farase mediante a observación para detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados; a reflexión entre todo o profesorado nas reunións de departamento, nas reunións de coordinación e na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP); e tamén a través dunha enquisa anónima e breve para avaliar of funcionamento do departamento durante o ano académico. As conclusións reflectiranse na memoria final do departamento, que recollerá os aspectos a mellorar ou cambiar para o próximo curso.

#### **Como podemos mellorar o noso departamento?**

Como valoras os seguintes aspectos do departamento de inglés do 1-5? Como pode mellorar?

1. Actividades culturais
2. Recursos didácticos
3. Reunións de departamento
4. Reunións de coordinación
5. Aulas virtuais das coordinacións
6. Procesos de estandarización
7. Organización das probas libres e finais de xuño
8. Comunicación coa xefa de departamento
9. Outros:

## 14. AUXILIAR DE CONVERSA

---

Durante o presente curso, o auxiliar de conversa é Blake Love, quen ten unha permanencia no centro de 16 horas semanais.

Dado que o departamento conta con demasiados grupos para que os poda atender debidamente, o departamento decide dividir o seu horario en tres períodos de aproximadamente tres meses, podendo así ter sesións de 30 ou 45 minutos con cada grupo.

Alén disto, o auxiliar conta con horas de permanencia no centro para a preparación das actividades que levará a cabo nas sesións co alumnado.

O seu labor consistirá en manterse en permanente contacto co profesorado do nivel, que lle dará orientacións sobre os temas a tratar e o tipo de actividades a realizar, e traballar co profesorado para por en práctica esas actividades co alumnado correspondente.

O horario do auxiliar de conversa figura no Anexo III desta programación.

## 15. ACTIVIDADES CULTURAIS

---

Para promocionar a cultura dos países de fala inglesa, durante o presente curso académico o departamento poderá organizar algunhas das seguintes actividades culturais:

- Celebración de festividades en clase
- Proxeccións
- Presentacións, charlas, obradoiros, concertos ou teatro.
- Clubs de lectura e club de cine
- Concursos
- Excursións
- Viaxe a Londres do 10-15 de febreiro con 2 profesoras acompañantes.

Na extensión de Sarria, se conmemorarán ao longo do ano diversas datas salientables coma *Halloween*, *Nadal*, *St Patrick's Day*, *Peace Day* e *Women's Day*, a través de actividades nas aulas físicas ou virtuais.

Ademais celebrarase a 2ª Xuntanza escolar: "School Mingle" en outono con doces etiquetados e explicados en inglés, música, mocktails, flea market e bingo en inglés; posible reedición do concurso de recensións; roteiro guiado en inglés por Sarria e arredores; e charla coloquio con camiñantes estranxeiros a Compostela en inglés.

## 16. PLAN ANUAL DE LECTURA

---

Consideramos de gran importancia que o alumnado adquira o gusto pola lectura en lingua inglesa non só co obxectivo de mellorar as súas competencias lingüísticas, senón tamén para entrar en contacto coas diversas culturas do mundo de fala inglesa. O departamento elaborou unha lista de lecturas recomendadas para cada nivel, co fin de que o alumnado lea polo menos un libro en lingua inglesa durante cada curso.






Creemos que o alumnado debe adquirir o costume de ler libros en inglés dunha maneira natural, insistindo en eliminar o proceso natural de tradución que eles fan cando se confrontan con un libro nunha lingua que non é a lingua nai. Co fin de evitar este proceso, os libros de lectura recomendados para cada nivel serán escollidos dun nivel axeitado ós coñecementos do alumnado, sempre tentando que a lectura do mesmo lle resulte máis fácil que difícil. Para favorecer un achegamento de forma lúdica á lectura en inglés, promoverase a participación do alumnado nos clubs de lectura organizados polo equipo de biblioteca.





